

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE AGOSTO DE

1997.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Luis Mallo González

D. Manuel Tallón Rego

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Cea Ferreiro

D. Manuel J.L. Pereira Suárez

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Julio Gacio Tarrío

D. Martín J. Noriega Romaguera

D. Mariano Sinde Pereiro

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Pedro R. del Árbol Amo

D. Antonio Seoane Blanco

D. Xosé Luis Otero Cepeda

Secretario:

D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a dezanove de agosto de mil novecentos noventa e sete.--

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de dezaseis dos seus membros, sendo o número legal o de dezasete, a fin de celebra-la sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. José Manuel Neira Picallo.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose de seguido a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. - O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que no punto 3, onde di "... viu na prensa que a empresa estaba funcionando..." debe dicir "... viu que a empresa estaba funcionando..."-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez realizada a corrección proposta, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- COMPRA DUNHA LEIRA EN OZA. - Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para compra dunha leira situada na parroquia de Oza, propiedade de D^a María Teresa Bértoa García, que se describe así:-----

"Toxeira 'Agro de xunto o Cemiterio', que mide dezaioito áreas e sesenta e tres centíareas. Linda: Norte, con aparcamento e parte posterior dos panteóns do cemiterio católico, muro de cerre do cemiterio da igrexa evanxélica e terreo de acceso a este; Sul, termina en punta entre a estrada e o camiño; Leste, estrada de Portoameneiro a Teo; e Oeste, camiño público de Agoso a Hermida."-----

O Sr. Alcalde manifesta que a propietaria da leira ofértaa no prezo de dous millóns cincocentas mil pesetas, facendo reserva do arbolado existente na finca, o cal retirará no prazo que lle sinala o concello, e fai constar que a causa da compra é a necesidade de doutar ó cemiterio de Oza dun aparcamento, que os veciños da parroquia queren ter aparcamento no cemiterio e que o sentir do equipo de goberno é face-lo posible para compracelos neste tema, para ben deles, como

tamén se están facendo xestións para cambiar unha leira onda o cemiterio de Cacheiras, para facer aparcamento (xa que xurden problemas cos coches cada vez que hai enterros) e en Vilaríño, onde algúns veciños dan os terreos para amplia-lo campo de festas, polo que non hai que compra- los, aínda que si hai que facer un muro de contén e outras obras, e que se seguirá con actuacións deste tipo onde a corporación vexa que son necesarias para ben dos veciños.-----

O Sr. Secretario manifesta que a Comisión de Facenda informou favorablemente este expediente.-----

O Sr. Otero Cepeda maniféstase de acordo coa compra da finca, aínda que o prezo lle parece alto.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo está tamén de acordo coa compra, pero di que non viu ningún escrito dos veciños solicitando o aparcadoiro. O Sr. Alcalde respóndelle que non hai ningún escrito porque foi unha petición verbal da Asociación de Veciños. O Sr. Parajó Liñares manifesta que cre que este expediente foi tramitado a raíz de que o concello lle vendera leiras dos Verxeles a un dos Tilos, e para palia-lo impacto que lle causou isto ó concelleiro Sr. Pereira. Segue dicindo que a leira lle parece cara, pero que o seu grupo votará a favor da compra. O Sr. Alcalde respóndelle que non se venderon as leiras dos Verxeles, senón que se cambiou por unha dos Tilos, e que as leiras dos Verxeles non eran masas comúns, senón terreos provenientes do aproveitamento medio da urbanización.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que tamén ó seu grupo lle parece cara a leira, pensa que é un prezo oportunista, pero manifesta que votará a favor neste asunto.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Adquirir-la finca antes descrita, de Dª María Teresa Bértoa García, no prezo de dous millóns cincocentas mil pesetas, reservándose a propiedade as árbores existentes na leira.-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

3.- NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ.- A continuación dáse conta do expediente que se tramita para a provisión da praza de Xuíz de Paz titular deste concello, para a que presentaron solicitudes D. Antonio Pablo de la Cruz Martínez Varela, D. Jesús Naveira Pequeno, Dª Yolanda Contreras Álvarez e Dª Francisca Talegón Alonso.-----

O Sr. Secretario manifesta que a Comisión de Réxime Interno e Persoal acordou propoñerlle ó pleno que nomee ó candidato D. Jesús Naveira Pequeno.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que na sesión da Comisión Informativa estivo de acordo con propoñer ó Sr. Naveira Pequeno en atención a que vive neste concello desde sempre, polo que coñece ben o sitio e a xente e porque xa ten experiencia no cargo, pero que despois se enteirou de que ese candidato apoiou a un determinado partido político na campaña electoral das eleccións municipais, o que non lle parece correcto, xa que cre que o Xuíz de Paz debería ser politicamente neutral, polo que se absterá de votar neste asunto.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o Sr. Seoane Blanco, concelleiro do PSdeG-PSOE que assistiu á sesión da Comisión Informativa, non estaba en principio en desacordo co nomeamento do Sr. Naveira, pero que despois se enteiraron tamén de que nas eleccións municipais ese señor fixo campaña, incluso porta por porta, a favor do P.P., o que non lle parece correcto nun Xuíz de Paz, polo que o seu grupo votará ó candidato D. Antonio Pablo de la Cruz Martínez Varela.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo votará a favor do candidato Sr. Naveira, e que, en todo caso, este tome nota de cara ás súas futuras actuacións políticas.-----

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo, respectando a documentación e coñecementos de tódolos aspirantes, votará ó Sr. Naveira por levar vinte anos desempeñando o cargo de Xuíz de Paz, por coñece-lo concello e por estar disposto para tódolos veciños a calquera hora, como o leva demostrando ó longo de todos estes anos.-----

A continuación celebrouse a votación, obtendo cada un os seguintes votos:-----

D. Antonio Pablo de la Cruz Martínez Varela: tres votos.-----

D. Jesús Naveira Pequeno: doce votos.-----
D^a Yolanda Contreras Álvarez: cero votos.-----
D^a Francisca Talegón Alonso: cero votos.-----
Abstencións: unha.-----
Quedando polo tanto nomeado Xuíz de Paz titular deste concello o candidato D. Jesús Naveira Pequeno.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as dez horas e quince minutos, estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 1997.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Luis Mallo González
D. Manuel Tallón Rego
D. Antonio Castroagudín Valladares
D. Mario Fandiño Pazos
D. Ramón Cea Ferreiro
D. Manuel J.L. Pereira Suárez
D. Manuel R. Cajaraville Campos
D. Manuel Mata Iglesias
D. Julio Gacio Tarrío
D. Martín J. Noriega Romaguera
D. Mariano Sinde Pereiro
D. F. Manuel Parajó Liñares
D. Pedro R. del Árbol Amo
D. Antonio Seoane Blanco
D. Xosé Luis Otero Cepeda

Secretario:

D^a Rosa Parajó Liñares.

-

Na casa do concello de Teo, a doce de setembro de mil novecentos noventa e sete.

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de dezaseis dos seus membros, sendo o número legal o de dezasete, a fin de celebra-la sesión extraordinaria convocada para este día.

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. José Manuel Neira Picallo.

Asiste como Secretaria D^a Rosa Parajó Liñares, por ausencia do da Corporación, D. Jaime Bascoy Liste.

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día dá conta de escritos dirixidos polo concelleiro Sr. Tallón á Alcaldía e á Corporación municipal, con data 10-9-97, nos que se dá de baixa nas funcións que viña desenrolando como Tenente de Alcalde, membro da Comisión de Goberno e presidente da

Comisión informativa Especial de Contas, manifestando que, a consecuencia dos citados escritos, dictou con data 11-9-97 Decretos cesando ó Sr. Tallón nos referidos cargos. Manifesta tamén que corresponde ó portavoz do grupo político cesalo e nomear novos titulares para as vocalías e suplencias das comisións informativas, segundo o Regulamento Orgánico municipal, o que non se puido facer debido ó curto espacio de tempo transcorrido desde a presentación dos escritos do Sr. Tallón, así como tampouco se puido constituír polo mesmo motivo o grupo mixto, polo que se dará conta destes extremos ó pleno nunha sesión posterior.

A Corporación dáse por enteirada.

Seguidamente pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual. O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aprobalo tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.

2.- CONTA XERAL DO PRESUPOSTO -1996.- O Sr. Alcalde manifesta que, segundo consta na convocatoria, debe procederse ó exame e aprobación, de se-lo caso, da Conta Xeral do presuposto ordinario deste concello, correspondente ó exercicio económico de 1996. Para estes efectos están sobre a mesa tódolos xustificantes e documentos esixidos polas disposicións legais vixentes.-----

Dada lectura ós resultados da Conta que se somete a debate e ó informe da Comisión Especial de Contas, emitido en sentido favorable, o Sr. Secretario fai constar que se cumpriron os trámites de exposición pública, informes regulamentarios e demais requisitos esixidos pola Lei.--

O Sr. Presidente invita ós Sres. concelleiros a que formulen as obxeccións ou reparos que estimen convenientes e que soliciten, se o consideran preciso, os documentos que crean necesarios dos que contén a Conta presentada.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que hai cousas na conta xeral que non están claras para el, polo que a súa postura será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que a postura do seu grupo será tamén a abstención neste asunto.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que hai facturas que engloban varios conceptos que non se desglosan, e algunhas mesmo non din onde é a obra ou para onde se subministraron os materiais, co que non está de acordo, polo que o seu grupo votará en contra da aprobación desta conta, e fai constar que se reserva o dereito de pedir unha auditoría para a revisión destas contas.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que non se especifica desglose de gastos por obras en cada pago, polo se absterá de votar neste asunto.-----

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo está a favor da aprobación da conta xeral, e fai constar que non quixo interromper ó Sr. Tallón durante a súa exposición, pero que nos seguintes asuntos terá dereito a votar, pero non a participar no debate, xa que aínda non está constituído o grupo mixto.-----

Debatido suficientemente o asunto procedeuse á votación, resultando, por oito votos a favor, tres en contra e cinco abstencións, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, aprobada a antedita Conta Xeral, o resume da cal é o seguinte:-----

Existencia en 31-12-95.....	42.639.842 pts.
Ingresos líquidos realizados no exercicio.....	424.540.712 pts.
Obrigas satisfeitas durante o mesmo.....	443.967.362 pts.
DIFERENCIA OU EXISTENCIA EN CAIXA	23.213.192 pts.
Cantidades pendentes de ingreso.....	25.287.241 pts.
Cantidades pendentes de pago.....	37.626.872 pts.

Resultando, polo tanto, un superávit de pesetas DEZ MILLÓNS OITOCENTAS SETENTA E TRES MIL CINCOCENTAS SESENTA E UNHA PESETAS.-----

No mesmo acto, e tamén por oito votos a favor, tres en contra e cinco abstencións, o pleno acorda facultar ó Sr. Alcalde-Presidente do concello para continua-los demais trámites do expediente.-----

3.- CALENDARIO DE FESTAS LOCAIS-1998.- Visto escrito da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de data 18-08-97, no que solicita deste concello se sinalen os días do vindeiro ano que terán carácter de festas locais, retribuídos e non recuperables, o pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda fixar como festas locais deste concello para o ano 1998, retribuídos e non recuperables, os días -----

- 21 de maio, festividade da Ascensión, e -----
- 11 de novembro, día de San Martiño.-----

Para o caso de que algún destes días puidese coincidir con algunha outra festividade, sinálase como terceiro día, para suplencia, o 24 de febreiro, martes de antroido.-----

4.- AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E TRANSPORTE ESCOLAR .-----

a) AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO.- Visto o expediente que se tramita para concesión de axudas para libros de texto, o Sr. Otero Cepeda manifesta que non lle gusta esta forma de conceder axudas, xa que estas deberían concederse por maior importe e soamente á xente que as necesita de verdade, e tamén que habería que exercer un control para comprobar que efectivamente gastan os cartos nos libros dos nenos, xa que nalgúns casos non é así, polo que a súa postura neste asunto será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que, igual que en anos anteriores, a postura do seu grupo é que se lle debería dar axudas para libros e para transporte a tódolos solicitantes que teñan ingresos anuais de menos de 2.000.000 pts., e expresa o malestar que lle produce ó seu equipo o feito de que se consignen para estes gastos as mesmas cantidades que o ano pasado, a pesar de que o presuposto municipal é máis alto. Di tamén que non lle gustou que o ano pasado se convocase á xente ó concello para entregárlle-lo diñeiro en man, xa que lle parece unha forma de utiliza-las becas para facer propaganda do PP. Anuncia que a postura do seu grupo é favorable á concesión de becas, pero opina que a gratuidade dos libros de texto debería ser competencia da Xunta, non do concello, polo que votará en contra deste asunto.-----

O Sr. Gacio Tarrío opina que se debeu aumenta-la consignación desta partida, como aumentou o presuposto municipal, e pensa que se deben outorgar becas de maior contía aínda que se manteña o número delas; pide que se aumente a contía das axudas e manifesta que, de non facerse así, o seu grupo votará en contra neste asunto.-----

O Sr. Alcalde manifesta que a postura do seu grupo é favorable á aprobación das bases que figuran no expediente.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que a súa postura será a abstención.-----

O pleno do concello, por oito votos a favor, seis en contra e dúas abstencións, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, acorda:-----

1º.- Convocar 50 axudas de 12.000 pts. para educación infantil, 100 axudas de 15.000 pts. para educación primaria e EXB e 50 axudas de 24.000 pts. para FP, ESO, BUP, COU, bacharelato tecnolóxico e estudos superiores, segundo as bases que figuran no expediente.-----

2º.- Que a concesión de cada axuda sexa resolta pola Comisión de Educación, Xuventude e Deportes co informe da asistente social.-----

b) AXUDAS PARA TRANSPORTE.- O pleno do concello, por oito votos a favor, seis en contra e dúas abstencións, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, acorda conceder axudas para transporte escolar (bono-bus) nas mesmas condicións baixo as que se concederon para o curso 1996-97.-----

5.- CONTRATACIÓN OBRAS AFORRO ENERXÉTICO.- Dada conta do expediente que se tramita para a contratación de obras para aforro enerxético, por importe de 18.000.000 pts., e lida a proposta da Alcaldía que consta nel, o Sr. Otero Cepeda manifesta que supón que a memoria que consta no expediente está baseada nun estudio serio, como é a auditoría enerxética feita no concello, e que espera que estas obras aforren máis do que custan, polo que votará a favor neste asunto.-----

O Sr. Parajó Liñares maniféstase a favor da realización destas obras, e di que fai un ano presentou no concello un escrito no que daba orientacións sobre aforro enerxético. Manifesta que está a favor desta forma de aforrar enerxía, xa que o concello gasta sobre 60 millóns de pesetas anuais en electricidade para alumados públicos; pide que se fagan ben as cousas para que non haxa problemas despóis, e manifesta que o seu grupo votará a favor neste asunto.-----

O Sr. Gacio Tarrío maniféstase a favor do aforro enerxético, e di que non sabe que tipo de documento se tomou como base; opina que non está claro o financiamento destas obras e pide que se estudie, xa que sabe que algún concello limítrofe, como Ames, pagáballe á empresa unha parte da obra e a outra parte íaa cobrando a empresa do que se ía aforrando en enerxía; di que non sabe se ese concello o segue facendo así, pero que o fixo durante un tempo, e parécelle unha boa medida para que a empresa faga mellor as obras, xa que canto máis se aforre máis cobra mensualmente, pero que hai que ter un control, xa que a empresa case deixaba á xente sen luz para poder cobrar máis. O Sr. Alcalde respóndelle que consultou iso, e son outro tipo de actuacións de aforro enerxético, e que ten en estudio unha proposta, dunha empresa de Madrid que se chama CONTRIBER, que fai obras dese tipo. O Sr. Gacio Tarrío anuncia que o seu grupo votará a favor neste asunto.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que tamén votará a favor neste asunto.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Proceder á contratación dos traballos de aforro enerxético (actuación correspondente ó ano 1997) segundo a memoria que consta no expediente, mediante o sistema de concurso aberto, de acordo co prego de condicións aprobado polo pleno deste concello.-----

2º.- Establece-los criterios de valoración das ofertas que se presenten, puntuándose, sobre un máximo de 100 puntos, consonte o seguinte baremo:-----

- Melloras ofrecidas e maior número de obras ofertadas sobre as establecidas no proxecto: ata un máximo de 50 puntos.-----

- Número de obras de similares características realizadas para o concello nos últimos cinco anos: ata un máximo de 20 puntos.-----

- Maior solvencia, estimada segundo os informes, referencias e probas obxectivas: ata un máximo de 15 puntos.-----

- Mellor prezo: ata un máximo de 5 puntos.-----

O órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes ou alternativas que ofrezan os licitadores cando respondan a requisitos e modalidades da súa presentación conformes co proxecto e os pregos de cláusulas particulares.-----

3º.- Atribuír á Alcaldía a competencia como órgano de contratación; a este órgano elevará a mesa de contratación as súas consideracións.-----

6.- INCLUSIÓN DUNHA FINCA NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO .-

Dada conta do expediente que se tramita para inclusión no inventario de bens deste concello da finca "Cancela da Granxa de Agüeiros", permutada a D^a Josefina Gallego Montes, a Secretaria manifesta que se trata da finca cedida para o cemiterio de Luou, e que antes de ser formalizada a cesión o pleno debe acorda-la inclusión da finca no inventario de bens municipais.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que apraza a súa intervención ata ter escoitado o parecer do resto dos grupos municipais.-----

O Sr. Parajó Liñares opina que o tema do cemiterio de Luou é un asunto que lle vai estalar nas mans ó Sr. Alcalde; este respóndelle que nunca se meteu nin quere meterse no tema do cemiterio de Luou, xa que é algo que compete ós veciños. O Sr. Parajó Liñares dille que non el directamente, pero si xente mediatizada por el e que fan o que el lles di, ou polo menos ese é o sentir da parroquia; manifesta que o seu grupo seguirá neste tema as directrices que marquen os Sres. Tallón Rego e Sinde Pereiro; o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Tallón non pode intervir no debate porque aínda non hai grupo mixto e o Sr. Sinde Pereiro tampouco, porque non é portavoz

de ningún grupo; o Sr. Parajó Liñares dille que si poden falar, se hai vontade da Alcaldía, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, porque non é legal. O Sr. Parajó Liñares manifesta que, neste caso, o seu grupo votará en contra da inclusión da finca do cemiterio de Luou no inventario de bens do concello.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta como está de prazos ese expediente, xa que ten que pasar un ano entre a formalización da permuta e a inscrición rexistral desta; a Secretaria respóndelle que o pleno acordou a permuta en decembro de 1995, a escritura notarial ten data 29-20-96, a inscrición rexistral é de data 13-5-97 e a dilixencia de publicación do edicto é de 21-7-97. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que non ten claro que se estean cumprindo os prazos, xa que a Rexistradora pode ordena-la inscrición provisional, e que por este motivo o seu grupo votará en contra neste asunto.-----

O Sr. Alcalde manifesta que cre que o expediente está correctamente tramitado en canto ó cumprimento de prazos, xa que se non o Secretario municipal non o deixaría levar ó pleno.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que cría que o Sr. Alcalde lle ía da-la palabra ós Sres. Sinde Pereiro e Tallón Rego, e fai constar que o Sr. Alcalde está equivocado, que non é ilegal que falen no pleno se o Sr. Alcalde os autoriza, e que votará en contra neste asunto porque non ten oportunidade de oír-la opinión dos dous concelleiros de Luou.-----

O Sr. Parajó Liñares pide que comece a votación polo grupo mixto, e o Sr. Alcalde repítelle que aínda non hai grupo mixto; o Sr. Parajó Liñares cre que non deixar falar ós concelleiros de Luou é unha postura equivocada do Sr. Alcalde.-----

Levada a cabo a votación, obtéñese un resultado de oito votos a favor e oito en contra (empate), polo que se procede a unha segunda votación, esta vez nominal, co seguinte resultado:-----

Tallón Rego, D. Manuel: En contra.-----

Sinde Pereiro, D. Mariano: En contra.-----

Seoane Blanco, D. Antonio: En contra.-----

Pereira Suárez, D. Manuel José Luis: A favor.-----

Parajó Liñares, D. Florencio Manuel: En contra.-----

Otero Cepeda, D. Xosé Luis: En contra.-----

Noriega Romaguera, D. Martín José: En contra.-----

Mata Iglesias, D. Manuel: A favor.-----

Mallo González, D. José Luis: A favor.-----

Gacio Tarrío, D. Julio: En contra.-----

Fandiño Pazos, D. Mario: A favor.-----

Cea Ferreiro, D. Ramón: A favor.-----

Castroagudín Valladares, D. Antonio: A favor.-----

Cajaraville Campos, D. Manuel Roberto: A favor.-----

Blanco Martínez, D. Armando: A favor.-----

Árbol Amo, D. Pedro Rafael del: En contra.-----

O Sr. Alcalde anuncia que, por existir novamente empate, decide o seu voto de calidade.-

O pleno do concello, por oito votos a favor e oito en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, e exercendo o Sr. Alcalde o voto de calidade, acorda incluír no inventario de bens do concello a finca "Cancela da Granxa de Agüeiros", permutada a D^a Josefina Gallego Montes, facultando ó Sr. Alcalde-Presidente do concello para continua-los demais trámites do expediente.-----

7.- EMISORA DE TELEVISIÓN.- Dada conta do expediente que se tramita para doutar a este concello dunha emisora de televisión, e lidos a proposta da Alcaldía e o dictame da Comisión, o Sr. Alcalde manifesta que para instalar unha emisora de radio cómpre crear unha

fundación ou un padroado, o que non é necesario para a emisora de televisión, e di que a programación será case toda a base de informativos, programas culturais, etc. e que, se se acepta a proposta da Alcaldía, se mirarán tódalas propostas que se presenten e se elixirá a máis conveniente.-

O Sr. Otero Cepeda manifesta que defende a creación dunha emisora de radio municipal e que tamén está a favor da instalación dunha emisora de televisión, pero que a proposta formulada trata de darlle ó Alcalde poder absoluto para face-la televisión que el queira, co que non está de acordo. Di que a lei obriga ás emisoras de radio a ser constituídas por un colectivo que impoña o estilo e a programación democraticamente, e que tamén TVE e TVG, como medios públicos que son, están xestionadas por un colectivo, coa representación proporcional de tódolos grupos políticos, que discute a programación, a información que se dá, etc., e que a emisora de televisión de Teo debería ser xestionada desta maneira, xa que se financia con cartos públicos; que o Sr. Alcalde pide que se lle deixe xestionar a emisora el só, o que non é razoable. Pide que se forme unha comisión para xestionar a emisora de televisión desde un principio, e manifesta que, de non facerse así, votará en contra neste asunto, por ética democrática.-----

O Sr. Parajó Liñares maniféstase tamén a favor da instalación das emisoras de radio e de televisión, pero totalmente en contra de darlle carta branca ó Sr. Alcalde; manifesta que este non consulta nada con ninguén e que utiliza a prensa para difundir as noticias que el quere e silenciar as que non lle convén que se saiban. Cre que non se pode deixar que o Sr. Alcalde faga tamén o que queira coa televisión, polo que o seu grupo votará en contra neste asunto.-----

O Sr. Gacio Tarrío maniféstase tamén partidario de que Teo conte cunha radio e unha televisión propias (máis da radio que da televisión), como é partidario de todo o que beneficie á xente. Di que a televisión non está regulada, polo que aínda non se sabe o que vai ser legal e o que non, e que non está ordeado que a televisión sexa xestionada por unha comisión, pero que tampouco está prohibido; que xa que o Sr. Alcalde di sempre que é o Alcalde de todos debería de mostralo deixando que tódalas forzas políticas elixidas por tódolos veciños teñan participación neste tema, e que se o Sr. Alcalde non é quen de admitir que os outros teñen razón en querer que a emisora sexa xestionada por unha comisión, o grupo independente votará en contra neste asunto.-----

O Sr. Alcalde manifesta que a postura do seu grupo é favorable á proposta da Alcaldía que figura no expediente.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta o tempo de emisión da televisión de Teo, xa que no pleno no que se acordou solicita-la emisora de radio e televisión se falaba de 39 horas semanais, sen especificar cantas correspondían á radio e cantas á TV; a Secretaria respóndelle que esas 39 horas semanais eran de emisión de radio, e que de televisión haberá que ver as propostas que presenten as empresas para saber-las horas que oferta cada unha. O Sr. Gacio Tarrío di que dá a impresión de que o Sr. Alcalde cre que vai ser sempre o titular da Alcaldía e pídelle que contemple a posibilidade de que algún día lle toque estar nos bancos da oposición; dille que, se chega ese momento, vaise tirar dos pelos, porque o próximo Alcalde terá tamén poder absoluto sobre a emisora de televisión, e nese momento pode non convirle isto ó Sr. Blanco Martínez.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que tamén votará en contra neste asunto.-----

O Sr. Parajó manifesta que, como ve que o Sr. Alcalde non consulta ó grupo e que a Corporación é como unha dictadura, xa que de democracia non ten nada, pídelle ó Sr. Alcalde que lle diga se a televisión de Teo vai emitir en branco e negro ou en color, para saber se vai ser coma o NODO. O Sr. Alcalde pídelle que non se saia da orde do día e que se tome as cousas en serio, xa que está nun pleno municipal.-----

A continuación sométese este asunto a votación, obtendo a proposta da Alcaldía oito votos a favor e oito en contra, (empate), polo que se procede a unha segunda votación, esta vez nominal, co seguinte resultado:-----

Tallón Rego, D. Manuel: En contra.-----

Sinde Pereiro, D. Mariano: En contra.-----

Seoane Blanco, D. Antonio: En contra.-----
Pereira Suárez, D. Manuel José Luis: A favor.-----
Parajó Liñares, D. Florencio Manuel: En contra.-----
Otero Cepeda, D. Xosé Luis: En contra.-----
Noriega Romaguera, D. Martín José: En contra.-----
Mata Iglesias, D. Manuel: A favor.-----
Mallo González, D. José Luis: A favor.-----
Gacio Tarrío, D. Julio: En contra.-----
Fandiño Pazos, D. Mario: A favor.-----
Cea Ferreiro, D. Ramón: A favor.-----
Castroagudín Valladares, D. Antonio: A favor.-----
Cajaraville Campos, D. Manuel Roberto: A favor.-----
Blanco Martínez, D. Armando: A favor.-----
Árbol Amo, D. Pedro Rafael del: En contra.-----

O Sr. Alcalde anuncia que, por existir novamente empate, decide o seu voto de calidade.-
O pleno do concello, por oito votos a favor e oito en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, e exercendo o Sr. Alcalde o voto de calidade, acorda facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para contrata-la posta en funcionamento dunha emisora de televisión para este concello, previa consulta con alomenos tres empresas, que deberán presentar oferta baixo as seguintes bases:-----

- Duración do contrato: tres anos, e será prorrogado anualmente se non se denuncia a súa rescisión por calquera das partes cun mínimo de dous meses de antelación.-----

- Tipo máximo de licitación: 6.500.000 pts. anuais, I.V.E. incluído, pagadeiras en doce mensualidades iguais.-----

- As proposicións deberán conte-la seguinte documentación:-----

a) Relación de medios persoais e materiais de que dispón a empresa.-----

b) Memoria que especifique horas de emisión, datos técnicos, etc.-----

c) Oferta económica.-----

d) Declaración de non estar incurso a empresa en causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar.-----

e) Documentación empresarial.-----

f) Xustificación de estar ó corrente no pago das cotas de Seguridade Social.-----

g) Xustificación de estar ó corrente no Imposto de Actividades Económicas.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde comigo, a Secretaria en funcións que certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA EN FUNCIÓNS,

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE
SETEMBRO DE
1997.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Luis Mallo González
D. Antonio Castroagudín Valladares
D. Mario Fandiño Pazos
D. Ramón Cea Ferreiro
D. Manuel J.L. Pereira Suárez
D. Manuel R. Cajaraville Campos
D. Julio Gacio Tarrío
D. Martín J. Noriega Romaguera
D. Mariano Sinde Pereiro
D. F. Manuel Parajó Liñares
D. Pedro R. del Árbol Amo
D. Antonio Seoane Blanco
Secretario:
D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a vinte-
trés de setembro de mil novecentos noventa e
sete.-

Sendo as nove horas, e baixo a presi-
dencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco
Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o ple-
no do concello, coa asistencia de trece dos seus
membros, sendo o número legal o de dezasete, a
fin de celebra-la sesión extraordinaria convocada
para este día.

Escusaron a súa asistencia os conce-
lleiros D. José Manuel Neira Picallo, D. Manuel
Mata Iglesias, D. Manuel Tallón Rego e D. Xosé
Luis Otero Cepeda.

Asiste o Secretario da Corporación,
D. Jaime Bascoy Liste.

Pola presidencia declárase sesión pú-
blica, pasándose de seguido a coñecemento e reso-

lución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís
presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuí-
do coa convocatoria da actual.

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que no punto 2, antes da votación, fixo constar que se reser-
vaba o dereito a pedir unha auditoría para a revisión das contas.

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número
legal o de dezasete, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez realizada a corrección proposta,
e que se rexistre no libro correspondente.

2.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS .- Seguidamente
procédese a levar a cabo o sorteo para designación de membros de mesas electorais, obténdose o
seguinte resultado:-----

DISTRITO 1º SECCION 1ª MESA A (Cacheiras)

Presidente:	María Isabel Arnejo Arango
1º Vocal:	María Rosalía Castro Riveiro
2º Vocal:	María del Carmen García Rego
1º Suplente de Presidente:	María Angeles Bescansa de la Gándara
2º Suplente de Presidente:	Bernardo Girón Sánchez

1º Suplente 1º Vocal: Felicidad Díez Rodríguez
2º Suplente 1º Vocal: María Jesús Iglesias Temprano
1º Suplente 2º Vocal: Antonio Fernández Criado
2º Suplente 2º Vocal: Santiago Jesús González Lores

DISTRITO 1º. SECCION 1ª MESA B (Cacheiras)

Presidente: María Angeles I. Tomás Sánchez
1º Vocal: Sara Rama Lesta
2º Vocal: Lourdes Leborán Guldrís
1º Suplente Presidente: María Teresa Pereira Lueiro
2º Suplente Presidente: Concepción Soneira Mella
1º Suplente 1º Vocal: Elvira Vázquez Fernández
2º Suplente 1º Vocal: José Ramón Rial Conde
1º Suplente 2º Vocal: Araceli Rama Crego
2º Suplente 2º Vocal: José Vieiro Mosquera

DISTRITO 1º SECCION 2ª MESA U (Recesende)

Presidente: Félix Varela Buján
1º Vocal: Ana María Peleteiro Bandín
2º Vocal: José Ventín Pena
1º Suplente Presidente: Elena Juana Soto Esteras
2º Suplente Presidente: Emiliano R. Casal Taboada
1º Suplente 1º Vocal: Ramón Da Torre Iglesias
2º Suplente 1º Vocal: José Regueiro suárez
1º Suplente 2º Vocal: Dorinda Sánchez Paramá
2º Suplente 2º Vocal: Mercedes Cebey Carro

DISTRITO 1º SECCION 3ª MESA U (Solláns)

Presidente: Ricardo Calvo Blanco
1º Vocal: José Benito González Meiriño
2º Vocal: Manuel Vilas López
1º Suplente Presidente: María del Carmen Cruces Artero
2º Suplente Presidente: Guillermo Lareo Pite
1º Suplente 1º Vocal: José Santos Méndez
2º Suplente 1º Vocal: María Dolores Martínez Carballal
1º Suplente 2º Vocal: Pilar González Sánchez
2º Suplente 2º Vocal: Ramiro Pérez Pereira

DISTRITO 1º SECCION 4ª MESA U (Iglesia-Calo)

Presidente: José Luis Fernández Varela
1º Vocal: Mónica A. Vieites León
2º Vocal: Eva Moría Mosquera Ferreira
1º Suplente Presidente: José Tarrío Fraga
2º Suplente Presidente: María José Cerviño Mosquera
1º Suplente 1º Vocal: Luciano Rodríguez Paradela
2º Suplente 1º Vocal: Eduardo Campos Losada
1º Suplente 2º Vocal: Manuel Neira Lata
2º Suplente 2º Vocal: Alejandro Taboada Santomil

DISTRITO 1º SECCION 5ª MESA A (Casalonga)

Presidente: Adelina Calvo Cornes
1º Vocal: Adonis Ferreiro Pérez
2º Vocal: Elena Gómez Bodelo
1º Suplente Presidente: María Mercedes Franqueira Bustelo
2º Suplente Presidente: Modesto de Jesús García
1º Suplente 1º Vocal: Ramón José Castro Riveiro
2º Suplente 1º Vocal: Manuel García Pite
1º Suplente 2º Vocal: José Luis González Manteiga
2º Suplente 2º Vocal: Generosa Andrade Sueiro

DISTRITO 1º SECCION 5ª MESA B (Casalonga)

Presidente: José Ramón Morono García
1º Vocal: Francisco Javier Vidal Lorenzo
2º Vocal: Francisco Javier Zas Martínez
1º Suplente Presidente: Enrique Vázquez Rodríguez
2º Suplente Presidente: Manuel Pereira Calvo
1º Suplente 1º Vocal: Ana Isabel Villaverde Brea
2º Suplente 1º Vocal: María Cristina Lopo Bustelo
1º Suplente 2º Vocal: Ana María Liste García
2º Suplente 2º Vocal: Eusebio Montes Uzal

DISTRITO 1º SECCION 6º MESA A (Os Tilos)

Presidente: Olga Conde Mouzo
1º Vocal: Marina Costas Sueiro
2º Vocal: Juan José Ares Fernández
1º Suplente Presidente: Secundino Capeáns Tomé
2º Suplente Presidente: Ramón María Campos Mayo
1º Suplente 1º Vocal: María Dolores Fernández Nantes
2º Suplente 1º Vocal: Alejandra Fernández Moraña
1º Suplente 2º Vocal: José Antonio Chaves Barreiro
2º Suplente 2º Vocal: Lourdes Chento Senín

DISTRITO 1º SECCION 6ª MESA B (Os Tilos)

Presidente: José Vicente Mosquera González
1º Vocal: María Josefa Montellón Carrillo
2º Vocal: Alicia Zapatero Artacho
1º Suplente Presidente: Ana María Pena Antelo
2º Suplente Presidente: María Teresa Pérez Rodríguez
1º Suplente 1º Vocal: José Sánchez Puga
2º Suplente 1º Vocal: Pablo Llovo González
1º Suplente 2º Vocal: María Pilar Medina Martín
2º Suplente 2º Vocal: Manuel A. Rodríguez Somoza

DISTRITO 2º SECCION 1ª MESA A (Luou)

Presidente: Ana Victoria Collazo Vilas
1º Vocal: Antonio Figueiras Montes
2º Vocal: José García Fraga
1º Suplente Presidente: José Carlos Camba Gil
2º Suplente Presidente: César José Cabado Chorén
1º Suplente 1º Vocal: María Emma Chaves Parajó
2º Suplente 1º Vocal: Francisco Botana García
1º Suplente 2º Vocal: María Carmen Carril Blanco
2º Suplente 2º Vocal: Luis Couto Souto

DISTRITO 2º SECCION 1ª MESA B (Luou)

Presidente: Evangelina Vidal Botana
1º Vocal: Fernando Montes Campos
2º Vocal: María Adelina Mosquera Barreiro
1º Suplente Presidente: Juan José Viño Vaamonde
2º Suplente Presidente: Alejandro Landeira Casal
1º Suplente 1º Vocal: María Victoria Paderne Guillín
2º Suplente 1º Vocal: José María Murujosa Ramos
1º Suplente 2º Vocal: Jesús Carlos Vieites Rama
2º Suplente 2º Vocal: Paula Saavedra Piedra

DISTRITO 2º SECCION 2ª MESA A (Rarís)

Presidente: María Isabel Regueiro Pereiro
1º Vocal: Julián Castro Vilariño
2º Vocal: Roberto Barreiro Casal
1º Suplente Presidente: María Flora Ares Fuentes
2º Suplente Presidente: Juan María González Lestón
1º Suplente 1º Vocal: María Lourdes Fuentes Sigüeiro
2º Suplente 1º Vocal: Mónica Eugenia Vilariño Cajaraville
1º Suplente 2º Vocal: José Manuel Castro Túñez
2º Suplente 2º Vocal: José Angel Lata Vaamonde

DISTRITO 2º SECCION 2ª MESA B (Reis)

Presidente: Manuel Gradín Carreño
1º Vocal: María Carmen Gallego Alvarez
2º Vocal: María Sandra Baleato Pena
1º Suplente Presidente: José Carro Vaamonde
2º Suplente Presidente: Dolores Calvo Cabanas
1º Suplente 1º Vocal: Purificación Barros Castro
2º Suplente 1º Vocal: Eva Picallo Díaz
1º Suplente 2º Vocal: Jesús Castro Barcala
2º Suplente 2º Vocal: María Cruz Bustelo Noya

DISTRITO 3º SECCION 1ª MESA U (Teo)

Presidente: José Antonio Freire Barco

1º Vocal:	Genaro García Iglesias
2º Vocal:	Mª Isabel Castro Iglesias
1º Suplente Presidente	Fernando R. Campos Mendoza
2º Suplente Presidente:	Olga Gallego Leal
1º Suplente 1º Vocal:	Antonio Paz Tarela
2º Suplente 1º Vocal:	Daniel Moreira Alvarez
1º Suplente 2º Vocal:	Ana Esmeralda Aldariz Araujo
2º Suplente 2º Vocal:	Marta Salgueiro Bueno

DISTRITO 3º SECCIÓN 2º MESA U (Oza)

Presidente:	Jesús Gómez Fandiño
1º Vocal:	Juan Manuel Freiria Amenal
2º Vocal	Manuel Cao Collazo
1º Suplente Presidente:	Joaquín Garrido Pardo
2º Suplente Presidente:	Ana Isabel Ozores Martínez
1º Suplente 1º Vocal:	Mª Pilar Alen Garabato
2º Suplente 1º Vocal:	Samuel Mosquera Ferro
1º Suplente 2º Vocal:	Manuel Graciano Pazos Villanueva
2º Suplente 2º Vocal:	Anselmo Pampin Viqueira

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as once trinta horas, estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 26 DE SETEMBRO DE
1997.**-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Manuel Neira Picallo

D. José Luis Mallo González

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Cea Ferreiro

D. Manuel J.L. Pereira Suárez

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Julio Gacio Tarrío

D. Martín J. Noriega Romaguera

D. Mariano Sinde Pereiro

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Pedro R. del Árbol Amo

D. Antonio Seoane Blanco

D. Xosé Luis Otero Cepeda

D. Manuel Tallón Rego.

Secretario:

D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a vinte-seis de setembro de mil novecentos noventa e sete.

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de dezasete membros que o compoñen, a fin de celebra-la sesión ordinaria convocada para este día.-----

Asiste o Secretario da Corporación,
D. Jaime Bascoy Liste.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta da paralización da obra que estaba levando a cabo en Solláns D. Roberto de Cabo Fernández.-----

Seguidamente pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTE-

RIOR..- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual. O pleno do concello, por unanimidade, acorda aprobalo tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E MEMBROS DA COMISIÓN DE GOBERNO.

.- O Sr. Secretario dá lectura ás Resolucións da Alcaldía de data 22 dos actuais que, copiadas literalmente, din o que segue:-----

1ª.- "RESOLUCIÓN.- D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello de Teo, de conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVO:= 1º.- Acepta-la renuncia ó cargo de segundo Tenente de Alcalde presentada polo concelleiro D. Manuel Tallón Rego.= 2º.- Nomear Tenente de Alcalde ós concelleiros seguintes:= Primeiro Tenente de Alcalde: D. José M. Neira Picallo.= Segundo Tenente de Alcalde: D. José Luis Mallo González.= Terceiro Tenente de Alcalde: D. Antonio Castroagudín Valladares.= Cuarto Tenente de Alcalde: D. Mario Fandiño Pazos.= Quinto Tenente de Alcalde: D. Ramón Cea Ferreiro.= Ós Tenente-Alcaldes, en canto tales, correspóndelles substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións.= Da presente Resolución daráse conta ó pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ós designados, e publicaráse no Boletín Oficial da

Provincia sen prexuízo da súa efectividade ó día seguinte da presente Resolución, consonte o preceptuado no artigo 23-1 da Lei 7/1985 do 2 de abril e artigo 52.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais."-----

2ª.- "RESOLUCIÓN.- D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello de Teo, de conformidade coas atribucións que me confiren o artigo 23 da Lei de Bases do Réxime Local e o artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO.= 1º.- Por renuncia de D. Manuel Tallón Rego, a Comisión de Goberno presidida por esta Alcaldía estará integrada polos seguintes membros da Corporación:= D. José Manuel Neira Picallo.= D. José Luis Mallo González.= D. Antonio Castroagudín Valladares.= D. Mario Fandiño Pazos.= D. Ramón Cea Ferreiro.= Na primeira sesión a celebrar pola Comisión de Goberno deberá tomar posesión o designado D. Ramón Cea Ferreiro.= 2º.- Desta Resolución darase conta ó pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ó designado, e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ó día seguinte da presente Resolución, consonte o preceptuado no artigo 23-1 da Lei 7/1985 do 2 de abril e artigo 52.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais."-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta se pode dicir algo sobre estas Resolucións, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, que soamente se trata de dar conta delas."-----

O pleno do concello dáse por enteirado das Resolucións transcritas."-----

3.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DELEGANDO AS FUNCÍONS DE PRESIDENTE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.- A continuación o Sr. Secretario dá lectura a Resolución da Alcaldía de data 23 dos actuais que, copiada literalmente, di o seguinte:-----

"RESOLUCIÓN.- En uso das facultades que me confire o art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, designo Presidente da Comisión Especial de Contas ó membro da mesma D. Ramón Cea Ferreiro, delegando no designado as facultades que me estivesen atribuídas en dita Comisión, todo isto sen prexuízo da proposta que debe realiza-la Comisión.= Notifíquese a presente Resolución ó interesado e déase conta da mesma ó pleno do concello na sesión que celebrará o día 26 dos actuais."-----

O pleno do concello dáse por enteirado."-----

4.- CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MIXTO.- O Sr. Secretario dá lectura a Resolución da Alcaldía de data 22 dos actuais que, copiada literalmente, di o que segue:-----

"RESOLUCIÓN.- En uso das facultades que me confire o art. 54 do Regulamento Orgánico Municipal, RESOLVO: 1º.- Declarar constituído o Grupo Mixto municipal, integrado por D. Xosé Luis Otero Cepeda e D. Manuel Tallón Rego, por abandono deste último do grupo do Partido Popular no que estaba integrado.= 2º.- Solicitar do grupo político constituído a designación dos seus compoñentes que fagan de representantes en tódolos órganos colexiados integrados por membros da Corporación pertencentes ós diversos grupos.= 3º.= Notificarlle esta Resolución ós interesados.= 4º.- Dar conta ó pleno na primeira sesión que celebre."-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que, por alusións, ten que dicir que o Sr. Alcalde non pode desfacer un grupo municipal, o BNG, que xa estaba constituído, que na acta de constitución do concello figura o grupo político BNG e que cre que o Sr. Alcalde non ten atribucións para desfacerlo e integralo no grupo mixto. O Sr. Alcalde respóndelle que llas dá o artigo 54 do Regulamento orgánico municipal, e o Sr. Otero Cepeda respóndelle que xa coñece o artigo 54, pero que ningunha lei lle permite ó Sr. Alcalde desfacer un grupo. O Sr. Alcalde dille que as reclamacións deberá facelas ante o organismo correspondente, e o Sr. Otero Cepeda opina que esta Resolución está en contradición coa Lei de Réxime Local aprobada que entrará en vigor dentro dun mes, e que despois dese prazo esta Resolución será ilegal, porque estará en contradición

cunha lei de rango superior; o Sr. Alcalde respóndelle que ata entón el se atén ó disposto no art. 54 do R.O.M.-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta se pode intervir no debate, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, que deixou falar ó Sr. Otero Cepeda por alusións, pero que ó Sr. Parajó non lle atinxe o contido da Resolución. O Sr. Parajó Liñares dille ó Sr. Alcalde que non hai que coarta-la liberdade de expresión, e o Sr. Alcalde invita ós Sres. Otero Cepeda e Tallón Rego a designar portavoz, advertíndolles que se o grupo mixto non nomea portavoz ten un minuto e medio de tempo para falar cada un deles. O Sr. Otero Cepeda manifesta que foi convocado como membro do BNG e que para tódolos efectos asiste ó pleno como membro do BNG e non do grupo mixto, e que non está disposto a pasar ó grupo mixto nin a compartir tempos; O Sr. Alcalde reitéralle que a partir deste momento os Sres. Otero Cepeda e Tallón Rego son grupo mixto. O Sr. Parajó Liñares manifesta que non ve claro este tema, e o Sr. Alcalde respóndelle que ese é o parecer do Sr. Parajó.-----

O pleno do concello dáse por enteirado da resolución transcrita.-----

5.- COÑECEMENTO DE MODIFICACIÓN NA COMPOSICIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Seguidamente o Sr. Secretario dá lectura a escrito do portavoz do Grupo Popular deste concello, de data 22 dos actuais, que copiado literalmente di:--

"D. José Luis Mallo González, portavoz do Grupo Popular no concello de Teo, pon no seu coñecemento que visto o escrito de D. Manuel Tallón Rego de integración no grupo mixto, as adscipcións ás distintas Comisións Informativas sofren as seguintes modificacións.= BAIXAS:= D. Manuel Tallón Rego en tódalas Comisións nas que figuraba.= D. Ramón Cea Ferreiro como suplente na Comisión Especial de Contas.= D. José Manuel Neira Picallo como suplente na Comisión de Facenda.= D. José Luis Mallo González, suplente na Comisión de Asuntos Sociais e Sanidade.= ALTAS:= D. José Manuel Neira Picallo como primeiro suplente da Comisión de Facenda cuarto suplente da Comisión Especial de Contas e primeiro suplente da Comisión de Asuntos Sociais e Sanidade.= D. José Luis Mallo González, como primeiro suplente da Comisión de Asuntos Sociais e Sanidade e primeiro suplente da Comisión de Réxime Interno e Persoal.= D. Ramón Cea Ferreiro, como titular da Comisión Especial de Contas.= D. Manuel Cajaraville Campos, como terceiro suplente da Comisión de Educación, Xuventude e Deportes.= D. Manuel Mata Iglesias, como primeiro suplente da Comisión de Facenda."-----

O pleno do concello dáse por enteirado.-----

6.- DAR CONTA DA SENTENCIA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SOBRE NIVEIS DE COMPLEMENTO DE DESTINO DE FUNCIONARIOS.-

A continuación dáse lectura á sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en recurso interposto polo Goberno Civil contra acordo do pleno deste concello de 11-8-93 sobre aprobación de niveis de complemento de destino dos funcionarios municipais, o fallo da cal di o que segue:-----

"Fallamos que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Goberno Civil da Coruña contra o acordo plenario de data 11 de agosto de 1993 do concello de Teo, sobre aprobación da modificación de niveis de complemento de destino de diversos postos de traballo, resolución que anulamos desde o momento da súa adopción, por ser contraria ó ordenamento xurídico, con respecto ós complementos referidos que rebasan as previsións do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, sen facer imposición de custos.= Notifíquese esta sentenza ás partes coa advertencia de que contra ela cabe o recurso de casación ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo que, de se-lo caso, deberá prepararse ante esta Sala no prazo de dez días, computado desde o seguinte á notificación."-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta por que non se recorreu esta sentenza, e o Sr. Alcalde respóndelle que non interpuxo recurso de casación por ter coñecemento de sentencias do Tribunal Supremo confirmando a apelada en casos similares a este.-----

O Sr. Secretario manifesta que hai un Real Decreto de 1996 no que se equiparan os niveis de complemento de destino do sfuncionarios municipais cos dos outros funcionarios do Estado, e que anteriormente había outro Real Decreto que non era de aplicación ós funcionarios dos concellos, e que por isto non prosperaron os recursos que foron interpostos contra as sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta que período abarca a sentenza, e o Sr. Secretario respóndelle que o contencioso interposto polo Goberno Civil impugnaba o presuposto municipal de 1993.----

O pleno do concello dáse por enteirado da sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso interposto polo Goberno Civil da Coruña contra modificación de niveis de complemento de destino dos funcionarios municipais.-----

7.- DECLARACIÓN DE INTERESE SOCIAL DUNHA NAVE PARA ESTABLO .-

Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para declaración de interese social do establo que pretende instalar D. Jesús Barros Fuentes na finca nº 497 do P.X.C.P. de Santa María de Teo, situada en Vilar.-----

O Sr. Otero Cepeda maniféstase de acordo coa declaración de interese social, á vista do informe técnico obrante no expediente, o Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo tamén votará a favor neste asunto e o Sr. Tallón Rego manifesta que a súa postura será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que estaría de acordo se non houbese reclamacións por parte dos veciños no rexistro de correspondencia municipal, e o Sr. Secretario respóndelle que neste momento non as hai. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo se absterá na votación deste asunto.-----

O pleno do concello, por trece votos a favor e catro abstencións, sendo o número legal e de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Declarar de interese social a instalación dunha nave para establo de gando vacún en Vilar-Teo, tramitada por D. Jesús Barros Fuentes.-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

8.- EXPEDIENTE DE ACTIVIDADES MOLESTAS .- Examinado o expediente promovido por MADERAS AMAZONAS, S.L. en virtude de instancia nº 834 de data 08-04-97, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun galpón aberto para abrigo de madeira, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 08-04-1997.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.-----

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.-----

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que este expediente foi a informe da Comisión de Urbanismo e Obras, e parece ser que o galpón xa está construído, e que, en canto ás normas do solo da zona, dubida que esta obra cumpra a regulamentación, polo que faría falta un informe técnico; fai constar que a súa postura neste asunto será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que se está incumprindo a legalidade, posto que se permitiu que se fixese a obra antes de tramitarse o expediente, e que o promotor solicita agora licencia porque se lle vén encima o Colexio de Arquitectos; que o vixiante de obras está para controlar estes casos e non para andar transportando cousas.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que se está tramitando un expediente para facer unha obra, e pregúntalle ó Sr. Alcalde se comprobou se esta xa está feita; o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos, e o Sr. Gacio dille que é obriga súa telos, e pregunta se se contempla algunha sanción para o promotor se se demostra que a obra está feita; o Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe, que a tramitación do expediente é soamente iso, un trámite. O Sr. Gacio pregunta se se vai comprobar se a obra está feita ou non, e o Sr. Alcalde respóndelle que neste momento están aí para votar se se aproba o expediente ou non, e que non ten constancia de se a obra está xa feita; o Sr. Gacio dille que hai xente que di que si está feita, e xente que lle merece a mesma credibilidade có Sr. Alcalde; este respóndelle que a el tamén, pero que non ten noticias. O Sr. Gacio manifesta que espera que, se se comproba que a obra está feita, o Sr. Alcalde tome as medidas disciplina-rias oportunas, e que é obrigatorio incorporar ó expediente o informe xurídico técnico, segundo dispón o artigo 168.3 da Lei do Solo de Galicia, ó que dá lectura.-----

O Sr. Tallón Rego pregunta que se faría en caso de que a obra xa estea construída, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe; o Sr. Otero Cepeda pregunta se non se foi inspeccionar cando solicitaron a licencia, e o Sr. Alcalde respóndelle que non hai persoal suficiente; o Sr. Otero Cepeda opina que si o hai, pero que o Sr. Alcalde o dedica a outras cousas; o Sr. Alcalde dille que el, como Alcalde, encárgalle as tarefas ó persoal, e que a el non lle pasaron ningún expediente de que esa obra xa estaba feita. O Sr. Tallón Rego pregúntalle ó Sr. Secretario se o técnico non ten que ir ó sitio cando solicitan unha licencia, e este respóndelle que non sabe se vai ou non, que sole mira-lo plano que lle presentan. O Sr. Tallón Rego manifesta que, se fose ve-lo sitio, xa sabería se a obra estaba feita ou non. O Sr. Parajó Liñares manifesta que quen ten que mira-las obras é o vixiante de obras, pero que este só vixía cando hai algunha obra ilegal que non é de xente da súa pandilla; o Sr. Alcalde dille ó Sr. Parajó que se cinga á orde do día, que lle dá o primeiro aviso; o Sr. Parajó pregúntalle se o está ameazando con expulsalo da sala e o Sr. Alcalde respóndelle que non. O Sr. Parajó opina que o vixiante de obras debe vixia-las obras e non andar por aí cun carricoche, e o Sr. Alcalde respóndelle que, como titular da Alcaldía, é el quen encarga as tarefas. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que unha cousa é solicitar licencia para unha obra nova e outra cousa é legalizar unha situación de feito, e pide que o Sr. Alcalde se comprometa a comprobar se a obra está feita ou non, e o Sr. Alcalde dille que o comprobará.-----

Sometido o asunto a votación, a Corporación municipal, por nove votos a favor e oito abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por MADERAS AMAZONAS, S.L. para a instalación dun galpón aberto para abrigo de madeira no lugar de Vilar de Calo, parroquia de Calo deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

9.- ADXUDICACIÓN OBRAS SEGUNDA FASE CENTRO TERCEIRA IDADE.-

O Sr. Secretario dá conta do expediente tramitado para a contratación das obras de construción da segunda fase do centro sociocultural e da terceira idade, anunciada no B.O.P., manifestando que soamente se presentou unha empresa, "Inversiones VEMEX, S.L.", que oferta un prezo de 11.499.906 pts.-----

O Sr. Alcalde anuncia que desde este momento vai poñer-lo cronómetro para medir-los tempos de intervención; o Sr. Tallón Rego manifesta que non ten nada que dicir e o Sr. Otero Cepeda manifesta que o Sr. Alcalde pode quedarse co minuto e medio de tempo que lle corresponde.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que lle estraña que para unha obra destas haxa soamente unha oferta, que nese caso habería que darlle a obra a ese contratista. O Sr. Secretario dille que viñeron varias empresas a ver-los pregos de condicións, pero que soamente presentou oferta esa empresa.-----

O Sr. Gacio Tarrío opina que é curioso que non se presentase ningunha empresa capacitada de Teo, e pensa que algo falla, ou ben que o que colla a obra vai ter suplementos ou ampliación de obra; di que en principio, o prezo desta parécelle baixo. O Sr. Alcalde respóndelle que cre que hai poucos que traballen o tipo de cerchas e teitos laminados que leva esta obra, e que quizais este sexa o motivo de que non se presentasen máis empresas á licitación.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que se inclina por pensar que a empresa colle esta obra a cambio de que se lle dean a facer outras, e o Sr. Alcalde dille que el non veu á Alcaldía para especular, e pídelle que non o interrompa cando está falando.-----

O pleno do concello, por nove votos a favor, seis en contra e dúas abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Adxudicarlle a "INVERSIONES VEMEX, S.L." a execución da obra "Construcción do centro sociocultural e da terceira idade de Teo, segunda fase" no prezo de once millóns catrocentas noventa e nove mil novecentas seis pesetas.-----

2º.- Facultar ó seu Alcalde-Presidente, D. Armando U. Blanco Martínez, para continuar-los demais trámites do expediente.-----

10.- PROVISIÓN PRAZAS DE FUNCIONARIOS

a) O Sr. Secretario dá conta do expediente que se tramita para a provisión en propiedade, mediante oposición libre, de dúas prazas de policía municipal, encadradas na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, doutadas coas retribucións correspondentes ó grupo D. Seguidamente dáse lectura á composición do Tribunal calificador, que figura no citado expediente.-----

O Sr. Alcalde pregúntalle ó pleno como se preferen as votacións neste punto, decidíndose que se vote paso a paso.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que ten tres minutos para falar no turno de debate deste punto, xa que o Sr. Tallón Rego non vai intervir, e o Sr. Alcalde respóndelle que, se o Sr. Otero Cepeda é o portavoz do grupo mixto ten tres minutos, e se no o é, soamente minuto e medio. O Sr. Otero Cepeda manifesta que neste punto vaino ser, e o Sr. Alcalde respóndelle que non admite iso; o Sr. Otero Cepeda dille que, de todos modos, o portavoz vai ter un suplente; o Sr. Alcalde pregúntalle se é el o portavoz titular, e o Sr. Otero Cepeda manifesta que pouco ten que falar neste tema, que é soamente unha cuestión de forma; o Sr. Alcalde dille que, nese caso, ten un minuto e medio de tempo.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que se absterá na votación deste asunto.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que na composición do tribunal non figuraban membros da Corporación, e o Sr. Alcalde respóndelle que o tribunal que figura nas bases foi a proposta da Comisión Informativa; o Sr. Secretario di que a Comisión pediu que se modificase, e o Sr.

Alcalde di que o grupo de goberno estaba de acordo; o Sr. Otero Cepeda manifesta que votará a favor sempre e cando se inclúa no tribunal algún membro da oposición municipal, e o Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo tamén votará a favor sempre e cando a composición do tribunal quede como se acordou na Comisión informativa. O Sr. Secretario manifesta que o tribunal estará formado, segundo a proposta da Comisión informativa, polo Sr. Alcalde (ou membro da Corporación no que delegue) como Presidente, o Secretario da Corporación (ou funcionario no que delegue) como Secretario, e como Vocais un representante da Xunta de Galicia, outro da Xefatura Provincial de Tráfico, outro do Profesorado oficial, un membro do equipo de goberno designado por este grupo, un representante dos grupos minoritarios da Corporación, designado entre eles, e un representante dos traballadores.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que non ve por que hai tanto debate sobre a composición do tribunal, se xa ó principio da lexislatura se chegara a un acordo, válido para os catro anos de mandato, sobre a presenza da oposición municipal nos tribunais de oposicións, e pregunta que remuneracións terían os policías, se irían os dous xuntos e que horario terían; o Sr. Secretario respóndelle que o salario sería aproximadamente coma o de auxiliar, e o Sr. Alcalde dille que a oposición é soamente para cubri-las prazas e que despois os policías teñen que facer dous anos de academia e de prácticas no concello.-----

O pleno do concello, por dezaseis votos a favor e unha abstención, sendo o número legal e de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-las bases para a provisión en propiedade de dúas prazas de policía municipal, segundo o cadro de persoal e a oferta de emprego deste concello para o ano 1997, que figuran no expediente.-----

2º.- Convocar probas selectivas para a provisión das citadas prazas.-----

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde do concello, D. Armando U. Blanco Martínez, para continua-los demais trámites do expediente.-----

b) Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para a provisión en propiedade, mediante concurso-oposición de promoción interna, de tres prazas de administrativos vacantes no cadro de persoal do concello, o Sr. Otero Cepeda manifesta que nas bases que figuran no expediente hai tamén un problema coa composición do tribunal, xa que teñen que ser membros impares e ó incluír un membro da oposición quedaban pares; o Sr. Alcalde propón que se designe un membro da oposición e un funcionario municipal, que poderían ser o aparelador ou a asistente social, e así quedarían pares. O Sr. Secretario le a composición do tribunal, que quedaría como segue: Presidente, o Alcalde ou membro da Corporación no que delegue; Secretario, o da Corporación ou funcionario no que delegue; Vocais, un representante da Xunta de Galicia, un membro do equipo de goberno, un membro da oposición municipal, un funcionario do Corpo Nacional de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, un representante sindical e un funcionario da Corporación.-----

O Sr. Otero Cepeda maniféstase de acordo, e anuncia que votará a favor neste asunto, xa que no seu día toda a Corporación estivo conforme coa promoción interna dos tres auxiliares.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que a súa postura será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo está a favor da subida de categoría dos auxiliares, e pregunta se as bases poden ser impugnadas; o Sr. Secretario respóndelle que todo pode ser impugnado, e o Sr. Parajó di que o que non quere é apoiar un tema que despois traia problemas; o Sr. Secretario dille que, ó ser prazas de promoción, o maior motivo de impugnación sería a igualdade de oportunidades.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta se a convocatoria está feita para que non haxa problemas, e o Sr. Secretario respóndelle que ó seu parecer pódese levar a cabo, pero que non pode garantir que non sexa impugnada.-----

O pleno do concello, por dezaseis votos a favor e unha abstención, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-las bases para a provisión en propiedade, mediante concurso-oposición interno, de tres prazas de administrativo, segundo o cadro de persoal e a oferta de emprego deste concello para o ano 1997, que figuran no expediente.-----

2º.- Convocar probas selectivas para a provisión das citadas prazas.-----

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde do concello, D. Armando U. Blanco Martínez, para continuar os demais trámites do expediente.-----

c) A continuación dáse conta do expediente que se tramita para a contratación laboral de dous auxiliares administrativos.-----

Tras deliberación, o Sr. Alcalde pide conste en acta que vai intentar levar asesores a tódalas probas.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezasete membros que o compoñen, acorda:---

1º.- Aproba-las bases para a contratación de dous auxiliares administrativos, que figuran no expediente.-----

2º.- Convocar probas selectivas para a provisión das citadas prazas.-----

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde do concello, D. Armando U. Blanco Martínez, para continuar os demais trámites do expediente.-----

11.- IMPOSICIÓN DE INSIGNIA DE OURO E PRATA A D. IGNACIO VARELA EIRAS, EX-CONCELLEIROS DO CONCELLO E VIÚVAS DE SETE CONCELLEIROS E EX-CONCELLEIROS

.- O Sr. Alcalde manifesta que este tema xa fora falado en tempo, e que toda a Corporación estaba enteirada do que se quería facer, polo que nunca contou que houbera problemas cos membros da oposición municipal; que é soamente una imposición de pins, e que non pensou que iso fose traer problemas, e que mesmo falou en público con D. Ignacio Varela deste tema, na festa da Cacheira; que sería soamente un izado de bandeira, unha misa, a entrega de insignias e unha comida; que xa estaba todo ultimado, e que parece ser que había malestar entre os membros da oposición municipal, pero que pensa que non é unha condecoración, senon soamente un detalle de recoñecemento a un labor de moitos anos; que o grupo de goberno fixo o programa de actos pensando que ninguén se ía sentir enfadado, xa que non era un acto de tipo electoral; que se fixo todo, incluso tiñan mandadas as invitacións, e que se invitou ó Conselleiro de Xustiza por ser unha cousa institucional, como o izado por primeira vez da bandeira do concello; que se invitou ó Presidente da Xunta de Galicia, que non podía vir e delegou no Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e se invitou tamén ó Sr. Romay Beccaría por que o pai deste foi un gran amigo do pai de D. Ignacio e pediu asistir, para o que perdería un Consello de Ministros. Reitera que non é a concesión dunha condecoración, pero manifesta que agora si se vai levar a bo término, a fin de non prexudicar a ninguén.-----

O Sr. Secretario dá lectura ó dictame da Comisión de Réxime Interno e Persoal, e o Sr. Otero Cepeda manifesta que non acaba de convencerse de que isto non fose unha condecoración; que a palabra "pin" non está no diccionario da nosa lingua, e que el lle chama "insignia", e que lle resulta difícil crer que non fose un acto de propaganda política, xa que trae a un ministro e a un conselleiro, e ademais fai unha das súas grandes festas, e todo isto en datas de eleccións; pide que lle asegure que este acto non vai ser celebrado dentro da campaña electoral. O Sr. Alcalde dille ó Sr. Otero Cepeda que esgotou o tempo de intervención, e este respóndelle que, como portavoz do BNG, tiña tres minutos, igual có resto dos portavoces. O Sr. Alcalde vólvelle a dicir que rematou o tempo, e o Sr. Otero Cepeda respóndelle que o está interrompendo, e que el calou cando estaba falando o Sr. Alcalde; que segue falando, xa que este falou mentres estaba el

en posesión da palabra. O Sr. Alcalde dille que xa falará na segunda volta, que por favor ceda a palabra, e o Sr. Otero Cepeda respóndelle que é unha vergonza esta conducta; o Sr. Alcalde dille que o avisa por primeira vez, e o Sr. Otero Cepeda manifesta que a conducta do Sr. Alcalde é impresentable; o Sr. Alcalde dálle un segundo aviso, e despois un terceiro, e a continuación quíttalle a palabra e pídelle que abandoe a sala, ordenando que algún dos presentes vaia abaixo a ver se está a Garda Civil.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que se lle mandou unha invitación sen programa, e ademais invitan a un representante da Xunta, cousa que non ve lóxica, xa que a Xunta de Galicia non ten por que ser invitada a este acto. Manifesta tamén que o irmán do Sr. Seoane Blanco non recibiu ningunha invitación, a pesar de que foi concelleiro, e o fillo do Sr. Blanco Gacio de Cacheiras recibíuna a pesar de que nunca formou parte da corporación municipal; di que mentres o Alcalde de Teo fai homenaxes, o de Ames consigue a escola-taller; que neste concello se fan festas, e nos outros traballan, polo que pide a dimisión do Sr. Alcalde. Este pídelle ó Sr. Parajó que se cinga á orde do día, e pregúntalle se ten algo máis que dicir, ó que este responde que xa dixo bastante.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que a actuación do Sr. Alcalde en canto a este tema lle parece lamentable, e este dille que se está a levar a cabo un debate; o Sr. Gacio respóndelle que se se tivese debatido este asunto non pasaría o que está pasando, e le o escrito dirixido ó Sr. Alcalde que presentou no concello con data 17-9-97, nº de entrada 2052, que di o seguinte:-----

"D. Julio Gacio Tarrío, en nome e representación do grupo municipal "Independiente de Teo" (I.T.), e como portavoz do citado grupo, diríxese a Vde. e co debido respecto e consideración, EXPÓN:= 1º) Que con data de onte día 16-9-97 (á tarde) chéganlle remitidas polo concello unha carta do día 29-8-97, unha tarxeta-invitación remitida polo Sr. Alcalde e a Corporación e un programa de actos a celebrar no concello o día 19-9-97 (a invitación e o programa tamén traen data do día 19-9-97.= 2º) Nos citados escritos invítasenos, xunto coas nosas mulleres, a participar nos actos que se van celebrar ese día 19 no concello e que corresponden á imposición da insignia de ouro do concello ó anterior Alcalde D. Ignacio Varela Eiras, e a tódolos membros da Corporación que estivemos con el durante o seu mandato, así como ás viúvas dos que xa morreron, a insignia de prata.= 3º) Temos constancia que ó día de hoxe (9 da mañá) non lles chegaron as invitacións a membros da actual Corporación, así como a antigos compañeiros en anteriores lexislaturas.= 4º) Como debería saber o Sr. Alcalde, e se non o sabe, como parece se-lo caso, preguntarlle ós seus asesores ou estes dicírllo, que para iso cobran, segundo o artigo 50, apartado 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, calquera tipo de condecoración ou distinción que o concello queira impor será feita, porque así o di o nomeado Regulamento, unha vez acordada polo pleno do concello. Como neste caso non ocorreu desta maneira, tódolos actos programados son nulos de pleno dereito, non podendo o Sr. Alcalde atribuírse facultades que non ten e invitar en nome seu e da Corporación a estes actos, que serían, en caso de levarse a cabo, totalmente ilegais.= 5º) No programa de actos, anúnciase a presenza do Sr. Conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia, así como do Sr. Ministro de Sanidade. Queremos pensar que estes señores non foron debidamente informados; se non, non se explica a súa presenza neste acto, polo que lle rogaríamos ó Sr. Alcalde que o faga de maneira inmediata para salvagarda-la honorabilidade da Corporación, ó mesmo tempo que se faga con D. Ignacio Varela Eiras, principal homenaxeado nos anteditos actos.= 6º) Se quere o Sr. Alcalde te-lo apoio deste grupo e, supoñemos, dos demais grupos da Corporación, debería inmediatamente decreta-la suspensión dos citados actos, e proceder en datas posteriores a convocar un pleno do concello no que, por consenso, se aproben o día, os actos, as persoas que deberán ser invitadas a eles, et.= 7º) Sentimos de verdade non poder asistir a estes actos, se é que deciden levalos adiante, e sentímolos por todos en especial por D. Ignacio

Varela Eiras, que merece esta distinción, pero tamén o resto de compañeiros que tantos anos estivemos xuntos en pasadas lexislaturas, pero nós non podemos permitir que se fagan actos ilegais, e ademais que se fagan nestas datas, en vésperas dunhas eleccións, que aínda que non fosen feitos aposta, parecen preparados como un acto político do equipo de goberno municipal. Estes actos deberán ser totalmente despolitizados, e para iso deben programarse unha vez pasadas as eleccións do día 19 de outubro.= Esperamos, razoablemente esperanzados, que o Sr. Alcalde, por unha vez, saiba estar á altura do seu cargo e suspenda os actos para, de forma regulamentaria e consensuada con tódolos grupos do concello, acorda-la celebración dos citados actos como realmente se merecen, para o cal, se así fose, contaría co apoio total do grupo "Independentes de Teo" (I.T.), ó cal represento".-

O Sr. Parajó Liñares pregunta que cando pensa o equipo de goberno levar adiante a homenaxe, e o Sr. Alcalde respóndelle que cando o estime oportuno; o Sr. Otero Cepeda di que o Sr. Parajó está pedindo información, e o Sr. Alcalde dille que xa lle quitou a palabra antes.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que está de acordo coa celebración da homenaxe, pero dependendo de cando e como sexa, e o Sr. Alcalde respóndelle que aínda non se fixou data, pero que será pronto. O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Parajó Liñares, este pregúntalle ó Sr. Otero Cepeda se non vai falar, este respóndelle que si e o Sr. Alcalde dille ó Sr. Otero Cepeda que non, que lle quitou antes a palabra. O Sr. Otero Cepeda dille ó Sr. Alcalde que non ten dereito a facer iso e que el necesita falar de tódolos xeitos.-----

O Sr. Parajó pregúntalle ó Sr. Alcalde cando pensa face-la homenaxe, e este respóndelle que o equipo de goberno aínda non sabe cando o farán, pero que vai ser moi pronto; o Sr. Parajó dille ó Sr. Alcalde que non sabe o que está facendo, que lle bota a culpa ó grupo independente de que non se faga a homenaxe, pero que ese grupo o que debeu facer é deixalo seguir adiante e impugnalo despois, porque o Alcalde é un dictador. Este pídelo por favor ó Sr. Parajó que se cinga á orde do día, e o Sr. Parajó pregúntalle por que lle di iso, se é porque lle chamou dictador, e pregúntalle se non é quen de consensuar algo; o Sr. Alcalde respóndelle que non, na postura na que están os grupos da oposición, e o Sr. Parajó Liñares dille que o consenso hai que adoptalo entre todos. O Sr. Alcalde pregúntalle ó Sr. Parajó se ten algo máis que dicir, e este respóndelle que non.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o que tiña que dicir xa o dixo no escrito, que hai seis meses que se falou deste tema e o Sr. Alcalde non tivo a delicadeza de chamar ós portavoces dos grupos municipais, que lle chegou a invitación só dous días antes do acto (se o invitase antes el avisaría antes). Manifesta que o seu grupo quere colaborar, e que está de acordo con que se faga a homenaxe, pero que se se fai antes do día 19 de outubro o seu grupo non participará no acto.-----

O Sr. Alcalde pregúntalle ó Sr. Secretario se se votan as dúas propostas, o Sr. Gacio Tarrío di que o seu grupo votará a favor se a homenaxe se fai despois das eleccións, e o Sr. Alcalde dille que só se vai votar se se está de acordo en face-la homenaxe.-----

O Sr. Otero Cepeda pregunta se se está facultando ó Alcalde para algo neste acordo, o Sr. Alcalde interrómpeo dicíndolle que xa lle ten quitado a palabra e o Sr. Otero Cepeda manifesta que quere aclarar ben este punto. O Sr. Secretario respóndelle que se vai acorda-la celebración da homenaxe e a imposición das insignias, e facultar ó Sr. Alcalde para continua-los trámites. O Sr. Alcalde dille que a data poñeráa o equipo de goberno. O Sr. Parajó Liñares intenta toma-la palabra, e o Sr. Alcalde dille que non ten a palabra agora, e que é o segundo aviso que lle dá.-----

O Sr. Secretario propón que se vote por separado a celebración da homenaxe e o facultar ó Alcalde. O Sr. Tallón Rego manifesta que vota en contra, o Sr. Otero Cepeda intenta votar, e o Sr. Alcalde dille que xa lle sacou a palabra antes; o Sr. Otero Cepeda dille que lle sacou a palabra, pero que o voto non llo pode sacar, que ten que votar, e o Sr. Alcalde pídelo que non interrompa e dille que non ten voz nin voto.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que vota en contra.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo vota a favor da celebración da homenaxe e da imposición das insignias, pero en contra de facultar ó Alcalde para fixa-la data dos actos.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que quere rectifica-lo seu voto, que quere votar a favor da celebración da homenaxe e en contra de facultar ó Alcalde.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que vota tamén a favor da celebración da homenaxe e non a facultar ó Alcalde para fixa-la data.-----

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. del Árbol, este manifesta que non entendeu a pregunta e o Sr. Secretario dille que se vota a celebración da homenaxe e facultar ó Sr. Alcalde para fixa-la data na que terá lugar esta. O Sr. del Árbol vota si á celebración da homenaxe e en contra de facultar ó Alcalde.-----

Os Sres. Parajó e Seoane Blanco votan tamén a favor da celebración da homenaxe e en contra de facultar ó Alcalde para fixa-la data deste.-----

O pleno do concello acorda:-----

Por unanimidade, celebrar unha homenaxe con imposición das insignias de ouro e de prata do concello a D. Ignacio Varela Eiras e a concelleiros, ex-concelleiros e viúvas de concelleiros e ex-concelleiros falecidos.-----

Por nove votos a favor e oito en contra, sendo o número legal e o de asistentes o de deza-sete, facultar ó Sr. Alcalde para fixa-la data de celebración da citada homenaxe, e para continuar os demais trámites do expediente.-----

12.- PLANO PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS LOCAIS 1998-2001 E PLANO DE OBRAS E SERVICIOS 1998 .- O Sr. Secretario dá conta do expediente que se tramita para inclusión de obra no Plano plurianual de investimentos locais 1998-2001 e Plano de obras e servicios 1998, manifestando que ambos están intimamente enlazados.-----

O Sr. Parajó Liñares pide que se retire este punto da orde do día, xa que non considera lóxico aprobar unha obra sen ve-los proxectos; o Sr. Alcalde dille que está falando o Sr. Secretario, e que se o Sr. Parajó quere pode mirar agora os proxectos, pero que remata o prazo para remitir este expediente á Coruña, polo que ten que saír hoxe. O Sr. Secretario dá lectura ó modelo de certificación de acordo remitido pola Deputación Provincial.-----

O Sr. Secretario dá lectura ós proxectos de saneamento, e o Sr. Parajó Liñares dille que eses datos non coinciden cos que el ten; o Sr. Secretario dille que os datos que ten o Sr. Parajó son os da enquisa, e o Sr. Otero Cepeda pregunta se estes variaron moito; o Sr. Secretario di que van 3 millóns máis para Lampai, 5 para Reis, oito menos para Oza e 2 máis para Calo. O Sr. Parajó Liñares pregunta que obras van para Calo, e o Sr. Secretario respóndelle que están no proxecto; o Sr. Parajó dille que non o viu, o Sr. Alcalde dille que puido miralo e o Sr. Parajó dille que o trouxeron aínda agora. O Sr. Alcalde di que, ó haber depuradora, que pensa que a van adxudicar neste ano, os técnicos fixeron o proxecto segundo o seu criterio.-----

O Sr. Alcalde manifesta que isto é a grandes riscos o que decidiu o equipo de goberno, e que cómpre que o pleno acorde, de se-lo caso, a súa aprobación. O Sr. Secretario fai constar que a aprobación do plano plurianual 1998-2001 conleva a aprobación do plano de obras e servicios-1998. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que non cre que sexa así, xa que o plano plurianual é modificable, e o Sr. Alcalde respóndelle que o de 1998 non é modificable.-----

O Sr. Tallón manifesta que, como non estivo na Comisión informativa non sabe moito de que vai, pero que debe estar en desacordo, posto que ó final os investimentos en Luou van saír a 3.000 pts./habitante mentres que en Bamonde saen a 40.000, por poñer un exemplo. Manifestase de acordo coa obra incluída para Cornide.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que o outro día, na sesión da comisión informativa, apenas había información, e queixase desta desinformación. Maniféstase de acordo coa obra de Cornide.

O Sr. Parajó tamén se manifesta de acordo coa obra de Cornide, xa que, dixo, esa aldea necesita o saneamento e tamén outras cousas. O Sr. Alcalde respóndelle que xa estivo alí, e o Sr. Parajó dille que si, que estivo alí, e que lle dixo ós veciños que lles faga a obra Parajó, que xa estivera alí.-----

Sr. Tallón Rego manifesta que, por incluírse a obra de Cornide, votará a favor.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o día da comisión non se sabía nada destes seis millóns, e os membros da Comisión de Goberno non sabían nada; que ninguén sabía para onde ían os seis millóns, e chegando hoxe xa o saben, polo que se ve que non hai moito diálogo; pregúntalle ó Sr. Cajaraville se el o sabía, e este respóndelle que non. Manifesta o Sr. Gacio que o seu grupo vai votar a favor, porque o plano saíu bastante ben, pero que foi de casualidade que soou a fruta.

O Sr. Tallón manifesta que votará a favor neste asunto, e o Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Parajó Liñares. O Sr. Otero Cepeda pide que non se altere a orde de intervención, fixada no regulamento orgánico municipal, e o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Otero Cepeda o que ten é ganas de lío, e que se se comporta vaille da-la palabra, pero que se limite a responder. O Sr. Otero Cepeda manifesta que lle parece ben o tema da sinalización, que o BNG ten reclamado desde hai moitos anos, e o Sr. Alcalde respóndelle que a sinalización trátase no punto seguinte da orde do día, non neste.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo tamén votará a favor neste punto.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que tamén votará a favor.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o Sr. Presidente da Deputación se atreve a aprobar un plano de obras que dura ata o ano 2001, cando o seu mandato remata antes.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda:-----

1º.- Aproba-lo plano plurianual de investimentos municipais de 1998-2001 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do programa de cooperación económica local, as cifras globais do cal son as seguintes:----

<u>ANUALIDADE</u>	<u>Estado + Deputación</u>	<u>Concello</u>	<u>Total</u>
1.998	6.958.517	366.237	7.324.754
1.999	6.958.517	366.237	7.324.754
2.000	6.958.517	366.237	7.324.754
2.001	6.958.517	366.237	7.324.754
<u>TOTAL</u>	<u>27.834.068</u>	<u>1.464.948</u>	<u>29.299.016</u>

2º.- A anualidade de 1998 está integrada polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:-----

<u>Nº de orde e denominación da obra</u>	<u>Importe total</u>	<u>Estado + Deputación</u>	<u>Concello</u>
Saneamento e depuración en Cornide, parroquia de Calo	7.324.754	6.958.517	366.237
<u>TOTAIS</u>	<u>7.324.754</u>	<u>6.958.517</u>	<u>366.237</u>

As anualidades correspondentes a 1999, 2000 e 2001 teñen carácter esvarante, polo que poderán ser modificadas nos sucesivos planos plurianuais.-----

3º.- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade de 1998 e que se relacionan no punto anterior.-----

4º.- Aproba-lo plano complementario ó de 1998 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:-----

Denominación da obra

Presuposto

Saneamento en Calo

5.000.000 pts.

5º.- Declarar que o concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-----

6º.- Comprometerse o concello a incluír no presuposto municipal de 1998 os fondos necesarios para facerlle fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 1998.

7º.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello para a contratación e execución das obras incluídas no Plano, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.-----

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e do correspondente expediente.-----

13.- PLANO PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS 1997-2001.- Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para aprobación do plano plurianual municipal de investimentos de 1997-2001, o Sr. Otero Cepeda manifesta que está de acordo e que votará a favor, porque a sinalización é algo que o BNG vén pedindo desde hai moito tempo, e que tamén está de acordo coas obras de saneamento.-----

O Sr. Alcalde manifesta que se fixo un reparto e se mirou para deixar algunha parroquia onde non tiñan nada feito, e que o equipo de goberno pensa que é moi importante meter tódolos cartos do plan plurianual ata o 2001 en saneamento. O Sr. Secretario manifesta que, segundo a proposta que consta no expediente, se investirán en Cacheiras 38 millóns, en Calo 48, en Recesende 23, en Luou 38 e en Oza 17. O Sr. Alcalde manifesta que non se fixo ningunha previsión para Lucí porque está pendente de que a C.P.T.O.P.V. dea a depuradora xeral de Pontevea, que cre que vai por bo camiño, e que esa parroquia non necesitaría depuradora, senón só tubería, e que se non son suficientes os cartos que dean para traxecto de canalización meteriana desde abaixo; que as baixas no prezo de contratación benefician ó concello, e que con eses cartos poderíase face-lo tramo da granxa hacia arriba. O Sr. Secretario segue dicindo que se incluíron investimentos de 7 millóns para Vilariño, 7 para Teo, 13 para Bamonde, 39 para Rarís, con parte de Luou e Reis, 15 para Lampai e 21 para Reis, e le tamén que obra se incluíría en cada parroquia.--

O Sr. Secretario manifesta que hai unhas pequenas diferencias nos anos 97 e 98; que a aportación é de 68 millóns cando o Plano suma 66, e que hai que comprometerse a incrementalalo en 2 millóns. O Sr. Tallón Rego maniféstase en desacordo, e o Sr. Otero Cepeda manifesta que o saneamento é necesario, que estamos chegando ó ano 2000 e neste sentido no noso país vivimos moi atrasado, pero que como non hai presuposto cómpre repartir dándolle prioridade ás zonas de maior necesidade, que son os sitios de moita concentración de poboación, e está claro que neste concello hai unhas zonas que teñen moita máis poboación ca outras, como son Os Tilos, que ten completo o alcantarillado, Calo, cunha rede de alcantarillado moi pobre, Cacheiras, con obras bastante avanzadas, e logo, noutra orde, veñen o resto; que lle dá a impresión de que non se respecta esta prioridade, e que en calquera caso no resto das parroquias hai desequilibrios grandes que deberían estar compensados ó longo de catro anos e polo momento non o están.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o plano 2000 é unha manobra que está facendo o Presidente da Deputación, o Sr. Alcalde pídelo ó Sr. Parajó que se limite a contestar, ó que o Sr.

Parajó alega que o está facendo, e pídelo ó Sr. Alcalde que non o interrompa. Segue dicindo que para o único que vale isto é para financia-la campaña de eleccións do Partido Popular, e que lle estraña é que aquí se estea aprobando hoxe o plano plurianual, e na acta da Deputación do día 16 xa figura aprobado o de Ames, e dílle ó Sr. Alcalde que ten papeis disto, por se os quere ver, porque el non os ten; o Sr. Alcalde respóndelle que non os ten porque se ocupa do seu concello, non dos demais.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que está de acordo co saneamento, pero non en como se fai; pregúntalle ó Sr. Mata como pode estar de acordo en que no ano 1998 non metan nada para a parroquia de Teo e no 1999 inclúan só 7 millóns, e pregunta que pintan os concelleiros máis que a mona. O Sr. Alcalde dílle que para Teo van só 7 millóns porque a maioría das aldeas van á rede xeral, e pídelo que se limite á orde do día e que deixe en paz ós compañeiros da Corporación e non os insulte. O Sr. Parajó Liñares respóndelle que non está insultando a ninguén, senón criticando a maneira de reparti-lo diñeiro, porque non hai cartos, na comisión informativa non se enteiran e despois teñen que enteirarse no pleno.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que xa falou tantas veces do mesmo que xa lle fastidis; que non sabe que tipo de criterios se teñen en conta para facer proxectos desta envergadura e que ninguén llo sabe dicir, se de poboación, se de necesidade, se de contaminación... pregunta se, por exemplo, se está traballando no proxecto conxunto con Ames para a depuradora de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos; o Sr. Gacio dílle que como manifesta non ter datos se se está falando dun tema que xa se trouxo á comisión; di que non se sabe nada e se pide carta branca, e que non se fan así as cousas. Pregunta se estes proxectos van en consoancia coa depuradora de Pontevea, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que si. O Sr. Gacio pregunta se está previsto que se vai facer se non hai depuradora, e dílle ó Sr. Alcalde que se non deixa participar á oposición municipal en nada non lles pode pedir carta branca.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que se se fai un estudio de investimentos por habitante soamente hai unha parroquia que levou menos que Luou, que foi Lucí. O Sr. Alcalde pregúntalle que datos ten aí o Sr. Tallón, e este dílle que está falando de investimentos, non de subvencións. O Sr. Alcalde dílle as cantidades que levaron as parroquias de Luos e de Calo no ano 1996, e o Sr. Tallón pregúntalle se fala de obras ou subvencións; o Sr. Alcalde respóndelle que está falando de tódolos conceptos polos que saíron cartos do concello, e segundo os seus datos Luou é a terceira parroquia en investimentos. O Sr. Tallón dílle que en investimentos non, que quizais si en entregas de cartos. O Sr. Alcalde dílle que nese momento o Sr. Tallón formaba parte do equipo de goberno, e este respóndelle que si, pero que estaba "de pardillo", e que menos mal que se deu conta a tempo.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que as parroquias grandes levan moitos investimentos e que hai outras parroquias moi beneficiadas que son moi rurais, e non lles quere quitar nada, pero son menos prioritarias; que Calo representa un índice de participación do 27% e leva un 18%, Cacheiras un índice un 16% e leva un 12%, e que as máis beneficiadas son Lampai e Bamonde.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que Calo ten 3.800 habitantes e non ten ningún tipo de depuración, e volve a preguntar que criterios se siguen ou se se fixo por amiguismo. O Sr. Alcalde respóndelle que o reparto se fixo pensando a onde van corre-las augas e as vertentes dos seus lugares. O Sr. Gacio Tarrío maniféstase de acordo co saneamento, pero non co reparto feito, e anuncia que se absterá na votación das obras de saneamento.-----

Os Sres. Tallón Rego e Parajó Liñares anuncian que votarán en contra das obras de saneamento, e o Sr. Otero Cepeda manifesta que a súa postura será a abstención.-----

a) PLANO PLURIANUAL MUNICIPAL DE INVESTIMENTOS DE 1997-2001.-----

O pleno do concello, por nove votos a favor, catro en contra e catro abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-lo Plano plurianual municipal de investimentos de 1997-2001 no que se recolle a planificación dos investimentos que o concello ten previsto realizar durante os cinco

anos da súa vixencia dentro do Plano 2000, anualidades 1997.1998-1999-2000-2001 da Deputación Provincial da Coruña, as cifras globais do cal son as seguintes:-----

<u>ANUALIDADE</u>	<u>CONCELLO fondos propios</u>	<u>Fondos do Plano 2000 asignados ó concello.</u>	<u>Deputación, parti- das sectorias es- pecíficas</u>	<u>TOTAL</u>
1.997			24.981.887	24.981.887
1.998		26.296.723	39.971.018	66.267.741
1.999		26.296.723	39.971.018	66.267.741
2.000		26.296.723	39.971.018	66.267.741
2.001		26.296.723	39.971.018	66.267.741
<u>TOTAL</u>		<u>105.186.892</u>	<u>184.865.959</u>	<u>290.052.851</u>

2º.- Comprometerse o concello a aprobar anualmente planos municipais no marco destas previsións e con aprobación dos correspondentes proxectos e planos financeiros.-----

b) PLANO ANUAL MUNICIPAL EJERCICIO 1997.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acordou:-----

1º.- Aproba-lo plano anual municipal exercicio 1997, integrado no plano plurianual de investimentos 1997-2001 aprobado por este concello, no que se inclúe a obra denominada SINALIZACIÓN NO CONCELLO DE TEO, por un importe de 24.981.887 pts.-----

2º.- Aprobar igualmente o proxecto da obra que se reseña no punto anterior.-----

3º.- Declarar que o concello dispón de terreos necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-----

4º.- Comprometerse o concello a aporta-lo importe da aportación municipal previsto no plano financeiro das obras incluídas en planos e programas sectoriais e nas anualidades que corresponda, o detalle do cal se reflicte nas fichas que constan no expediente.-----

A citada aportación municipal será ingresada na Deputación na forma prevista nas Bases. Autorízase expresamente á Deputación para que comece, cando procedese, expediente de extinción por compensación das débedas que puidesen nacer das obrigas económicas do concello, que se tramitará consonte o establecido nas Bases.-----

5º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e do correspondente expediente.-----

6º.- Aproba-la realización dos gastos plurianuais previstos nas fichas para as obras incluídas con carácter plurianual, de conformidade co disposto no art. 155 da Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais.-----

c) PLANO ANUAL MUNICIPAL EJERCICIO 1998.-----

O pleno do concello, por nove votos a favor, catro en contra e catro abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-lo plano anual municipal exercicio 1998 integrado no Plano plurianual de investimentos 1997-2001 aprobado por este concello, no que se inclúen as obras anuais e plurianuais que a continuación se indican, co desglose de financiamento que figura nas fichas que constan no expediente:-----

a) Saneamento en Calo..... 15.517.877 pts.

b) Saneamento en Bamonde.....	11.280.175 pts.
c) Saneamento en Lampai.....	4.076.590 pts.
d) Saneamento en Mosteiro-Lampai.....	4.043.442 pts.
e) Saneamento en Grela-Lampai.....	4.189.238 pts.
f) Saneamento en Silva-Lampai.....	4.065.545 pts.
g) Saneamento en Reis.....	13.285.184 pts.
h) Saneamento en Agoso-Oza.....	4.992.155 pts.
i) Saneamento e depuración en Oza.....	4.817.535 pts.

2º.- Aprobar igualmente os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.-----

3º.- Declarar que o concello dispón de terreos necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-----

4º.- Comprometerse o concello a aporta-lo importe da aportación municipal previsto no plano financeiro das obras incluídas en planos e programas sectoriais e nas anualidades que corresponda, o detalle do cal se reflicte nas fichas que constan no expediente.-----

A citada aportación municipal será ingresada na Deputación na forma prevista nas Bases. Autorízase expresamente á Deputación para que comece, cando procedese, expediente de extinción por compensación das débedas que puidesen nacer das obrigas económicas do concello, que se tramitará consonte o establecido nas Bases.-----

5º.- Solicitar a realización da contratación e execución das obras que se relacionan, de conformidade cos límites establecidos nas Bases reguladoras do Plano 2000:-----

a) Saneamento en Lampai.....	4.076.590 pts.
b) Saneamento en Mosteiro-Lampai.....	4.043.442 pts.
c) Saneamento en Grela-Lampai.....	4.189.238 pts.
d) Saneamento en Silva-Lampai.....	4.065.545 pts.
e) Saneamento en Agoso-Oza.....	4.992.155 pts.
f) Saneamento e depuración en Oza.....	4.817.535 pts.

6º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e do correspondente expediente.-----

7º.- Aprobala realización dos gastos plurianuais previstos nas fichas para as obras incluídas con carácter plurianual, de conformidade co disposto no art. 155 da Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais.-----

14.- ROGOS E PREGUNTAS .- O Sr. Alcalde dille ó Sr. Otero Cepeda que ten un minuto e medio de tempo para expoñe-los rogos e preguntas que estime oportunos, e este respóndelle que é unha cuestión de orde e que en rogos e preguntas non hai control de tempo, xa que non é debate; o Sr. Alcalde dille que se vai controlar o tempo, porque se fixo sempre, e o Sr. Parajó Liñares respóndelle, que se fai iso, o grupo municipal do PSdeG-PSOE abandonará a sala. O Sr. Otero Cepeda le o Regulamento: "... poden presentar rogos tódolos membros dos grupos...". O Sr. Alcalde dille que ten tres minutos de tempo, e o Sr. Otero pídelle que escoite ó Sr. Secretario sobre este tema. O Sr. Gacio Tarrío opina que se está convertindo este debate nun circo, e pídelle ó Sr. Alcalde que explique por que quere limita-lo tempo de intervención; o Sr. Alcalde respóndelle que se o Regulamento non di outra cousa o punto de rogos e preguntas tomaráse como debate, e pregúntalle ó Sr. Secretario que di o Regulamento; este respóndelle que os rogos poden ser formulados por calquera membro da Corporación e sen límite de tempo, e o Sr. Alcalde manifesta que, se esa é a legalidade, faráse así.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que se vai estender pouco, porque contaba con ter limitado o tempo de intervención, e di que hai unha serie de obras que se fixeron e se tramitaron a través doutras persoas; que nunha sesión se lle entregaron tres presupostos para unha obra de Luou, e el propuxo que se encargase a A.VV., pero o Sr. Alcalde dixo que non, e entón o Sr. Mallo propuxo que se fixese unha comisión parroquial; pero ó día seguinte, sen constituírse esta, as

obras esta- ban xa adxudicadas. Di tamén o Sr. Tallón que hai unha acta da Comisión de Goberno do 13-11-96 na que se nomean as subvencións, pero sen poñer contías, e que nese mesmo ano hai facturas por obras que non se sabe en que parroquias se investiron.-----

Pregunta o Sr. Tallón Rego se se mirou unha obra de Nespereira que estaba ilegal, e que hai outra duns postes que estaban ben colocados e que foi denunciada. O Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Tallón, pola razón que fose, quixo marchar do equipo de goberno e vese que está nunha postura resentida cara a el, e que todas esas obras se fixeron cando o Sr. Tallón formaba parte da Comisión de Goberno; este respóndelle que asume a culpa por non estar moi atento e en moitas ocasións non estar presente por circunstancias persoais, por desgracia para el. O Sr. Alcalde dille que agora vén sacar aquí cousas de antes, o que lle parece pouco elegante, e que ninguén incor- diou para nada ó Sr. Tallón mentres este estivo na Comisión de Goberno; este respóndelle que nunha ocasión tivo que marchar dunha sesión, e que non sería por amizade. O Sr. Alcalde di que se ve claramente que a postura do Sr. Tallón é de revanchismo, o que está fóra de lugar porque mentres foi membro da Comisión de Goberno estaba informado de todo, coma os demais, e que non é ético que veña agora con esas preguntas despois de abandonar un grupo no que era querido e respectado e no que se contaba con el para todo; o Sr. Tallón Rego respóndelle que non é por revancha, e pregúntalle ó Sr. Alcalde se o enteirou de tódalas obras que se fixeron en Luou; o Sr. Alcalde dille que lle pasa como co cemiterio, que mentres pagou 75.000 pts. estivo calado e agora saca notas na prensa, e o Sr. Tallón respóndelle que nunha sesión, cando saíu este tema, o Sr. Secretario dixo: "disto pódenos informar o Sr. Tallón", ó que el repuxo que non estaba na Comisión de Obras e que só podía dicir que nunha reunión de douscentos socios do Padroado se acordou pedir un novo informe xeolóxico e un proxecto de arquitecto, e que o Sr. Alcalde dixo que o expediente xa estaba aprobado por Sanidade e contaba con toda a documentación neces- ria. O Sr. Alcalde dille que se o expediente foi aprobado por Sanidade a Alcaldía non ten nada que ver, e o Sr. Tallón respóndelle que iso é todo o que sabe sobre o tema, e que todo o mundo di que marchou do equipo de goberno por culpa do cemiterio de Luou, pero que non foi soamente por iso. O Sr. Alcalde pregúntalle se rematou a súa intervención neste punto, e o Sr. Tallón respóndelle que si.-----

Toma a palabra o Sr. Otero Cepeda, e:-----

1) Manifesta que coa política de subvencións que leva este concello non hai maneira de levar ningún control, que no concello de Boqueixón xa teñen unha regulación para este tema e que Teo debería ter tamén unhas normas, pero que o Sr. Alcalde se resiste a impoñelas e mantén esta situación caótica; que a oposición municipal está farta de pedir que se fagan unhas bases para a concesión de subvencións e mesmo de presentar borradores. O Sr. Alcalde manifesta que de momento as subvencións seguiránse concedendo coma sempre.-----

2) Pregunta se hai algunha información nova sobre o alcantarillado de Calo-Ames, e o Sr. Alcalde respóndelle que os técnicos están vendo se se poñen de acordo; o Sr. Otero Cepeda pregunta o custo da obra, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o ten por escrito, pero que por informes que pediu vai a 106 millóns de pesetas.-----

3) Pregunta por determinadas irregularidades urbanísticas, e o Sr. Alcalde respóndelle que houbo algunhas denuncias e que mandou notificar ós veciños; o Sr. Otero Cepeda dille que non se refire xa a iso, senón a cando a obra construída é totalmente diferente ó proxecto presentado, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos e non sabe se houbo renovación do proxecto.-----

4) Pregunta polas obras que se están levando a cabo no restaurante "Los Robles", e o Sr. Secretario respóndelle que cre que pediu licencia para facer unha segunda fase da obra; o Sr.

Alcalde di que se está á espera de que veñan os promotores falar cos técnicos e se adopten as medidas oportunas. O Sr. Otero Cepeda pregunta polas obras na residencia de anciáns de Olveira, e o Sr. Alcalde respóndelle que lle dará conta o Sr. Secretario. O Sr. Otero Cepeda manifesta que o que pide e que restrinxan o proxecto básico, e incide en que o vixiante de obras é quen ten que ir mirar estas.-----

5) Pregunta polas obras da fonte de Carballal, manifestando que o chamou á casa unha señora e lle dixo que parece ser que os veciños están facendo obras para levar auga á aldea, e que a ela non a avisaron para nada; o Sr. Alcalde respóndelle que o concello non ten nada que ver con esas obras, que son cousa da A.VV. O Sr. Otero Cepeda pregunta se esta ten licencia para face-las obras, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe, que o colle sen datos, e o Sr. Otero Cepeda di que cre que non a teñen.-----

6) Manifesta que cando o Sr. Alcalde foi de visita a Cornide faláronlle de arranxa-la carballeira e respondeu que niso estaba metido o Sr. Parajó Liñares; o Sr. Alcalde respóndelle que cre que ese tema xa está bastante falado, e o Sr. Otero Cepeda pídelles que se retome a petición dos veciños.-----

7) Manifesta que houbo queixas sobre a calidade da auga da traída municipal, e que non sabe se son fundadas; o Sr. Alcalde respóndelle que teoricamente Aquagest fai unha análise diaria da auga, e o Sr. Otero Cepeda opina que sería ben que Aquagest pasase de vez en cando os resultados das análises.-----

Toma a palabra o Sr. del Árbol, e:-----

1) Manifesta que por fin se lle recoñece o dereito que se lle estaba negando, de falar en "Rogos e Preguntas", e solicita que se lean os rogos do pleno anterior, cousa que nunca se fai. Di que daquela pedira ñque se arranxasen uns valados que estaban rotos, e o Sr. Mallo González respóndelle que se arranxaron e xa os volveron a romper.-----

2) Pregunta cando se fará o paseo do parque dos Tilos, e o Sr. Alcalde respóndelle que se fará cando haxa que facelo.-----

3) Pregunta polas obras no alcantarillado de Parque Montouto, e o Sr. Alcalde respóndelle que se están preparando, que se fixo unha tasación e está esperando que confirmen de Madrid se están de acordo cos técnicos.-----

4) Manifesta que cómpre arranxa-la fonte dos Tilos, e o Sr. Alcalde respóndelle que mandará ós obreiros.-----

5) Pregunta sobre os contedores do centro comercial, e o Sr. Alcalde respóndelle que se vai facer un burato debaixo das escaleiras con portas de corredeira e con ventilación para que non dean malos olores, e tamén un aparcadeiro para o centro comercial, pero que quere que esas obras as fagan os obreiros do concello.-----

6) Pregunta quen cobra os recibos da recollida de lixo, e o Sr. Alcalde respóndelle que se está facendo unha lista da xente que non ten recibo de auga. O Sr. del Árbol manifesta que hai moita disparidade entre o que se lle cobra a uns e a outros, e o Sr. Secretario fai constar que neste ano se deben modifica-las ordenanzas fiscais reguladoras do cobro destas taxas.-----

7) Manifesta que a saída dos Tilos cara a Cacheiras ten un perigo enorme, e o Sr. Alcalde respóndelle que xa está sobre este tema, e que lle encargou ó Sr. Rodríguez Rodríguez un estudio para presentar na C.P.T.O.P.V. a fin de que este Organismo faga unha saída soterrada ou unha rotonda (aínda que esta sería máis perigosa) para solucionar este tema; o Sr. del Árbol manifesta que lle gustaría ver este estudio cando estea rematado, xa que só se enteira das obras cando xa están acabadas, e o Sr. Alcalde respóndelle que o bo é que se fan.-----

8) Pide que se limpe a cuneta dos Tilos, cara a Santiago, de pinos e maleza, e o Sr. Alcalde respóndelle que o concello non ten competencia para iso, xa que a estrada C-541 é da C.P.T.O.P.V., pero dille ó Sr. Secretario que tome nota para solicitar que limpen.-----

9) Manifesta que a urbanización Os Tilos dá asco, que non está limpa, que o alumado é deficiente, que a parada de autobús que está preto da súa casa non deberíade estar alí, que hai

moitos accidentes, que os pasos de cebra non están pintados... O Sr. Alcalde respóndelle que todos eses temas se irán arranxando.-----

O Sr. Parajó Liñares cédelle o turno de intervención ó Sr. Gacio Tarrío, e o Sr. Alcalde manifesta que este presentou os seus rogos e preguntas por escrito. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o fixo así para dar tempo e non chegar ó pleno e que o Sr. Alcalde careza de datos para responder. O Sr. Alcalde procede a dar lectura e resposta ós escritos do Sr. Gacio Tarrío:-----

1) "Sr. Alcalde:= Hai un problema latente ó longo do seu mandato (xa máis de dous anos), que vostede non tivo a vontade ou a capacidade de solucionar, a pesar do perigo sanitario que representa e da inxustiza, por agravio comparativo, que representa para unha boa parte dos veciños dos lugares de Cacheiras, Ribeira, Raxó e Feros, na parroquia de Cacheiras. Non dubidamos que vostede saberá que nos estamos a referir á fosa séptica de Feros.= Nunca funcionou a un mínimo nivel, e isto foi denunciado aquí polo noso grupo de forma reiterada. Foi sempre un perigo para a sanidade pública, e se algo ocorre neste eido vostede é o único responsable por negligencia neste tema, xa que como dixemos con cumpríu nunca coa súa función e verteu augas residuais sen depurar correctamente ó regato de Feros, aínda sabendo que poucos centos de metros máis abaixo teñen a súa captación de augas para consumo as urbanizacións da Palloza e Os Verxeles.= Pero nos últimos meses, e se non fixeron ningunha reparación nos últimos días, as augas residuais xa nin tan sequera entran na fosa e vértense na súa totalidade á entrada da mesma. Díganos, Sr. Alcalde, se isto é admisible nun concello onde se gastan os diñeiros alegremente en actividades que todos sabemos.= Por outra banda a esta rede de alcantarillado están unicamente conectados unha urbanizadora e algún establecemento hosteleiro. O resto do vecindario leva xa dous anos esperando, e isto, Sr. Alcalde, tamén é inadmisibile pola inxustiza que representa o diferente trato recibido.= Por todo o cal, queremos que nos responda:= 1.- ¿É consciente o Sr. Alcalde do perigo para a saúde pública que representa a fosa de Feros no seu actual estado de funcionamento? ¿Ourdenou Vde. á Inspección farmacéutica municipal que fixese un seguimento da mesma e emitise algún informe? Se foi así ¿pódenos dar a coñecer ese informe?.= 2.- ¿Poderíanos informar de cal é a solución final á depuradora que se ía construír nos Verxeles e que ía substituír á fosa contaminante de Feros? ¿Vaise construír no mesmo sitio, ou hai outras previsións? Imaxinámonos que despois de tanto tempo o concello terá algo firme neste tema, xa que para os veciños urxe máis que a TV local aprobada por Vde. no último pleno.= 3.- ¿Qué previsións ten Vde. para que os veciños das aldeas de Cacheiras que antes mencionamos poidan conectar coa rede do alcantarillado? Uns meses, un ano, para as próximas eleccións ou cando San Xoán baixe o dedo."-----

O Sr. Alcalde responde que carece de datos porque este tema lévao Aquagest, e dá lectura a un informe desta empresa. O Sr. Gacio Tarrío preguntalle se recoñece que a fosa estaba mal, e o Sr. Alcalde respóndelle que a raíz do problema é que as obras da depuradora están paralizadas desde hai anos por denuncia de veciños, e que se fixeron os trámites de legalización e ó final tódalas resolucións foron favorables ó concello; que outro problema era unha subvención de Economía que se perdía, e entón foi falar co responsable para que reconsiderasen o tema, e houbo que facer un escrito para que non se perdera a subvención, pero quedou condicionado a ir a unha Comisión Galega; que ten noticias (verbais, non por escrito) de que queren incluír esta obra para o ano que vén, e que pensa terminala e poñela en funcionamento uns meses antes para poder eludi-los problemas que traen as concesións urbanas, pero que de momento estase á espera. O Sr. Gacio Tarrío pregunta se se ten pensado seguir con ela, e o Sr. Alcalde respóndelle que o que sexa aproveitable se usará como depósito ou o que fose. O Sr. Gacio Tarrío preguntalle se se lle dará conexión ó resto dos veciños, e o Sr. Alcalde respóndelle que si.-----

2) " Quixemos deixar pasa-las festas patronais de Cacheiras para que non se nos achacara que desexabamos botar máis leña ó lume co tema do campo das festas. Vde. ben sabe que este tema ten un pouco dividida a esta parroquia, que viu como este ano a festa se celebrou en terreos privados e fóra do lugar habitual. A pista que se abriu pola parte traseira, e que nos satisface a súa apertura, non é a solución total ó problema, dado que a maior dificultade estriba na falta material de espacio para organizar unhas festas como as que se están a organizar hoxe en día nas nosas parroquias. Por todo isto, e aínda que as festas parroquiais son organizadas por Comisións parroquiais que nada teñen que ver co concello, e a maioría dos terreos onde se celebran non son municipais, o noso grupo pensa que é unha obriga do concello o procurar darlle solución a problemas como o que se está a ver en Cacheiras, e que noutras parroquias se lle buscou solución por parte desta Corporación ou doutras anteriores. Para nós o campo da festa cumpre un servizo público ó se-lo lugar onde se celebran as festas, ven se-la praza pública das nosas parroquias que ó longo do ano se pode utilizar para outros fins: pistas de deporte, parque infantil, algún tipo de mercado ou "mercadillo" ...= Chegados a este punto, e visto o interese social que teñen este tipo de terreos, queremos deixar establecido o seguinte:= 1.- Cremos que o campo da festa de Cacheiras debe seguir no sitio actual.= 2.- O campo terá que ter necesariamente unha maior superficie da que ten.= 3.- O campo deberá ter cara a súa entrada principal, que é a estrada xeral, outra entrada, ademais da que xa ten entre a finca do Sr. Losada e a edificación de Casa Blanco. Do contrario teríamos unha soa saída por un camiño extremadamente estreito a unha zona da estrada xeral moi perigosa polo embudo que fai precisamente alí. O perigo de accidentes nesta zona é altísimo.= 4.- Por outra banda, e a través desa segunda entrada ó campo da festa, poderíanse establecer ó longo do ano zonas de aparcamento que evitasen que nese tramo, e ó longo de 200 metros, os coches ocupen e invadan totalmente as beirarrúas obrigando ós peatóns a utiliza-la calzada, con evidente perigo para a súa integridade. Unha vez máis, non sabemos cantas van, solicitamos do Sr. Alcalde solución a este problema. Se algún día ocorre unha desgracia pediremos responsabilidades pola pasividade do Alcalde.= Por todo o que antecede, pediríamoslle ó Sr. Alcalde:= 1º.- Que negocie cos propietarios dos terreos que rodean o campo da festa en base a estudia-la posibilidade de recalificar terreos ou facer estudos de detalle que permitan cesións ó concello para conseguirla referida segunda entrada desde a estrada xeral e a ampliación do campo.= 2º.- Que estas negociacións se fagan urxentemente co fin de que os veciños de Cacheiras teñan unha solución satisfactoria o antes posible, para que poidan programar en tempo e con serenidade as festas do próximo ano."-----

O Sr. Alcalde respóndelle que o campo de baile de Cacheiras non ten entrada á estrada xeral, e que fixo unhas xestións e conseguíuse paso pola leira dun veciño, pero este ano cerrou a finca e non deixou pasar ó campo; entón foise onda el e pediu non menos de 6 millóns, despois pedíuselle permiso para que deixase pasa-los camións este ano, e logo a Comisión de Festas decidiu leva-la festa para outro lado; que se fixo un estudio e a finca como tal non valería os 6 millóns de pesetas, pero como ben público si, e que se o pleno o cre conveniente séguense as xestións para comprar esa finca.-----

3) "Queremos refrescarlle a memoria en tres asuntos nos que vostede se comprometeu no pleno a tomar medidas, e que lamentablemente, ó igual que outros que de momento non mencionamos, pasaron ó esquecemento nunha proba de falta de respecto á oposición, á que nos ten Vde., desgraciadamente, bastante acostumados.= 1.- Fai xa dous anos, e por medio dunha moción dos Independentes, na que Vde. e o seu grupo se abstiveron, a oposición sacou adiante unha proposta para construír vivendas sociais de promoción pública. Ó longo destes dous anos o noso grupo preguntou por este tema e contestóusenos con vagedades. O certo é que os nosos veciños están a padecer esta deixadez por parte súa, e se viu a última relación de solicitantes de vivendas sociais públicas ofertadas polo concello de Ames, comprobará que nela aparecían como solicitantes varios veciños nosos. É vergonzoso o abandono de Vde. neste tema. Se pode, déanos información concreta, con datos concretos, sobre este tema, e díganos se hai algo sobre un solar polo que o concello oferta o 50% máis do que viñan pedindo por el os seus propietarios.= 2.- Seguindo unha orde cronolóxica, queremos facer referencia a unha proposta do BNG de xaneiro

do 96, na que se solicitaba algún tipo de monumento para conmemora-la Batalla de Montouto. Alí acordamos todos, recorda Vde., que como non ía dar tempo a inuguralo para o 23 de abril daquel ano (data da batalla), facultábase ó Alcalde para que encargase un proxecto de monumento e fíxese unha proposta para o seu emprazamento, co fin de inauguralo o 23 de abril desta ano. Nunca máis se soubo (Recorde o Sr. Alcalde que hoxe algún motivo desta batalla figura no noso escudo).= 3.- Fai agora un ano o Sr. Alcalde sorprendeunos con ducias de taboleiros de anuncios acristalados (nós naquel momento dixemos que nos parecían moitos e que era un gasto excesivo) situados en tódolos lugares do concello. Presentamos un escrito de denuncia, xa que neses taboleiros aparecen os nomes dos lugares, pero moitos deles sen acollerse ó Decreto polo que se regula a toponimia do concello. O Sr. Alcalde prometeu que lle esixiría á empresa que os instalou que corrixira eses erros (o que non sabemos é se foi un erro da empresa ou de quen facilitou a lista dos lugares). En todo caso, non tivemos máis noticias e todo segue igual.= A verdade é, Sr. Alcalde, que o noso grupo chegou á conclusión de que cando queiramos que algo non se leve a cabo no concello, témo-la opción de propoñelo, porque Vde. se encargará de levárno-la contraria. E sen dar explicacións. Isto parece, Sr. Alcalde, a procesión dos caladiños.= Por todo o que espuxemos, gustaríanos que nos dese unha explicación dos tres puntos mencionados no pleno ordinario."-----

En canto ás vivendas sociais, o Sr. Alcalde manifesta que nun pleno preguntou se algún concelleiro sabía dalgunha finca para comprar, e que está en negociacións para adquiri-las fincas (dá lectura ó escrito de oferta presentado); manifesta que esas fincas están unidas á granxa, polo que hai que mirar se se poden separar e, en caso afirmativo, ve-la posibilidade de edificar. Volve a pedir que, se algún concelleiro sabe dalgunha finca para comprar, que o informe. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que esas fincas se estaban ofertando por 50 millóns de pesetas, de repente ofrecéronse 48 e un día dixeron que non vendían. O Sr. Parajó Liñares manifesta que esa finca ten un contrato privado no que consta que era ofertada en 45 millóns e agora véndese por 25 millóns; o Sr. Alcalde manifesta que el non é quen para comprar unha finca para o concello, se o Sr. Parajó está insinuando algo diso do Alcalde. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que non dubida da boa fe do Sr. Alcalde, pero que pode dubidar doutras persoas, e o Sr. Alcalde respóndelle que ese é problema desas outras persoas, e que cando queiran insinuar algo traian probas; que cando sexa de compra-las fincas se informará ó pleno.-----

Neste momento abandoa a sala o concelleiro D. Mariano Sinde Pereiro.-----

En canto ó monumento conmemorativo da batalla de Cacheiras, o Sr. Alcalde manifesta que está en xestións para a adquisición do terreo para edificalo. O Sr. Gacio Tarrío pregúntalle se calcula que se fará neste mandato, e o Sr. Alcalde respóndelle que espera que si.-----

En canto á sinalización, o Sr. Alcalde manifesta que hai orde de face-la corrección na sinalización e non só nos taboleiros, e que deben de estar a facela.-----

4) "Sr. Alcalde:= De todos é sabido, a través dos medios de comunicación, que o concello de Santiago está a face-la planificación para sacar a concurso o transporte público.= Como é ben sabido o transporte público de Santiago entra no noso concello para darlle servicio á urbanización Os Tilos, por certo unha liña moi rendible.= Tamén é sabido que o resto do concello, e particularmente a zona norte, sensiblemente máis poboada, vén padecendo unha precariedade de servicios de autobuses, o que ocasiona grandes problemas a moitos veciños.= Sabemos o complicado que é este tema cos dereitos adquiridos por algunhas empresas en materia de concesións de liñas de transporte regular de pasaxeiros.= Por todo o exposto, o noso grupo solicita do Sr. Alcalde o seguinte:= 1º.- Que o transporte urbano de Santiago non entre de forma gratuíta no noso termo municipal.= 2º.- Que a compensación debida podería negociarse en base a chegar a acordos con outras empresas concesionarias para que, ben estas empresas ou a empresa

concesionaria de Santiago, incrementen o número de servizos a outras zonas do noso concello, hoxendía mal servidas en materia de transporte urbano.= Sobre este particular, solicitamos resposta no pleno ordinario por parte do Sr. Alcalde."-----

O Sr. Alcalde respóndelle que estudiará este tema.-----

5) "Sr. Alcalde:= O noso grupo desexa que no pleno ordinario do mes de setembro nos conteste o seguinte:= 1.- ¿Cales son as causas que levaron ó concelleiro Sr. Tallón a pasarse ó grupo mixto? ¿Só discrepancias sobre o cemiterio de Luou?.0 2.- Na pista que vai de Montouto a Penelas iniciouse a construción dun cemiterio municipal para darlle servizo á zona norte do concello. Leva moito tempo aparcado. ¿Que pasa? ¿Non se pensa continuo? De ser así, ¿cales son as razóns e onde se pensa propoñe-la súa construción? .= 3.- Hai un gran descontento coa recollida do lixo. Non se está cumprindo o contrato, e Vde. o recoñeceu nalgunhas ocasións. O lixo amóntase ó lado dos reducidos e escasos contedores e bota varios días alí dando unha imaxe penosa. Os contedores non se lavan. ¿Que opina o Sr. Alcalde de todo isto? ¿Cal é a solución? ¿Como se pensa doutar ó concello de contedores suficientes, xa que a Xunta, e os datos están aí, non ten en conta ó noso concello neste tema como en moitos outros? (Sr. Alcalde, ¿pensou que cos cartos dun ano de TV local poderíase doutar de contedores suficientes a todo o concello?).= 4.- ¿En que situación está o tema da praia fluvial? ¿Cal é a súa situación exacta? ¿Tívose en conta o desaugue da depuradora de Pontevea?.= 5.- Case fai dous anos que nos honrou coa súa visita o Sr. Cuiña. O Sr. Alcalde leulle unha lista numerosa de necesidades, das que o Sr. Cuiña lle pe'díu que fixese unha relación por prioridades, e que en oito días lle contestaría que temas desa lista abordaría a súa Consellería e en que prazos. ¿Sábese algo da súa contestación, ou non tivo en conta as peticións do noso Alcalde para nada?-= 6.- Non podemos estar de acordo co sistema arbitrario e amiguista de concesión de subvencións a Asociacións, clubs e demais. Dáse o caso de clubs que cun só equipo perciben máis do dobre que outros que contan con catro equipos; asociacións que coa quinta parte de alumnos en actividades cobran igual ca estas. Sr. Alcalde, isto é escandaloso e débesele poñer fin elaborando uns criterios de concesión de subvencións, sexan os seus dirixentes "dos nosos" ou non (recorde que na súa toma de posesión dixo que quería se-lo alcalde de tódolos teenses). Ademais será preciso facer un seguimento de a onde van parar estas subvencións.= 7.- En días pasados e nos medios de comunicación, con motivo do seu paso ó Grupo Mixto, o Sr. Tallón manifestaba que mentres en Cacheiras e Calo se levaban investidos corenta millóns, en Luou só se levan investidos dous e medio. Este é o noso criterio tamén, e agora vennos avalado por quen ostentou ata fai uns días a presidencia da Comisión de Facenda. ¿Podería o Sr. Alcalde entregarnos antes de fin de ano un estadillo cos investimentos reais por tódolos conceptos, con cargo ó presuposto municipal ou a outras Entidades, especificando cada concepto e distribuído por parroquias?.= 8.- Xa para rematar queremos facer fincapé no bochornoso espectáculo que se deu coa pretendida imposición de insignias. Sr. Alcalde, non pode culpar Vde. á oposición, xa que o acto (nós estamos esencialmente de acordo con el) foi mal programado por Vde. Era ilegal tal como Vde. pretendía facelo (sen contar con ninguén, coma sempre). Non nos explicamos que Vde. non coñeza a fondo o Regulamento das Corporacións Locais, e máis imperdoable que o Asesor xurídico, que pagamos entre todos, non se dera conta deste tema. Nunha empresa privada, e dado o ridículo que se fixo, estaría cesado. Pero que quede claro, a culpa é unicamente de Vde. Non pretenda cargarlla a ninguén.= 9.- Un último detalle. ¿Que pensa face-lo concello na pista do cemiterio de Cacheiras (referímonos á que vai desde a carretera da Igrexa ata a porta do camposanto), que no seu último tramo, desde o cruce coa que vai ó Sisto ata a porta de entrada estreita en 1,60 metros? Esa pista, como Vde. debe saber, ten unha largura en toda a súa lonxitude de 7 metros, a sí consta nos planos de concentración, pero nese tramo ten soamente 5,40 metros. ¿Pode un concello permitir tal cousa?"-----

En canto á recollida do lixo, o Sr. Alcalde responde que mandaron recentemente 50 contedores de 240 litros, 45 de 800 litros e 3 de vidro, e que está á espera de repartilos porque os están roubando e ademais estáse pendente dunha plantilla que pon "Concello de Teo". Segue dicindo que da Deputación deron unha subvención de 3.000.000 pts. para contedores de vidro e

papel, e que o vidro non ten problema para a recollida, pero o papel si, e estase negociando este tema, polo que os contedores de papel de momento "quedan aparcados".-

En canto ó desaugue da depuradora de Pontevea, manifesta que foi adxudicado e que faltan algunhas certificacións.-----

En canto á praia fluvial, manifesta que está á espera de se habería forma de poñer uns tobogáns de auga, e que o equipo de goberno vaise desprazar a outros concellos que os teñen; que na zona da Burga aumentou moito o salmón e podíase facer mal, e que o domingo vai a Madrid e vai levar ese proxecto; que os técnicos de Madrid están con proxectos que quedaron de traer hoxe.-----

En canto ás subvencións a asociacións, o Sr. Alcalde manifesta que se van seguir concedendo co mesmo criterio; o Sr. Gacio dille que sinte dicirlle que é inxusto, e di que non quere que lle responda a seguinte pregunta formulada no escrito.-----

O Sr. Gacio Tarrío solicita un estado de contas das parroquias como ten o Sr. Alcalde.----

6) "Sr. Alcalde:= No seu programa electoral había algúns puntos coincidentes co noso, e que pasados case dous anos e medio de lexislatura parece que morreron no esquecemento máis absoluto.= 1.- Estámonos a referir á sinalización do concello. Non podemos pensar nun concello moderno (vai ser cruzado por miles de peregrinos no próximo Ano Santo), cando este carece da máis simple sinalización. ¿Non cre o Sr. Alcalde que este tema urxe máis que a TV local?.= 2.- Escola-Taller. Parece que un concello como Teo debe contar cunha Escola Taller, que contribúa a formar á nosa xuventude e deste xeito loitemos contra o paro. Nós pensamos que a escola taller debe estar orientada a posibles postos de traballo en sectores económicos do concello ou dos concellos limítrofes; por isto, propoñeríamos como posibles sectores a estudar para solicitar esta escola os seguintes:= Sector de Hostelería.= Sector de imaxe e son.= Sector relacionado co mundo da construción.= É fácil para vostede dicirnos que estes temas, como outros, xa os ten negociados con non sei quen, que xa Vde. xantou con tal ou cal, pero o que a nós nos interesa é ter datos concretos de como están na actualidade, en que fase de elaboración ou redacción están, a súa temporalización, etc.= Sr. Alcalde, ¿podería darnos información sobre estes temas?".-----

En canto á escola-taller, o Sr. Alcalde manifestou que faltaba información, e que tamén uns camiños que se poñían para restaurar resultou que non eran propiedade do concello; que está á espera de trámites por esa falta de documentación.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta se a instalación de auga potable está entregada o concello e quen leva o mantemento; o Sr. Alcalde respóndelle que en canto lla entreguen ó concello levará este o mantemento, pero que a empresa ten moi pouco diálogo co concello. O Sr. Gacio dá lectura ó informe de data 12 de xuño, e o Sr. Alcalde dille que ese informe tamén o ten el, que avisou á Xunta de Galicia e que pensa que está solucionado.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta que se sabe de "Parque Montouto", e o Sr. Alcalde respóndelle que xa llo dixo con anterioridade.-----

Toma a palabra o Sr. Parajó Liñares, e:-----

1) Pregunta que pasa con plano PRODER, que non lle deron nada a Teo e a outros sitios si; O Sr. Alcalde respóndelle que foi denegado polo Ministerio, que se fixo unha asociación e que denegaron a solicitude como denegaron máis; o Sr. Parajó Liñares pregunta se ía mal, e o Sr. Alcalde respóndell que non, que era un programa que se pediu e denegárono. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o di porque cando se pide unha cousa Teo queda mal, igual que a escola-taller; dille ó Sr. Alcalde que hai que deixa-las viaxes a Madrid. O Sr. Alcalde respóndelle que non lle cobra un peso ó concello por estas viaxes, e o Sr. Parajó respóndelle que hai que cobrar pero traer, que outros non van a Madrid e consiguen cousas.-----

2) Pregunta por compra de fincas por parte do concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten potestade para comprar unha finca para o concello sen o consentimento do pleno, así

que non é certo o que di o Sr.

Parajó.-----

3) Pregunta se o concello ten prevista algunha permuta ou venta en San Saturniño, e o Sr. Alcalde respóndelle que de momento non, pero non quita que nun futuro se faga.-----

4) Pregunta sobre o asfaltado de estradas de Padrón a Ponte Ulla, e o Sr. Alcalde respóndelle que Ponte Ulla non lle preocupa, que lle importa o de Vedra e eso estáse facendo, e que cando deron os cartos chamáronos ós dous Alcaldes.-----

5) Pregunta se hai proxecto do centro de saúde de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que o concello lle deu a licencia de obra a unha empresa do SERGAS e que non ten nada que ver mentres non o entreguen.-----

6) Pregunta se se van facer dúas ou tres praias fluviais, xa que o Sr. Alcalde lle prometeu a uns veciños de Teo que se ía facer unha nunha finca nesa parroquia; o Sr. Alcalde respóndelle que procura non ofrecer se non pode dar, e que cando promete algo lévao a cabo; que a Teo só se foi mirar, nada máis.-----

7) Manifesta que viu aprobadas facturas de formigón por importe de 800.000 pts., e pregunta a onde foi parar; o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos.-----

8) Pregunta polo parque público da Torre, e o Sr. Alcalde respóndelle que se está pendente de máis, que o Sr. non dá feito e é o máis barato que hai.-----

9) Pregunta polas obras en Cornide, e o Sr. Alcalde respóndelle que están para facer.-----

10) Manifesta que o patio da escola do Aido está cheo de matorrais, e o Sr. Alcalde respóndelle que precisamente hoxe deben de estar limpando as escolas todas, que onte non tiñan o tractor.-----

11) Pregunta se é certo que se vai facer un cemiterio municipal en Luou, e o Sr. Alcalde respóndelle que non "toque de oído", que non hai nada diso de momento; o Sr. Parajó pregúntalle se ten pensado facelo, e o Sr. Alcalde respóndelle que de momento non.-----

12) Manifesta que hai algunhas obra (Oza, Cacheiras...) que se empezan en momentos inoportunos, xusto antes das festas, e o Sr. Alcalde respóndelle que está mal informado, que en Santa Eufemia non se fixo ningunha obra do concello cerca da festa de alí; que as obras das que fala o Sr. Parajó deben ser as de ampliación que fai a Consellería de Agricultura, e o concello non é quen para dicirlle cando deben comezalas, e que a de Raxó fíxose porque se non perdíanse uns cartos dunha subvención.-----

13) Pregunta polo peche dalgunhas escolas unitarias, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten noticias de que pechen ningunha; que unha das que querían pechar era a de Tras do Exo. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o Sr. Alcalde, no último pleno, quedou de mirar cales pechaban e cales non, e pregunta se se fixo algo; o Sr. Secretario respóndelle que foron o Sr. Alcalde e mais el á Xunta a pedir que non pecharan ningunha.-----

14) Pregunta polo deslinde de Ames e Padrón, e o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Parajó falou da zona do Milladoiro e que se está con este tema.-----

15) Manifesta que o muro do Sr. Castiñeiras segue alí, e pregunta se se deu orde de derruba; o Sr. Secretario respóndelle que o ignora.-----

16) Manifesta que o contrato con AQUAGEST remata en novembro ou decembro, e hai que denuncia-la súa rescisión; o Sr. Alcalde respóndelle que tomaráse nota a ver que se fai.-----

17) Pregunta cando acaba o do alumado público, e o Sr. Alcalde respóndelle que se mirará.-----

18) Pregunta se se vai permitir que a auga de Teo vaia para Milladoiro antes que para Vilar de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que non se pode toca-la segunda fase mentres a empresa non entregue a auga.-----

19) Manifesta o seu malestar porque se sacase unha marquesina de Calo e se puxese en Recesende, habendo sitios bastantes en Calo para poñela; pregúntase por que os concelleiros de Calo permiten iso.-----

20) Pregunta se se lle mandou algún escrito ó Sr. que queima en Montouto, e o Sr. Secretario respóndelle que se falou con el e dixo que non queima nada contaminante e que está a punto de pecha-la

empresa.-----

21) Solicita que se investigue o tema dunha pista existente en Monte, onda a casa do Sr. Ferreiro, e manifesta tamén que a pista de Galanas á Grela está chea de escombro; o Sr. Alcalde respóndelle que quere elimina-los verquidos incontraolados, e que ten sobre a súa mesa fotos de vertedeiros antes e despois, unha vez limpos, pero que non se pode estar tódolos días en tódolos sitios onde a xente tira lixo.-----

22) Pídelle ó Sr. Alcalde que tome medidas para a limpeza de cunetas, que non se pode saltar dun lado para outro, limpando cando hai festa; o Sr. Alcalde respóndelle que o tractor tivo unha avería e houbo que pedir unha peza que non había, o que retrasou a limpeza de cuentas.-----

23) O Sr. Parajó Liñares manifesta que veciños do Eo dos Menecos solicitaron unhas obras e non recibiron resposta (era que botasen zahorra nuns sitios). O Sr. Alcalde respóndelle que o técnico ten orde de que se faga.-----

24) Manifesta que en Vilar de Calo, as cunetas entre o Bar Novo e o Bariloche están atascadas, e o Sr. Alcalde respóndelle que xa deu orde a "Martínez Montes e Hijos, S.L." de que as desatascasen.-----

25) Manifesta que a pista de Caxade está chea de baches, e o Sr. Alcalde respóndelle que xa se arranxou.-----

26) Manifesta que en Insua non collen nin dous coches, que había que tratar de solucionar este tema, e que, por outro lado, póñense puntos de luz a amigos; que o Sr. Carballo, veciño de Fandiño, pediuno hai dous anos e aínda está sen el, e ademais están os puntos de luz de Balcaide. O Sr. Cea Ferreiro manifesta que este último tema é culpa súa, porque non lle comentou nada ó Sr. Alcalde. O Sr. Parajó Liñares manifesta que cómpre poñer un punto de luz onda a casa do Sr. Amadeo Carbajales, e o Sr. Alcalde respóndelle que se lle poñerá; o Sr. Parajó pide tamén que se poña un punto de luz onda a casa de Pedro e de Brea, en Cesar.-----

27) Manifesta que había un contedor diante do bar "A Cova" e desapareceu, pero o grupo de goberno e mailo Sr. Alcalde saben quen o ten; o Sr. Alcalde respóndelle que el non o sabe, que llo diga o Sr. Parajó.-----

28) Manifesta que hai coches aparcados na beirarrúa da rúa do Carballo, nos Tilos, e o Sr. Alcalde respóndelle que mirará este tema.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as quince horas e dez minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE
1997.**-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Manuel Neira Picallo
D. José Luis Mallo González
D. Antonio Castroagudín Valladares
D. Mario Fandiño Pazos
D. Ramón Cea Ferreiro
D. Manuel J.L. Pereira Suárez
D. Manuel R. Cajaraville Campos
D. Manuel Mata Iglesias
D. Julio Gacio Tarrío
D. Martín J. Noriega Romaguera
D. Mariano Sinde Pereiro
D. F. Manuel Parajó Liñares
D. Pedro R. del Árbol Amo
D. Antonio Seoane Blanco
D. Xosé Luis Otero Cepeda
D. Manuel Tallón Rego

Secretario:

D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a cinco de novembro de mil novecentos noventa e sete.-----

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia dezasete membros que o compoñen, a fin de celebra-la sesión ordinaria convocada para este día.-----

Asiste o Secretario da Corporación,
D. Jaime Bascoy Liste.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde felicita ós distintos grupos políticos municipais polo resultado das eleccións autonómicas.-----

Seguidamente pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTE-

RIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó bo-

rrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que vai votar a favor da acta, aínda que algúns puntos están moi resumidos, por exemplo cando se preguntaba por que marchou do grupo de goberno, non se reseñan as cantidades investidas en cada parroquia, que el especificou, e tampouco se fala da pista de Loureiro e da masa común de Insua. Opina que estes erros poderíanse evitar gravando as actas.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que o punto do incidente onde o Sr. Alcalde mandou chamar á Garda Civil está demasiado resumido, xa que o Sr. Alcalde non mandou a algunha persoa da sala, senón a unha concreta, e a Garda Civil, que xa estaba avisada e rondaba polos arredores da casa do concello, compareceu na porta da sala, onde o Sr. Alcalde lles dixo que agardasen un pouco. O Sr. Alcalde preguntalle ó Sr. Otero Cepeda se sabe se a Garda Civil estaba avisada, e este respóndelle que loxicamente si, porque estaba na Ramallosa cando sole estar en Lestedo. O Sr. Alcalde dille que a Garda Civil fai continuamente rondas polos concellos da súa demarcación, e que o incidente está suficientemente recollido na acta, polo que non se modificará. O Sr. Otero Cepeda pide que conste tal como o expón, e o Sr. Alcalde dille que constará no punto 1 da acta da sesión actual.-----

O Sr. del Árbol manifesta que no punto 6 da súa intervención hai un erro de transcripción, que onde di "recollida de lico" debe dicir "recollida de lixo", e que no punto 9 tamén da súa intervención, cando di "a urbanización dá asco, non está limpa", non consta a resposta do Sr. Alcalde,

que lle dixo que ese será o criterio do Sr. del Árbol, xa que a el os veciños lle din que está moi ben. O Sr. Alcalde respóndelle que non recorda se respondeu iso, e que en todo caso a intervención do Sr. del Árbol neste punto está ben recollida, polo que non se modificará a acta.-----

O Sr. Parajó Liñares protesta polo retraso no envío das actas, xa que despois de tanto tempo ninguén recorda o que dixo, como acaba de demostra-lo Sr. Alcalde, e protesta tamén porque a copia que lle chegou estaba mal fotocopiada e mal cosida. Manifesta que no punto 26 da súa intervención, onde di "na casa de Pedro de Brea" debe dicir "na casa de Pedro e de Brea". Manifesta que todos estes problemas se solucionarían gravando as actas, e o Sr. Alcalde respóndelle que ninguén lle impide traer unha gravadora e gravalas.-----

O Sr. Gacio Tarrío coincide co Sr. Otero Cepeda en que non está ben recollido o incidente no que se chamou á Garda Civil, que foi certo que este a mandou chamar, os números chegaron ata a porta e o Sr. Alcalde lles dixo que esperasen alí. Manifesta que nada nas actas se suxeita á realidade e pide que se tomen medidas para corrixir isto, tales como gravalas sesións ou traer máis funcionarios para que collan notas.-----

O pleno do concello, por dez votos a favor e sete en contra, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez realizadas a primeira corrección proposta polo Sr. del Árbol e maila proposta polo Sr. Parajó Liñares, e que se rexistre no libro destinado para o efecto.-----

2.- CONVOCATORIA DA PRAZA DE ANIMADOR DEPORTIVO .- Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para a creación e provisión dunha praza de animador deportivo, como persoal contratado temporal. O Sr. Alcalde manifesta que esta é unha praza subvencionada pola Excm. Deputación Provincial con 1.000.000 pts., e que o ánimo do equipo de goberno é, xa que está concedida a subvención, convoca-la praza.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo está de acordo con este asunto, xa que o seu grupo pediu o ano pasado que se crease; di que outros concellos cercanos xa o teñen desde hai bastante tempo, e pregunta cando se solicitou a subvención; o Sr. Alcalde respóndelle que en febreiro, o Sr. Parajó pregunta cando veu concedida e o Sr. Alcalde respóndelle que en setembro, e o Sr. Parajó opina que o lóxico sería ter xa un animados para o principio do curso 97-98.-----

O Sr. Secretario dá lectura ás Bases que figuran no expediente, e o Sr. Gacio Tarrío móstrase disconforme con que sexan o concelleiro presidente da Comisión de Educación ou o Sr. Alcalde os que determinen o horario do animador deportivo, sendo partidario de que o fixe a Comisión de Educación ou a de Goberno. O pleno móstrase conforme con modificar este punto das bases, determinando que sexa a Comisión de Goberno a encargada de fixa-lo horario do animador deportivo.-----

O Sr. del Árbol opina que se lle debería esixir que fose monitor, e o Sr. Secretario respóndelle que xa se esixe titulación no baremo.-----

O Sr. Alcalde manifesta que a Deputación ten que nomear un Alcalde da provincia para formar parte do tribunal, e xa nomeou titular a D. José Toja Parajó, Alcalde de Santa Comba, e suplente a D. Manuel Moscoso López, Alcalde de Arzúa.-----

O Sr. Tallón Rego maniféstase de acordo coa convocatoria da praza e coas bases que figuran no expediente, coa modificación aprobada polo pleno.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que este asunto xa foi discutido na Comisión informativa, e opina que cinco días é un prazo moi pequeno para presentación de instancias, polo que pide que se alongue, a fin de que se poida enteirar máis xente, xa que se colle un fin de semana polo medio apenas lles quedan días para prepara-la documentación; di tamén que é unha praza pensada para titulados, polo que é preferible que se poidan presentar moitos para que se poida escolle-lo mellor. O Sr. Secretario respóndelle que hai moitos outros concellos que o fixeron con este prazo, e que a xente que se presenta a estas prazas é sempre a mesma e está ben informada. O Sr. Alcalde opina que é suficiente cun anuncio nun dos diarios de maior tirada da provincia, e un prazo de cinco días para presentación de solicitudes.-----

O Sr. Otero Cepeda opina tamén que o horario de traballo dun animador deportivo é un asunto delicado, porque terá que ser moi flexible, xa que irá ós colexios en horas non lectivas ou nas de ximnasia, terá que traballar sábados e fins de semana, etc.; o Sr. Alcalde respóndelle que fará 40 horas semanais e, se ten que traballar durante os fins de semana, compensaráselle as horas en días lectivos. O Sr. Otero Cepeda opina que o horario de traballo debería figurar na convocatoria, e o Sr. Alcalde respóndelle que non se pode fixar horario mentres non fale o animador coas APAS, directores dos colexios, asociacións deportivas, etc., xa que só desta forma poderá reparti-las horas segundo sexa necesario. O Sr. Otero Cepeda opina que, de todos modos, podería constar na convocatoria que terá que adaptarse ó horario escolar, e que debe de haber unha persoa que lle faga un seguimento, un control. O Sr. Secretario respóndelle que precisamente diso trataba cando, ó redacta-las bases, puxo que lle determinaría o horario o presidente da Comisión de Educación, Xuventude e Deportes, e que, de todos modos, entre a documentación que ten que presentar figura unha memoria de actividades.-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta que titulación mínima se lle esixirá, e o Sr. Secretario volve a dar lectura ó baremo: "Licenciado en educación física, 3 puntos; Maxisterio, especialidade en educación física, 2,5 puntos; Técnico en actividades físicas e animación deportiva, 1,5 puntos". Pregunta cal será o seu salario, e o Sr. Alcalde respóndelle que sobre 125.000 pts. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo é partidario de que se esixan titulacións mínimas, e o Sr. Secretario respóndelle que xa se esixe (técnico en actividades físicas e animación deportiva, como especifica a convocatoria de subvencións da Deputación). O Sr. Parajó Liñares manifesta que se podería pedir titulación de técnico en animación deportiva e tempo libre, e o Sr. Mallo González respóndelle que non é o mesmo, que o de tempo libre é para campamentos e actividades similares. O Sr. Parajó Liñares manifesta que, se a titulación é a que pide a Deputación, o seu grupo está conforme.-----

O Sr. Gacio Tarrío pide que se faga constar que terá que levar a cabo actividades nos fins de semana, para que non se chame a engano; o Sr. Fandiño Pazos respóndelle que o importante é que cubra os obxectivos, que ten que presentar un programa e que de todos modos ten un período de proba de un mes, polo que se non cumpre os traballos sempre se pode tomar medidas. O Sr. Mallo González opina que ó traballa-los fins de semana se lle compensarán as horas nos días lectivos.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda:-----

1º.- Convoca-la praza de animador deportivo, en calidade de contratación temporal de persoal laboral.-----

2º.- Aproba-las bases para a contratación de animador deportivo que figuran no expediente, coa modificación proposta polo Sr. Gacio Tarrío e aprobada polo pleno neste acto.-----

3º.- Aprobar igualmente a composición do tribunal calificador, que estará formado por:---

- Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente do concello, ou concelleiro no que delegue.-----

- Secretario: O da Corporación, ou funcionario no que delegue, con voz e sen voto.-----

- Vocais: Un concelleiro do equipo de goberno do concello, designado polo Sr. Alcalde.--

Un concelleiro de entre os grupos minoritarios da Corporación, designado por

estes.-----

Un representante sindical.-----

D. José Toja Parajó, e como suplente D. Manuel Moscoso López, en representación da Deputación.-----

4º.-Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

3.- DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POR D. ANTONIO AMARO CENDÓN E OUTRO SOBRE INSTALACIÓN DE PLANTA DEPURADORA.-

O Sr. Secretario dá conta do expediente que se tramita en virtude do recurso contencioso-administrativo interposto por D. Antonio Amaro Cendón e D. José Antonio López Bustelo contra a instalación dunha planta depuradora en Oza, manifestando que cómpre que o concello acorde nomear avogado que o defenda neste xuízo.-----

O Sr. Alcalde manifesta que a depuradora está terminada e en pleno rendemento, aínda que en período de probas, que esta obra está xa para certificar e que, por mor do recurso interposto contra a concesión de licenza, a citada obra sufriu retrasos que ocasionaron que houbera que ir á Xunta de Galicia para pedir un novo prazo de tempo para terminala, a fin de non perder a subvención, e ó final parece ser que se vai conseguir esta. Manifesta tamén que el, como Alcalde, tiña potestade para nomear avogado, pero que preferiu traer este asunto ó pleno.-----

Os Sres. Tallón Rego e Otero Cepeda maniféstanse de acordo con que se nomee avogado para defender os intereses do concello neste recurso.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo nunca estivo de acordo en que se instalase a depuradora nese sitio nin de que se mercasen terreos para poñela alí, porque era soamente cambiar o problema de Feros para Oza, polo que se absterá na votación deste asunto. O Sr. Alcalde respóndelle que a instalación da depuradora en Oza non foi decisión do seu equipo de goberno, senón do anterior, e que xa estaban gastados máis de 11 millóns e había unha subvención doutros 20 millóns, polo que optou por aproveitar o que había feito e continua-la obra. O Sr. Parajó dille que xa daquela o grupo municipal do PSdeG-PSOE non estivo de acordo e segue sen estar agora, reiterando que a súa postura será a abstención.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo está de acordo co nomeamento de avogado.

O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal o de asistentes o de dezasete, acorda facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para nomear avogado que defenda a este concello no recurso contencioso-administrativo interposto por D. Antonio Amaro Cendón e D. José Antonio López Bustelo contra instalación de planta depuradora en Oza, así como para continuar os demais trámites do expediente.

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DA CONSISTORIAL .- O Sr. Secretario dá conta do expediente que se tramita para a execución de obras de reforma e ampliación da casa do concello, manifestando que cómpre, se o pleno o estima conveniente, aprobar o proxecto das citadas obras.-----

O Sr. Alcalde manifesta que había un proxecto redactado en principio, que presentou na Xunta de Galicia, que sumaba máis de 40 millóns de pesetas, e alí dixerónlle que era demasiado, que había que rebaxalo aproximadamente ata a metade; entón redactouse este, por importe de 20.245.860 pts., pero para 1997 concederon unha subvención pequena e hai que xustificar obra sobre 2.000.000 pts. antes de fin de ano, polo que a obra haberá que facela por fases, e existe compromiso da Xunta de Galicia de conceder máis cartos para 1998. O Sr. Secretario manifesta que o proxecto está a disposición dos Sres. concelleiros que queiran examinalo, e o Sr. Mallo González informa de que esta primeira fase das obras consiste en cambiar de sitio o depósito de gasóleo da calefacción, máis ata o centro sociocultural, levantar uns pilares e botar dúas placas.--

O Sr. Gacio Tarrío pregunta se o proxecto contempla o total da obra, e o Sr. Alcalde respóndelle que si, pero que haberá que facela por fases; o Sr. Parajó Liñares pregunta cantos cartos se conseguiron, e o Sr. Alcalde respóndelle que ten sobre 4 millóns conseguidos por un lado e 7 por outro; en total, case 12 millóns, cre recordar, pero non ten datos concretos neste momento, e que máis adiante verá de conseguir outras subvencións. O Sr. Parajó Liñares manifesta que vai votar a favor neste tema, aínda que non viu o proxecto, xa que cando se celebrou a sesión da comisión informativa non o había, e que espera que nesta obra vaian incluídos os locais da oposición; o Sr. Secretario respóndelle que a obra vaise comezar precisamente por aí.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto da obra "Ampliación e reforma da casa consistorial", redactado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela por importe de vinte millóns duascenas corenta e cinco mil oitocentas sesenta pesetas.-----

5.- CONVENIO CO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE PARA MELLORAS NOS TILOS.- O Sr. Secretario dá conta do expediente que se tramita para a sinatura dun convenio co Ministerio de Medio Ambiente para levar a cabo obras de mellora nos Tilos, ó abeiro do R.D. de 2 de marzo de 1983, número 616/83, do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación), inserto no B.O.E. número 73 , do 26 de marzo de 1983).-----

O Sr. Alcalde manifesta que foi a Madrid a levar un proxecto, non feito por persoal do concello, da obra do recheo todo dos Tilos, por un importe de 40.987.066 pts., presentouno no Ministerio de Medio Ambiente, onde o estudiaaron, e agora remitíronlle ó concello un borrador de convenio para facer esta obra, que abrangue o acondicionamento de zonas verdes nos Tilos (a zona do recheo), con plantación de árbores, construción de carreiros, piscina e demais, nunha superficie aproximada de 5.000 m². Manifesta tamén que hai que agradecerle ó Ministro de Sanidade, Sr. Romay Beccaría, e ó Conselleiro D. Dositeo Rodríguez, os esforzos que realizaron para que lle concederan o convenio a este concello.-----

O Sr. Secretario manifesta que cómpre que o pleno acorde, se o estima conveniente, aproba-lo proxecto da obra, solicita-la sinatura do convenio e facultar ó Alcalde para asinalo.-----

O Sr. Alcalde manifesta que quedaría unha obra bonita sobre o recheo, e que se quedou co Ministerio en que se podía modificar e corrixir algunha parte do proxecto, tal como as especies de árbores que se plantarán, sempre que a empresa non teña inconveniente, que cre que non o terá.-----

O Sr. Secretario dá lectura ó borrador do convenio remitido polo Ministerio de Medio Ambiente, que figura incluído no expediente.-----

O Sr. Alcalde manifesta que cando levou a Madrid o proxecto desta obra levou tamén o da Burga, pero só concederon convenio para o máis caro, que é o dos Tilos, e que no futuro volverá a levar o da Burga a ver se para entón o conceden tamén.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que votará a favor neste asunto.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que tamén votará a favor, xa que no seu momento se queixou de que a obra era perigosa e agora hai que facer un muro de contén, non se puido construír aí o polideportivo e mesmo dá problemas face-la piscina; o Sr. Alcalde respóndelle que o polideportivo sí se podía facer, pero custaba sobre 20 millóns construír lle uns pilotes ata o fondo, e que a obra que se pretende facer mediante o convenio non é soamente o muro de contén.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que o que lle preocupa é que se aceptou para o recheo a terra que se estaba sacando do Paxonal, e que a empresa que contratou o desmonte do Paxonal cobrou sobre 500 millóns, asumindo o compromiso de desfacerse da terra, polo que pensa que se lle puido cobrar algo a esta empresa por deixarlle bota-la terra nos Tilos; o Sr. Alcalde respóndelle que lle está agradecido a esa empresa por trae-la terra para alí, e o Sr. Otero Cepeda respóndelle que quen debía estar agradecido era o contratista; que nesa zona dos Tilos había unha pendente natural con árbores, deshumanizouse e agora hai que humanizado; que se van gastar un montón de cartos (que afortunadamente non terán que saír das arcas municipais) un sitio onde só era necesario cortar as malezas e replantar algunhas árbores.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que sempre estivo en contra do recheo, xa que desfecía un parque natural; que ó principio, cando se comezou o recheo, díxose que se ía facer alí un campo de fútbol, despois que se ía construír alí un polideportivo e agora resulta que non se pode facer

ningunha das dúas cousas. O Sr. Alcalde respóndelle que nunca se falou de facer alí un campo de fútbol, senón de comprar terreos para que Concentración Parcelaria deixase preto dos Tilos unha leira apta para campo de fútbol; o Sr. Mallo González manifesta tamén que nunca se falou, nin se pensou, poñer un campo de fútbol na zona do recheo. O Sr. Parajó Liñares manifesta que a postura do seu grupo neste asunto será a abstención.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo nunca estivo de acordo con que se estropea- se o parque natural dos Tilos, e chama a atención da Corporación sobre o feito de que o polideportivo custa sobre 70 millóns, o recheo máis de 40 millóns e sumándolle as obras nas beirarrúas, os terreos que se mercan, etc., o investimento nos Tilos vaise a uns 200 millóns. Di que isto non lle parece mal, pero opina que o resto do concello tamén necesita cousas, polo que pide que se teña en conta, para o futuro, o que se leva investido nos Tilos e se compense ó resto do concello. Anuncia que o seu grupo votará a favor neste tema.-----

O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-lo proxecto da obra "Acondicionamento de zonas verdes dos Tilos", redactado polo enxeñeiro D. José Ramón Negueruela Sánchez por importe de corenta millóns novecentas oitenta e sete mil sesenta e seis pesetas.-----

2º.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a sinatura dun convenio para a realización da citada obra.-----

3º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para asina-lo citado convenio e para continua-los demais trámites do expediente.-----

4º.- Manifestar que o concello dispón dos terreos necesarios para esta obra, que pon a disposición do Ministerio de Medio Ambiente durante o prazo de un ano , prorrogable de ser necesario, transcorrido o cal lle serán devoltos ó concello para o seu mantemento e conservación.---

6.- RECEPCIÓN OBRAS DE ALCANTARILLADO DE RIBEIRA-FEROS .- O Sr. Alcalde manifesta que o anterior goberno municipal deixou pendente o pago da obra de alcantarillado de Ribeira-Feros, realizada polo contratista D. José María Andrade Rodríguez, xa que segundo parecía a obra non estaba ben realizada; que este asunto se trouxo a un pleno na actual lexislatura, onde se acordou pedirlle a unha empresa un informe do estado dese alcantarillado e un presuposto do que custaría deixalas en perfectas condicións, a fin de que, se así o acordaba o pleno, se lle pagase ó contratista a diferenza entre o custo da obra realizada e o do arranxo; que se lle encargou ese estudio a "Aquagest, S.A.", que meteu un "toupo" polas tuberías e realizou o informe que consta no expediente, e ó que dá lectura o Sr. Secretario e do que resulta que as obras necesarias para arranxa-lo alcantarillado de Ribeira-Feros importan 2.191.332 pts. Manifesta tamén o Sr. Alcalde que cómpre que o pleno tome unha decisión o antes posible, xa que sería ben face-lo arranxo antes de que se enganchen máis casas ó alcantarillado, xa que entón aumentará o caudal e será máis difícil facelo, polo que o pleno deberá acordar a que empresa se lle contrata o arranxo do alcantarillado e se se lle paga a diferenza ó contratista.-----

O Sr. Tallón Rego opina que esta obra foi "unha chapucilla", xa que o acordo de facela non consta en ningunha acta, e opina que o correcto, para pagarlle ó contratista, sería que arranxase a obra antes.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que este tema é bastante irregular, que parece ser que se lle vai pagar unha parte do custo da obra ó contratista que a fixo e a outra parte á empresa que a arranxe; o Sr. Alcalde respóndelle que se lle pode contrata-lo arranxo á empresa que a fixo o informe ou ben á que fixo a obra, esixindo garantías en calquera dos casos. O Sr. Otero Cepeda manifesta que, xa que o Sr. Alcalde non pediu a opinión da Corporación noutros temas máis importantes, non opinará neste, absténdose na votación.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que a postura do seu grupo será tamén a abstención, xa que se trata dunha obra de máis de cinco millóns de pesetas que se fixo sen o preceptivo acordo plenario, sen que o Alcalde tivese potestade para contratala por si só.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que dá a impresión de que o Sr. Alcalde quere que a oposición "lle saque as castañas do lume", e pregunta cal é a proposta do equipo de goberno; o Sr. Secretario respóndelle que é pagarlle a diferenza entre o custo da obra e o do arranxo e contratarlle este a outra empresa. O Sr. Gacio Tarrío pregunta por que non se lle manda arranxala ó mesmo que a fixo e despois se lle paga o total da obra, e o Sr. Secretario respóndelle que falou co contratista e este está disposto a cobrar só a diferenza ou a arranxala e cobra-lo total, deixando a decisión a criterio da Corporación; o Sr. Gacio Tarrío manifesta que a postura do seu grupo, neste caso, será a abstención. O Sr. Alcalde manifesta que, se non se alcanza o consenso neste tema, deixarásese a obra sen pagar e que o contratista denuncie ó concello.-----

O Sr. Neira Picallo preguntalle ó Sr. Gacio que opinaría se a proposta do equipo de goberno fose que arranxase a obra o contratista que a fixo e pagarlla toda, e o Sr. Gacio respóndelle que iso é algo que debe decidi-lo equipo de goberno. O Sr. Alcalde manifesta que este pago corresponde a unha obra que non foi acordada por esta Corporación, e que non quere collese as mans con este tema; que se tirará para adiante se tódolos concelleiros están de acordo. O Sr. Secretario manifesta que tal vez se poida chegar a un consenso entre tódolos grupos da Corporación.-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta como se pode estar utilizando unha obra que está sen pagar, e o Sr. Alcalde respóndelle que é unha obra do anterior goberno municipal e que en ningunha parte consta ningún compromiso, nin deste equipo nin do anterior; que o pleno pode optar por pagar toda a obra, parte dela ou deixala sen pagar. O Sr. Parajó Liñares opina que se se está utilizando a obra o contratista pode denunciar ó concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que nese caso terá que denunciar a quen lle mandou face-la obra; o Sr. Parajó Liñares dille ó Sr. Alcalde que nese momento el era Tenente de Alcalde, polo que tamén terá algunha responsabilidade, e este respóndelle que non foi el quen mandou que se fixese a obra e que en ningún momento se lle pediu opinión.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta por que non arranxa a obra o contratista que a fixo e se lle paga toda ó final, e o Sr. Alcalde respóndelle que o equipo de goberno non ten inconveniente en que así sexa, se hai consenso de toda a Corporación. O Sr. Tallón manifesta que esa foi precisamente a súa proposta, que a arranxe o mesmo contratista que a fixo.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que se ratifica no que dixo na súa intervención anterior.----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que xa dixo todo o que tiña que dicir sobre este tema, e pide conste literalmente en acta o falado sobre el.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o tema desta obra foi "unha chapuza" por parte da Corporación anterior, e o Sr. Alcalde respóndelle que a obra era parte de un plano de Cooperación, unha ampliación de obra, e ascendía a 5.751.157 pts.; o Sr. Gacio Tarrío di que o Alcalde non podía contratar unha obra de máis de 5 millóns de pesetas, porque non ten potestade para facelo, e opina que hai que tratar de arranxar esta chapuza e darlle servizo ós veciños. Propón que arranxe a obra o mesmo contratista que a fixo e, unha vez arranxada e comprobada, se lle pague o custo total da obra nada máis, sen os arranxos, e que faga un documento no que se comprometa a non reclamar máis cartos e a someterse ó veredicto dos técnicos municipais. Pide así mesmo o Sr. Gacio Tarrío que quede claro que se hai algunha responsabilidade hai que esixirlas ó anterior equipo de goberno municipal, e que todo isto se faga o antes posible, a fin de darlle servizo ós veciños. O Sr. Alcalde respóndelle que o equipo de goberno non ten ningún inconveniente en aceptar esta proposta, e o Sr. Mallo González fai constar que este acordo será válido sempre e cando o contratista acepte estas condicións, e que en caso de que non o acepte o concello terá que asumir-lo arranxo obras e non pagarlle ó contratista; o Sr. Neira Picallo opina

que se non se lle paga a obra non se debe usar, polo que habería que construír un alcantarillado paralelo.-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta se non había un acordo sobre este tema nalguna sesión da Comisión de Goberno do equipo anterior, e o Sr. Tallón Rego respóndelle que non.-----

O pleno do concello, por trece votos a favor e catro abstencións, sendo o número legal e de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Que D. José María Andrade Rodríguez proceda ó arranxo da obra "Alcantarillado de Ribeira-Feros", segundo informe realizado por "Aquagest, S.A.", aboándosele, unha vez rematada e comprobada esta obra, a cantidade total de cinco millóns setecentas cincuenta e unha mil cento cincuenta e sete pesetas, debendo constar no expediente un documento asinado polo contratista xustificativo de que este non reclamará polo total da obra e dos arranxos máis cantidade cá citada e someténdose, en canto ó perfecto estado das obras, ó veredicto dos técnicos municipais ou empresas contratadas polo concello para tal fin.-----

2º.- Facer constar que esta obra estaba xa feita no momento da constitución da actual Corporación, polo que as responsabilidades que se consideren esixibles deberánlle ser esixidas ó equipo de goberno que ordenou a realización da obra.-----

7.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.-----

a) Ordenanza fiscal nº 6, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.-----

O Sr. Alcalde manifesta que cómpre fixa-lo tipo impositivo do I.B.I. de natureza urbana para 1998, propoñendo que rixa nese período o 0,34%, igual que en 1997. Fundamenta esta proposta no feito de que en 1998 sobre o valor catastral das vivendas, polo que lle parece excesivo gravalas con dúas subas nun ano.-----

O Sr. Tallón Rego móstrase a favor da proposta do grupo de goberno.-----

O Sr. Otero Cepeda maniféstase tamén a favor da proposta formulada polo Sr. Alcalde, opinando que as correccións se poden revisar cada ano. O Sr. Alcalde dille que precisamente se trata de eliminar agravios comparativos.-----

O Sr. Parajó Liñares opina que cando hai servizos hai que pagalos, pero que neste punto, como na modificación das ordenanzas de recollida de lixo, alcantarillado e subministro de auga, a postura do seu grupo será a abstención, xa que non interviñeron para nada no tema.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta que prazo hai para regulariza-lo I.B.I., e o Sr. Secretario respóndelle que en 1996 ampliaron a nove anos o prazo para chegar ó 0,40%, que deben quedar dous ou tres anos para esgota-lo prazo, que se comezou no 0,24% e actualmente estase no 0,34%. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que votará a favor da modificación das ordenanzas fiscais que se propón.-----

O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Modifica-lo parágrafo 3.a) do artigo 2 da ordenanza fiscal nº 6 deste concello, reguladora do imposto sobre bens inmóbles, que quedará coa seguinte redacción:-----

"3.a) Tratándose de bens de natureza urbana, o tipo de gravame para o ano 1998 será o 0,34%".-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

b) Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por recollida de lixo.- O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Modifica-lo artigo 5º da ordenanza fiscal nº 1 deste concello, reguladora da taxa por recollida de lixo, que quedará coa seguinte redacción:-----

"Artigo 5º.- Exencións.- As unidades familiares que teñan ingresos anuais inferiores a 500.000 pts. gozarán de exención subxectiva."-----

2º.- Modifica-lo artigo 6º da citada ordenanza fiscal nº 1, que quedará redactado como segue:-----

"Artigo 6º.- Cota tributaria.-----

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, rúa ou vía pública onde estean situados.-----

2.- Para este efecto aplicarásese a seguinte tarifa:-----

EPÍGRAFE 1.- VIVENDAS.-----

Por vivenda situada en urbanizacións: 2.400 pts/ano.-----

Por vivenda situada no resto do concello: 1.200 pts/ano.-----

EPÍGRAFE 2.- ALOXAMENTOS.-----

Hoteis e moteis de dúas ou máis estrelas: 15.000 pts/ano.-----

Outros aloxamentos: 6.000 pts/ano.-----

EPÍGRAFE 3.- ESTABLECEMENTOS DE ALIMENTACIÓN.-----

Supermercados, carnicerías, pescaderías e outros establecementos de alimentación:

12.000 pts/ano.-----

EPÍGRAFE 4.- ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN.-----

Restaurantes e casas de comidas: 15.000 pts/ano.-----

Tabernas, bares e cafés-bares: 4.800 pts/ano.-----

EPÍGRAFE 5.- LOCALES INDUSTRIAIS.-----

Talleres mecánicos: 12.000 pts/ano.-----

Outros establecementos industriais: 3.600 pts/ano.-----

Almacéns ó por maior de calquera clase de artigos: 15.000 pts/ano.-----

A tarifa de cada establecemento dá dereito a un contedor. Aqueles que necesiten máis para o seu uso exclusivo deberán aboar 500 pts. mensuais por cada contedor colocado a maiores.-

3.- As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a cada ano natural."-----

3º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

c) Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por alcantarillado.- O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Modifica-lo artigo 5º da ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por alcantarillado, a redacción do cal quedará como segue:-----

"Artigo 5º.- Cota tributaria.-----

1.- A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de alcantarillado esixirásese por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 5.000 pts.-----

2.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de alcantarillado e depuración determinarásese en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-----

Para este efecto aplicarásese a seguinte tarifa: o cincuenta por cento do importe do prezo público por subministro de auga. Caso de non dispoñer do servizo de auga, a cota será de 250 pts/mes.-----

3.- En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante deste consumo terá o carácter de mínima esixible."-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

d) Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do prezo público por subministro de auga.- O pleno do concello, por catorce votos a favor e tres abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Modifica-lo artigo 3º da ordenanza fiscal nº 10, reguladora do prezo público polo subministro de auga, que quedará coa seguinte redacción:-----

"Artigo 3º.- Contía.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será o fixado na tarifa seguinte:-----

- Para usos domésticos:-----

Mínimo 10 m3/mes: 42 pts/m3.-----

De 10 a 15 m3/mes: 60 pts/m3.-----

Máis de 15 m3/mes: 85 pts/m3.-----

- Para usos industriais:-----

Mínimo 10 m3/mes: 50 pts/m3.-----

Exceso, a 65 pts/m3.-----

- Obras:-----

Mínimo 50 m3/mes: a 70 pts/m3.-----

Exceso, a 80 pts/m3.-----

Prezo por conexión: 5.000 pts. A conexión realizarase pola empresa concesionaria, e o seu importe será o aprobado polo concello."-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

8.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Seguidamente dáse conta do expediente nº 1/1997, sobre modificación de créditos do estado de gastos do presuposto municipal para o actual exercicio, no que se inclúen suplementos de crédito por un importe de PESETAS CENTO TRINTA E UN MILLÓNS CATROCENAS NOVENTA E OITO MIL CINCOCENTAS CINCUENTA E UNHA para facerlle fronte a obrigas a cargo desta Corporación relativas a pago de servizos, execución de obras, gastos de persoal e outros, segundo o expediente tramitado en virtude de memoria da Alcaldía de data 21 dos actuais e Decreto dictado como consecuencia dela, utilizándose como recursos para o financiamento a existencia en caixa dispoñible do exercicio anterior, os maiores ingresos en determinados conceptos do presuposto de ingresos e a baixa total ou parcial de partidas excesivamente doutadas.-----

Vistos o informe de Intervención e demais regulamentarios, así como o preceptivo dictame da Comisión de Facenda, emitidos todos eles en sentido favorable.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que votará a favor da aprobación do expediente de modificación de créditos, pero pide que os presupostos futuros se aproximen máis para que non haxa que andar bailando cartos dunhas partidas a outras. O Sr. Alcalde dille que a vinculación de partidas, así como maiores ingresos nalgúns conceptos de ingresos, sobre todo en contribucións, e o superávit do exercicio anterior (que provén de ingresos efectuados nos últimos días do ano) propician que haxa máis cartos para gastar, e o Sr. Tallón respóndelle que lle está dando a razón, xa que se se fixese unha previsión mellor de todos estes puntos non habería que facer ningún expediente de modificación de créditos; pregunta quen fai os presupostos, o Sr. Alcalde respóndelle que os fai o Secretario da Corporación, e o Sr. Tallón dille que deberían facelos o Secretario cos funcionarios e co Alcalde e a Comisión de Facenda; o Sr. Alcalde respóndelle que xa se fan así, e o Sr. Tallón dille que el estivo na Comisión de Facenda e na Especial de Contas e nunca

estivo en ningunha reunión para face-los presupostos. O Sr. Alcalde respóndelle que non iría ás reunións, pero que facer fanse así.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que no momento da aprobación dos presupostos estivo en contra destes, o que lle custou unha seria discusión co Sr. Alcalde, e que agora se nega a corrixilos, polo que a súa postura neste asunto será a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares opina que é absurdo corrixir uns presupostos que foron feitos hai soamente tres meses. Pregunta por que se incrementa a partida para pago de intereses bancarios, cando estes están baixando, e o Sr. Secretario respóndelle que para deixar contraído o pago correspondente ó último trimestre deste ano, que o banco cobra a primeiros do que vén. Pregunta por que se incrementa en 1.000.000 pts. a partida para teléfono, se se fala tanto por teléfono no concello, e por que se aumenta a consignación para pago de Seguridade Social; o Sr. Secretario respóndelle que o gasto de Seguridade Social aumentou porque houbo máis persoal contratado para obras do que se prevía nun principio, e que, aínda que este é subvencionado polo INEM, a subvención ingrésase no presuposto de ingresos e os cartos páganse do presuposto de gastos. O Sr. Parajó Liñares pregunta que déficit se prevé que haxa a fin de ano, xa que sabe dalgunha factura de hai máis dun mes, con obra rematada e certificada, que aínda non se pagou, e di que o sabe porque o contratista foi falar con el; o Sr. Alcalde respóndelle que non se prevé que haxa ningún déficit, que a política do equipo de goberno é paga-las facturas o antes posible unha vez aprobadas, e que ese contratista, en vez de ir falar co Sr. Parajó debeu vir onda el, xa que a factura pode estar trasapelada. O Sr. Parajó anuncia que o seu grupo se absterá na votación deste asunto.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que se se modifica en máis dunha quinta parte uns presupostos que foron aprobados hai tres meses, cómpre pensar que é porque estaban mal feitos, e entón a oposición tiña razón para estar en contra deles. Manifesta que a postura do seu grupo neste asunto será tamén a abstención.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta tamén que os datos que leu o Secretario debéronse dar no seu momento á Comisión de Facenda, cousa que non se fixo.-----

Considerando o carácter inaprazable das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servicios nin dos intereses municipais, o pleno do concello, por dez votos a favor e sete abstencións, sendo o número legal e o de asistentes o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aproba-la proposta de modificación de créditos referida, as cantidades da cal deberán ser aplicadas ás partidas que se citan na Memoria que motivou o expediente e que a continuación se detallan:-----

<u>Partida</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe suplemento</u>
011.31000	Intereses de préstamos	250.790 pts.
011.91300	Amortización de préstamos	492.951 pts.
111.23000	Dietas de cargos electivos	150.000 pts.
121.16000	Seguridade Social	1.125.000 pts.
121.21900	Outro inmovilizado material	175.000 pts.
121.22100	Enerxía eléctrica	50.000 pts.
121.22200	Teléfonos	1.200.000 pts.
121.22201	Comunicacións postais	100.000 pts.
121.23001	Dietas do persoal	100.000 pts.

121.62300	Investimento en maquinaria	700.000 pts.
313.22000	Material de oficina	50.000 pts.
313.22300	Parque móvil	100.000 pts.
313.62200	Investimento en edificios	15.000.000 pts.
412.21200	Conservación de edificios	2.000.000 pts.
422.22100	Enerxía eléctrica	400.000 pts.
422.22101	Auga	100.000 pts.
422.22700	Limpeza e aseo	1.500.000 pts.
432.22706	Proxectos e estudos técnicos	6.500.000 pts.
441.22706	Proxectos e estudos técnicos	550.000 pts.
441.61100	Investimento en infraestrutura	5.000.000 pts.
441.62200	Investimento en edificios e construcións	17.000.000 pts.
441.62300	Investimento en maquinaria	1.700.000 pts.
441.63200	Investimento en edificios e construcións	175.000 pts.
452.20200	Edificios	250.000 pts.
452.21200	Conservación de edificios	1.500.000 pts.
452.22100	Enerxía eléctrica	70.000 pts.
452.60100	Investimento en infraestrutura	3.000.000 pts.
511.13100	Persoal laboral eventual	15.000.000 pts.
511.21000	Conservación de infraestrutura	23.000.000 pts.
511.21900	Outro inmovilizado material	100.000 pts.
511.22100	Enerxía eléctrica	2.000.000 pts.
511.22103	Combustibles e carburantes	400.000 pts.
511.22104	Vestuario	200.000 pts.
511.60100	Investimento en infraestrutura	31.559.810 pts.
SUMAN OS SUPLEMENTOS DE PARTIDAS		131.498.551 pts.

O total dos incrementos sufragarase con cargo a:-----

a) Remanente líquido de tesourería, por importe de 20.678.028 pts.-----

b) Maiores ingresos sobre os previstos:-----

A 31-12-97 teranse superado os seguintes conceptos, nas cantidades que se citan:-----

11201.- Contribución urbana.....	13.292.821 pts.
11300.- Imposto vehículos.....	5.310.062 pts.
13000.- IAE industriais.....	8.511.936 pts.
13001.- IAE profesionais.....	89.916 pts.
39200.- Recargo de apremio.....	1.563.864 pts.
39901.- Recursos eventuais.....	212.676 pts.
48000.- De inst. sen fins lucro.....	914.290 pts.
60900.- Outros terreos.....	143.470 pts.
75500.- Da Comun. Autónoma.....	2.901.889 pts.

SUMAN OS MAIORES INGRESOS..... 32.940.924 pts.-----

c) Minoración de partidas:-----
 Minoraránse as seguintes partidas, total ou parcialmente, nas cantidades que se citan:-----

<u>Partida</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe minoración</u>
111.10000	Retribucións básicas e outras	1.200.000 pts.
111.11000	Retribucións básicas e outras	100.000 pts.
111.16305	Seguros	500.000 pts.
121.12000	Retribucións básicas	3.500.000 pts.
121.12100	Retribucións complementarias	4.200.000 pts.
121.13100	Laboral eventual	2.000.000 pts.
121.16006	Asistencia médica	150.000 pts.
121.22000	Material de oficina	500.000 pts.
121.22001	Prensa e publicacións	200.000 pts.
121.22002	Mat. informát. non inventariable	300.000 pts.
121.22103	Combustibles e carburantes	200.000 pts.
121.22108	Prods. limpeza e aseo	25.000 pts.
121.22300	Parque móbil	200.000 pts.
121.22400	Edificios e locais	25.000 pts.
121.22602	Publicidade e propaganda	500.000 pts.
121.22706	Traballos realizados por outras empresas	2.000.000 pts.
121.62200	Investimento en edificios	1.500.000 pts.
121.62500	Mobiliario	200.000 pts.
121.62600	Equipos para proceso información	750.000 pts.
121.63200	Investimento en edificios	17.000.000 pts.
222.12000	Retribucións básicas	2.202.228 pts.
222.12100	Retribucións complementarias	2.545.752 pts.
222.16000	Seguridade Social	350.000 pts.
223.13100	Laboral eventual	2.000.000 pts.
223.15100	Gratificacións	50.000 pts.
223.16000	Seguridade Social	340.000 pts.
223.21300	Maquinaria e instalacións	25.000 pts.
223.21900	Outro inmovilizado material	42.794 pts.
223.22103	Combustibles e carburantes	25.000 pts.
223.22104	Vestuario	73.825 pts.
313.13100	Laboral eventual	750.000 pts.
313.16000	Seguridade Social	1.000.000 pts.
313.16300	Formación e perfeccionamento	50.000 pts.

313.21900	Outro inmovilizado material	50.000 pts.
313.22601	Atencións protocolarias	100.000 pts.
313.22606	Reunións e conferencias	25.000 pts.
412.22200	Teléfonos	100.000 pts.
422.16006	Asistencia médica	150.000 pts.
422.21200	Conservación edificios	1.000.000 pts.
422.22400	Seguros edificios e locais	25.000 pts.
422.48100	Premios e becas investigacion	500.000 pts.
422.48900	Outras transferencias	500.000 pts.
422.62200	Investimento en edificios	2.000.000 pts.
422.62300	Investimento en maquinaria	1.700.000 pts.
422.63200	Investimento en edificios	200.000 pts.
422.63300	Investimento en maquinaria	100.000 pts.
432.13100	Laboral eventual	1.500.000 pts.
432.22000	Material de oficina	300.000 pts.
432.48100	Premios e becas de investigación	50.000 pts.
432.60000	En terreos	5.000.000 pts.
441.60000	En terreos	1.000.000 pts.
441.63300	Maquinaria	500.000 pts..
442.21000	Conservación infraestructura	1.200.000 pts.
442.21300	Conservación maquinaria e instalacións	100.000 pts.
442.22700	Limpeza e aseo	400.000 pts.
442.62500	Investimento en mobiliario	1.500.000 pts.
443.60100	Investimento en infraestructura	4.000.000 pts.
451.13100	Persoal laboral eventual	1.000.000 pts.
451.16000	Seguridade Social	25.000 pts.
451.22000	Material de oficina	100.000 pts.
451.22300	Parque móvil	25.000 pts.
451.48100	Premios e becas investigación	500.000 pts.
452.22700	Limpeza e aseo	1.500.000 pts.
452.22706	Traballos realizados outras empresas	200.000 pts.
452.62300	Investimento en maquinaria	500.000 pts.
511.21200	Conservación de edificios	1.000.000 pts.
511.22400	Seguros edificios	25.000 pts.
511.62500	Mobiliario	5.000.000 pts.
521.60100	Investimento en infraestructura	800.000 pts.
521.62200	Investimento en edificios	700.000 pts.

SUMA A MINORACIÓN DE PARTIDAS

77.879.599 pts .

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público para os efectos de reclamacións.-----

3º.- Que no suposto de que non se presentasen reclamacións contra o expedinte, considerárase este definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE
NOVEMBRO DE
1997.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Luis Mallo González

D. Manuel Tallón Rego

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Cea Ferreiro

D. Manuel J.L. Pereira Suárez

D. Manuel Mata Iglesias

D. Julio Gacio Tarrío

D. Martín J. Noriega Romaguera

D. Mariano Sinde Pereiro

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Pedro R. del Árbol Amo

D. Antonio Seoane Blanco

Secretario:

D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a catorce de novembro de mil novecientos noventa e sete.-

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de quince dos seus membros, sendo o número legal o de dezasete, a fin de celebra-la sesión extraordinaria convocada para este día.

Asiste o Secretario da Corporación, D. Jaime Bascoy Liste.

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. - O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres.

edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O Sr. Secretario manifesta que no punto 8, "Expediente de modificación de créditos", no apartado de "maiores ingresos sobre os previstos", onde di "contribución rústica" debe dicir "imposto vehículos", onde di "11300.- IAE..." debe dicir "13000.- IAE..." e onde di "11301.- IAE..." debe dicir "13001.- IAE...", e no apartado "Minoración de partidas", onde di "521.60100.- Inversión en edificios.- 700.000 pts" debe dicir "521.60100.- Inversión en edificios.- 800.000 pts." e onde di "521.62200.- Inversión en edificios.- 800.000 pts." debe dicir "521.62200.- Inversión en edificios.- 700.000 pts."

O Sr. Tallón Rego manifesta que no punto 6, "Alcantarillado de Ribeira-Feros", onde di "... unha chapucilla..." debe dicir "... unha chapuza...", e que se omitiu a parte da súa intervención onde dixo que había que ve-la obra e vela ben, para que despois AQUAGEST non diga que está mal; e tamén que, cando o Sr. Alcalde pediu que houberse consenso neste punto, el lle respondeu que "o Alcalde ten nove votos; que 'se bañe' para sacalo adiante", e que cando dixo que votaría a favor neste asunto especificou que o facía porque a obra se estaba utilizando xa e non era partidario de que os veciños quedasen sen servizo.

O Sr. del Árbol Amo manifesta que na relación de asistentes se omitiu ó Sr. Neira Picallo, e que no punto 1, onde di "... o Sr. Gacio Tarrío coincide coa opinión do Sr. del Árbol..." debe dicir "... o Sr. Gacio Tarrío coincide coa opinión do Sr. Otero Cepeda..."

O Sr. Neira Picallo pide conste no punto 2 que o Secretario do tribunal calificador terá voz, pero non voto, e o Sr. Secretario respóndelle que xa consta.

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez realizadas as correccións propostas, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE AUTOXERADOR DE "MADERAS CAJARAVILLE, S.L.".- Dada conta do expediente que se tramita para declaración de utilidade pública da planta coxeradora de enerxía eléctrica que "Maderas Cajaraville, S.L." pretende instalar na súa industria situada en Pontevea-Reis, o Sr. Tallón Rego pregunta se se pode declarar de utilidade pública ou se hai constancia de que a planta coxeradora xa está feita; o Sr. Secretario respóndelle que non ten constancia de que estea instalada, e que ademais non o cre, xa que ten un custo moi alto e precisamente se solicita declaración de utilidade pública para poder pedir subvencións para ela. O Sr. Parajó Liñares manifesta que espera que non estea instalada, que non pase como coa marmorería, que xa estaba funcionando facía tempo.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregúntalle ó Sr. Secretario se ten sobre a mesa o proxecto da planta coxeradora, e este respóndelle que si; o Sr. Gacio pregúntalle cal é o destino desta instalación, e o Sr. Secretario respóndelle que será para secadeiro de madeiras. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que espera que o proxecto inclúa informe de impacto ambiental, e pregunta se se mandará a Medio Ambiente; o Sr. Secretario respóndelle que si ten informe sobre impacto ambiental, e ademais bastante extenso, e que non se mandou a Medio Ambiente porque o expediente de actividades molestas está sen tramitar, á espera da declaración de utilidade pública. O Sr. Gacio Tarrío pregunta que tipo de combustible utilizará a planta coxeradora, o Sr. Alcalde dille que supón que o levará mixto (residuos e gasóleo ou fuel), e o Sr. Secretario, tras consulta-lo proxecto, respóndelle que funcionará con gasóleo e que leva dous motores. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que, aínda que o gasóleo está legamente autorizado para este fin, contamina máis, polo que se lle debe pedir que poña medidas correctoras, debido sobre todo a que esta industria está nunha zona moi poboada. O Sr. Secretario respóndelle que xa as debe te-lo proxecto, e se non xa as esixen en Medio Ambiente cando se tramita o expediente de actividades molestas.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Declarar de utilidade pública a instalación dunha planta coxeradora de enerxía eléctrica en Pontevea-Reis, tramitada por "Maderas Cajaraville, S.L.".-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

3.- DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DO CEMITERIO MUNICIPAL .-

Dada conta do expediente que se tramita para declaración de utilidade pública do cemiterio municipal de Teo, o Sr. Parajó Liñares pregunta se hai algunha obra feita na leira deste cemiterio, e o Sr. Alcalde respóndelle que soamente un valado e unha pistaque fixo o anterior goberno municipal cunha subvención da Deputación.-----

O Sr. Gacio Tarrío pregunta se está feito o proxecto do cemiterio, e o Sr. Alcalde respóndelle que si; pregunta se os informes xeolóxicos están ben e se non hai ningún problema legal; o Sr. Secretario respóndelle que o expediente está todo ben e que non debería de haber ningún problema, e o Sr. Mallo manifesta que o terreo está clasificado nas Normas subsidiarias para cemiterio.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Declarar de utilidade pública a construción do cemiterio municipal de Teo nunha finca situada en Cobas-Montouto, parroquia de Cacheiras deste concello.-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

4.- REVISIÓN DOS CONTRATOS DOS ENCARGADOS DA LIMPEZA DOS COLEXIOS DE CALO E OS TILOS .- Dada conta do expediente que se tramita para a revisión do

prezo dos contratos de xardinería, conserxería e limpeza dos grupos escolares de Calo e Os Tilos, o Sr. Secretario manifesta que a proposta da Comisión informativa é subirlle 30.000 pts. mensuais a cada un deles.-----

O Sr. Parajó Liñares opina que se se lles aumenta o prezo igual ós dous quedará discriminado o de Calo en relación ó dos Tilos, xa que naquel colexio se aumentaron dúas aulas, e tamén ten a limpeza do pavillón polideportivo, mentres que o colexio dos Tilos está igual que cando se contratou este servicio; di tamén que os prezos que ofertaron estes señores no momento do concurso foron moi baixos, e agora non lles chegan os cartos; manifesta que se no concurso se vai moito á baixa sabendo que despois se lle aumenta, o resto da xente que presentou proposición para estes traballos queda discriminada, porque non ten as mesmas oportunidades. Fai constar que no seu ánimo está que a xente gane, non perda cartos, pero pide que haxa igualdade de oportunidades. O Sr. Alcalde respóndelle que non cre que se discrimine a ninguén se se lle sobe os mesmos cartos ós dous señores, xa que nos Tilos tamén aumentou o traballo, e o Sr. Gacio Tarrío opina que o que realmente aumentou foi o colexio de Calo, que o dos Tilos xa estaba coma hoxe antes de facerse o concurso; cre tamén que subirlle a mesma cantidade de cartos ós dous sería discriminar ó de Calo, polo que se lle debería subir máis a este cá aquel. O Sr. Secretario manifesta que o dos Tilos alega aumento de horario de traballo por mor das actividades extraescolares, e o Sr. Gacio Tarrío respóndelle que o colexio de Calo tamén as ten. O Sr. Neira Picallo opina que estes señores foron moito á baixa no concurso, e o Sr. Gacio Tarrío respóndelle que había propostas incluso máis baixas. O Sr. Tallón manifesta que se van á baixa non se lles debía subir máis có IPC, senón facer un novo concurso, e o Sr. Parajó Liñares propón que se lles suba ós dous, pero distinta cantidade. Pregunta canto importa o incremento do IPC, e o Sr. Secretario respóndelle que pouco, arredor de 5.000 pts. O Sr. Parajó Liñares manifesta que consultou con empresas de limpeza e contratándolle a elas o servicio sae máis caro que como está actualmente, polo que se mostra partidario de subirlles, pero non por igual. O Sr. Gacio Tarrío propón que se lle suba 35.000 pts. ó de Calo e 20.000 pts. ó dos Tilos.-----

O Sr. Mallo González móstrase disconforme con esta medida, alegando que os Sres. concelleiros non coñecen a realidade do colexio, xa que ten unha finca moi grande, e habería que ver a diferenza que hai de como estaba hai un ano a como está agora; o Sr. Seoane Blanco manifesta que a finca xa estaba aí cando se fixo o concurso, e pregunta por que ese señor licitou tan baixo se viu o colexio. O Sr. Alcalde manifesta que os rapaces van xogar ó campo do colexio dos Tilos e o conserxe ten que estar alí para abrílles e limpalos que manchan, pero de todos modos móstrase conforme con que se lle suba máis ó conserxe de Calo có dos Tilos. Propón un aumento de 25.000 pts. mensuais para este e de 35.000 pts. para aquel, e o Sr. Gacio Tarrío maniféstase de acordo, xa que hai que ter en conta que o colexio de Calo ten dúas aulas máis que antes; pregunta se os conserxes están dados de alta na Seguridade Social como autónomos e se están pagando o IAE, e o Sr. Alcalde respóndelle que si.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Aumenta-lo prezo do contrato de conserxería, xardinería e limpeza do colexio de EXB de Calo na cantidade de trinta e cinco mil pesetas mensuais, con efectos retroactivos desde o mes de setembro, cantidade que absorbe o incremento do IPC ata ese mes.-----

2º.- Aumenta-lo prezo do contrato de conserxería, xardinería e limpeza do colexio de EXB dos Tilos na cantidade de vinte e cinco mil pesetas mensuais, con efectos retroactivos desde o mes de setembro, cantidade que absorbe o incremento do IPC ata ese mes.-----

3º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as nove horas e trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE
DECEMBRO DE
1997.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Manuel Neira Picallo

D. José Luis Mallo González

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Cea Ferreiro

D. Manuel J.L. Pereira Suárez

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Julio Gacio Tarrío

D. Mariano Sinde Pereiro

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Pedro R. del Árbol Amo

D. Antonio Seoane Blanco

D. Manuel Tallón Rego

Secretario:

D. Jaime Bascoy Liste.

Na casa do concello de Teo, a doce de decembro de mil novecentos noventa e sete.

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de trece dos seus membros no primeiro acordo e de quince nos restantes, sendo o número legal o de dezasete, a fin de celebra-la sesión extraordinaria convocada para este día.

Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. Martín J. Noriega Romaguera e D. Xosé Luis Otero Cepeda.

Asiste o Secretario da Corporación, D. Jaime Bascoy Liste.

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta da paralización da obra que estaba levando a cabo en Solláns D. Roberto de Cabo Fernández.

dez.

Seguidamente pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O Sr. Secretario manifesta que na relación de asistentes á última sesión se omitiu por erro ó Sr. Neira Picallo e que escusaron a súa asistencia os concelleiros Sres. Cajaraville e Otero Cepeda.

O pleno do concello, por unanimidade dos trece membros asistentes, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez realizadas as correccións propostas, e que se rexistre no libro correspondente.

2.- PERMUTA DUNHA PARCELA .- Dada conta do expediente que se tramita para a permuta da parcela número 1757 do P.X.C.P. de Calo, propiedade deste concello con carácter de propios que se describe así:

"Finca número mil setecentos cincuenta e sete do P.X.C.P. de San Xoán de Calo.- Finca rústica.- Terreo dedicado a labradío ó sitio de "Revolta", concello de Teo, que linda: Norte, con camiño; Sul con Serafina Barbeito Liste (1759); Leste con camiño e Oeste con camiño.- Ten unha extensión superficial de unha área e vinte centiáreas, e é, polo tanto, indivisible.- Libre de cargas".

Polas fincas propiedade de D^a Carmen Franco Vázquez, que se describen así:-----

a) "Finca nº 79 do polígono 2 de concentración de monte da zona de Calo. Terreo dedicado a monte denominado "Fondo de Outeiro", situado en Oseve-Calo, que linda: Norte, Dolores Raíces; Sul, camiño de carro; Leste, hds. de Manuela Franco Vázquez; e Oeste, hds. de Otero de Bastida e de Orlindo Portela. Ten unha superficie de unha área e trinta e nove centiáreas. Libre de cargas."-----

b) Porción de 39 m² da finca nº 1756 do P.X.C.P. de Calo, cedida para ampliación de camiño público. A finca matriz lindaba: Norte, finca 1755; sul e leste, camiño, e oeste, vía férrea. A porción cedida a este concello linda; Norte, en liña de 39 metros, finca matriz; sul, camiño; leste, en liña de 1 metro, camiño, e oeste, vía férrea; e a finca restante queda lindando; Norte, finca 2755; sul, terreo cedido para ampliación de camiño; leste, camiño; e oeste, vía férrea.-----

RESULTANDO que o presuposto ordinario deste concello para 1997 ascende a seiscentos millóns de pesetas.-----

RESULTANDO que a fincas 1757 e 79 foron avaliadas polo perito agrícola D. Luis Moreira Matos en sesenta mil pesetas a primeira e en sesenta e dúas mil cincocentas cincuenta pesetas a de D^a Carmen Franco Vázquez, e o terreo cedido para ampliación de camiño foi avaliado polo arquitecto técnico municipal na cantidade de dúas mil cincocentas cincuenta pesetas.-----

RESULTANDO que a causa da permuta se xustifica pola necesidade de amplia-lo camiño público.-----

CONSIDERANDO que na substanciación do expediente se observaron tódalas prescricións legais.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que votará en contra neste asunto por descoñecelo, xa que non foi citado para a sesión da comisión informativa.-----

O Sr. Parajó Liñares maniféstase a favor da permuta, xa que se trata de legalizar unha situación de feito, e fai constar que hai máis casos de masas comúns que na actualidade están incluídas dentro de fincas de particulares; pide que se arranxen tamén os demais casos existentes, sempre que se poida e se saiba deles.-----

O Sr. Gacio Tarrío maniféstase tamén a favor da permuta, pero cre que habería primeiro que desafecta-lo camiño antigo e afecta-lo novo que fixo a Sra. Franco, que colle parte da masa común; pregunta se a desafectación vai incluída neste acordo, e o Sr. Secretario respóndelle que non, que primeiro hai que face-la permuta e despois a interesada terá que pedi-la desafectación do terreo do antigo camiño. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que el cambiou un camiño existente na súa leira e que cre que primeiro hai que desafectar e cambia-lo camiño e despois permutar, e o Sr. Secretario respóndelle que se pode facer das dúas maneiras. O Sr. Parajó Liñares manifesta que hai que pensar que esta señora ten que retranquear do camiño as obras que faga no futuro, e o Sr. Gacio Tarrío opina que é mellor que pida antes o cambio do camiño, autorízalo e despois permutar, pero anuncia que de todos modos votará a favor da permuta. Manifesta que sabe de dous casos similares a este, un en Calo e outro en Cacheiras, na zona da Devesa, onde un señor ten postes e parras na masa común, e que había que recuperar estas leiras.-----

Visto o dictame da Comisión de Facenda, emitido en sentido favorable, o pleno do concello, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince acorda:-----

1º.- Prestarlle exacta conformidade ós valores asignados ás fincas por D. Luis Moreira Matos e polo arquitecto técnico municipal.-----

2º.- Aproba-la permuta da finca nº 1757 do P.X.C.P. de Calo, propiedade deste concello, pola finca nº 79 do polígono 2 da concentración de monte de Calo e por unha porción de 39 m² a segregar da finca nº 1756 do P.X.C.P. de Calo, ambas propiedade de D^a Carmen Franco Vázquez, tendo en conta que, dado que as avaliacións dos bens das dúas partes coinciden exactamente, non hai lugar a aboar ou recibir diferencias de valor.-----

3º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente deste concello, para outorgar escritura pública e para continua-los demais trámites do expediente.-----

4º.- Que, dado que o valor dos bens obxecto de permuta non excede do vintecinco por cento do presuposto anual da Corporación, se lle dea conta do expediente á Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no art. 109.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.-----

3.- ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA .- Dada conta de escrito de Dª María Manuela Camino García no que oferta a este concello a finca nº 1117 do P.X.C.P. de Calo, de 1.060 m2 de superficie, no prezo de seis millóns de pesetas, o Sr. Alcalde manifesta que é unha parcela situada en zona urbana, solo URTA, apta para construír vivendas de protección oficial e avaliada polo técnico D. Luis Moreira Matos no prezo de 6.360.000 pts., polo que cre que é un bo negocio para o concello comprala en 6.000.000 pts. Segue dicindo que esta parcela dá para unhas dez vivendas aproximadamente, o que non é moito, xa que se necesitarían unhas 30 ou 40 vivendas, pero a postura do equipo de goberno é mercar esta leira para que se poidan ir facendo algunhas, ou alomenos para que o concello dispoña de terreos para construílas, aínda que esta Corporación non puidese chegar a facelas; pide, como xa fixo noutras sesións, que se algún concelleiro sabe dalgunha leira apta para vivendas que se venda, llo comunique.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que votará en contra neste asunto, xa que non o coñece porque non foi convocado á sesión da comisión informativa, e o Sr. Parajó Liñares manifesta que habería que axiliza-la construción das vivendas, xa que ten entendido que, a causa da baixa dos intereses bancarios, vai desaparecer-lo tema das vivendas de protección oficial.-----

O Sr. Secretario dá lectura ó informe do arquitecto técnico municipal que consta no expediente.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que está a favor de que se constrúan vivendas de protección oficial, pero non entende que habendo unha finca que se vendía ó lado desta, pola que pedían 8 millóns e na que se podía construír baixo e tres plantas, non se lle fixese caso, cando o concello tiña coñecemento dela; o Sr. Alcalde preguntalle por que di que o concello tiña coñecemento da venda desa finca, manifestando que non é certo, e o Sr. Parajó respóndelle que os interesados viñeron ó concello a pedir informe sobre a edificabilidade da parcela; o Sr. Alcalde dille que o consultarían no departamento técnico, pero desde logo nin o Alcalde nin os concelleiros do equipo de goberno tiñan coñecemento diso, e que se o Sr. Parajó o tiña púidollo dicir a calquera deles, que xa tiña dito que se sabía de algo que se lle avisase; o Sr. Parajó respóndelle que pensou que o sabían e non lles gustaba a leira, na que se podían construír 24 vivendas. Manifesta que a parcela que oferta a Sra. Camino non lle parece cara, de todos modos, e que o seu grupo votará a favor neste tema.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o seu grupo está a favor da compra desta finca, e que ó mellor habería que darlle publicidade a este tema; di tamén que o Sr. Alcalde non lle pode pedir á oposición que busque as fincas necesarias para as vivendas, porque para iso ten el un equipo; o Sr. Alcalde respóndelle que non lle pediu á oposición que lle buscasse fincas, senón que lle rogou que se sabían dalgunha que llo comunicasen, e o Sr. Cajaraville opina que neste tema debería de haber colaboración entre toda a Corporación, xa que é algo que se intenta facer para ben dos veciños.-----

O pleno do concello, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Adquirirlle a D. Fernando Freire Seijas e Dª María Manuela Camino García, no prezo de seis millóns de pesetas, a finca nº 1117 do polígono 10 do P.X.C.P. que se describe así:-----

"Finca nº 1117.- Rústica. Terreo dedicado a prado e labradío ó sitio de "Porto", concello de Teo, que linda: Norte, Dolores Mirás Franco (1110); Sul, Manuela Carollo Edreira (1118); Leste, camiño; e Oeste, Amalia Torres Abelleira (1116) e Manuela Carollo Edreira (1118), regato

en medio. Ten unha extensión superficial de dez áreas e sesenta centiáreas. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón ó Tomo 416, Libro 105, Folio 165, Finca nº 10.028".-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

4.- DECLARACIÓN DE INTERESE SOCIAL DUNHA INDUSTRIA .- Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para declaración de interese social da nave para almacén de flores que D. Emilio Iglesias Sande pretende instalar en Agoso-Oza, o Sr. Tallón Rego manifesta que votará en contra por descoñece-lo contido do expediente, xa que non foi citado para a sesión da comisión informativa, e os Sres. Parajó Liñares e Gacio Tarrío maniféstanse a favor por considerar que un almacén de flores non causa danos nin molestias e que hai que potencia-las industrias agrícolas.-----

O pleno do concello, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Declarar de interese social a instalación dunha nave para almacén de flores en Agoso-Oza, tramitada por D. Emilio Iglesias Sande.-----

2º.- Facultar a D. Armando U. Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do concello, para continua-los demais trámites do expediente.-----

5.- EXPEDIENTES DE ACTIVIDADES MOLESTAS .-----

a) Examinado o expediente promovido por D. MANUEL LISTE BLANCO, en representación de "M. LISTE, S.L." en virtude de instancia nº 219 de data 31-01-97, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de UN TALLER DE ARRANXO DE VEHÍCULOS, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 31-01-1997.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.-----

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.-----

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.-----

A Corporación municipal, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por D. MANUEL LISTE BLANCO, en representación de "M. LISTE, S.L.", para a instalación de UN TALLER DE ARRANXO DE VEHÍCULOS no lugar de Reborido-Galanas, parroquia de Calo deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

b) Examinado o expediente promovido por PASTELERÍA SUEVIA, S.L. en virtude de instancia nº 1240 de data 22-05-97, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de UNHA INDUSTRIA DE PASTELERÍA E PANADERÍA, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 22-05-1997.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.-----

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.-----

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.-----

A Corporación municipal, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por PASTELERÍA SUEVIA, S.L. para a instalación de UNHA INDUSTRIA DE PASTELERÍA E PANADERÍA no lugar de Montouto, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

c) Examinado o expediente promovido por REPSOL BUTANO, S.A. en virtude de instancia nº 1820 de data 13-08-97, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de UN DEPÓSITO AÉREO DE 8.334 LITROS DE PROPANO, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 13-08-1997.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a

sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.-----

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.-----

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.-----

A Corporación municipal, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por REPSOL BUTANO, S.A. para a instalación de UN DEPÓSITO AÉREO DE 8.334 LITROS DE PROPANO no lugar do Pazo-Bouñou , parroquia de Raris deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

6.- ESTUDIO DE DETALLE .- A continuación dáse conta do estudio de detalle tramitado a instancia de "VIVIENDAS TEO, S.L.", redactado polo arquitecto D. Arturo Rodríguez Vilanova, comprensivo dun terreo situado en Montouto-Cacheiras dunha superficie de seis mil setecentos once metros cadrados clasificado como solo URTA nas Normas de Ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello.-----

O expediente estivo exposto ó público durante o prazo de un mes, segundo anuncios insertos no diario "La Voz de Galicia" de 19-10-97 e no D.O.G. nº 206, de data 24-10-97, sen que se presentase ningunha reclamación na súa contra.-----

O Sr. Alcalde manifesta que o promotor do estudio de detalle se compromete, caso de ser aprobado este, a face-lo alcantarillado polo outro lado da estrada C-541 ata o tanatorio ou algo máis arriba, e o Sr. Secretario manifesta que cede tamén terreos na parcela.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que votará en contra por descoñece-lo contido do expediente, xa que non foi cita- do para a sesión da comisión informativa.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo está un pouco en contra dos estudos de detalle, xa que lle parece que non se contempla ben a normativa pola edificabilidade que se lles dá, e que consecuentemente a postura do PSdeG-PSOE será a abstención.-----

O Sr. Gacio Tarrío maniféstase a favor da aprobación deste estudio de detalle, e opina que ó mellor o Sr. Parajó Liñares ten algo de razón; pensa que o fallo está en que nas Normas subsidiarias se deixou demasiado fondo edificable nas leiras desta zona e hai perigo de masificación; cre que isto é un fallo da normativa e que o estudio de detalle di como vai queda-la parcela unha vez construídos os edificios. Manifesta que o seu grupo votará a favor se os informes que constan no expediente son favorables.-----

O Sr. Parajó Liñares opina que se non se toman medidas en Cacheiras esta zona, en vez de parecerse a Bertamiráns vaise parecer ó Milladoiro; manifesta que lle extraña o fondo de edificabilidade tan grande que ten Cacheiras e que non aparece nos outros lugares do concello, como por exemplo as Galanas; o Sr. Alcalde respóndelle que el non ten nada que ver con iso, xa que as Normas urbanísticas foron redactadas antes de acceder el á Alcaldía e que os estudos de detalle están contemplados nas Normas, pero que por aprobalos non ten por que pasar coma no Milladoiro; o Sr. Parajó Liñares respóndelle que non lle está botando a culpa ó Sr. Alcalde, pero que hai que ter coidado co que pode chegar a ser Cacheiras.-----

O Sr. Secretario dá lectura ós informes que figuran no expediente.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que o estudio de detalle é preceptivo en tódalas zonas URTA se se quere edifica-la parte de atrás, e o Sr. Parajó Liñares respóndelle que non é que non se poida facer estudos de detalle nas fincas doutros lugares, senón que nestas non quedou zona URTa ata tanto atrás como en Cacheiras. O Sr. Neira Picallo dille que tamén a zona de Fixó quedou cunha marxe tremenda, e o Sr. Parajó respóndelle que se en Cacheiras piden 70 millóns pola leira igual llelos dan, pero nas Galanas, onda o Catete, non os daría ninguén, e manifesta que vai cambia-lo sentido do seu voto, xa que é partidario de que aumente a edificación en Teo.--

O pleno do concello, por catorce votos a favor e un en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:-----

1º.- Aproba-lo estudio de detalle promovido por "Viviendas Teo, S.L.", da parcela citada, co proxecto de compensación anexo a aquel e que consta no expediente.-----

2º.- Comunicarlle este acordo ó Servicio Provincial de Urbanismo no prazo de dez días, e publicalo no Diario Oficial de Galicia.-----

7.- XUBILACIÓN DUN FUNCIONARIO.- O Sr. Alcalde manifesta que mañá, día 13 de decembro, xubilaráse D. Jaime Bascoy Liste, Secretario deste concello, pasando a ser desempeñado provisionalmente este posto por un dos administrativos do concello, que nomeará no seu momento, e pide conste en acta o agradecemento e recoñecemento da Corporación polo labor feito polo Sr. Bascoy ó longo dos case vinteito anos que leva traballando neste concello; manifesta que a proposta do equipo de goberno é facerlle unha pequena homenaxe, unha comida, á que asistirían os concelleiros e os funcionarios que traballaron con el. O Sr. Parajó Liñares pide que se lle entregue ó Sr. Bascoy o escudo de ouro do concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que así se fará, o mesmo día da homenaxe, se a Corporación está de acordo en facela.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda conste o agradecemento e recoñecemento da Corporación a D. Jaime Luis Bascoy Liste polo labor desenvolvido ó longo dos moitos anos que leva traballando neste concello, e a celebración dunha homenaxe con motivo da súa xubilación.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario que certifico.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA 23 DE DECEMBRO
DE 1997.**-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. José Luis Mallo González
D. Antonio Castroagudín Valladares
D. Mario Fandiño Pazos
D. Ramón Cea Ferreiro
D. Manuel J.L. Pereira Suárez
D. Manuel R. Cajaraville Campos
D. Manuel Mata Iglesias
D. Julio Gacio Tarrío
D. Mariano Sinde Pereiro
D. F. Manuel Parajó Liñares
D. Pedro R. del Árbol Amo
D. Antonio Seoane Blanco
D. Xosé Luis Otero Cepeda
D. Manuel Tallón Rego
Secretario:
D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinte-tres de decembro de mil novecentos noventa e sete.

Sendo as trece horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, coa asistencia de catorce dos seus membros no primeiro acordo e de quince nos restantes, sendo o número legal o de dezasete, a fin de celebra-la sesión ordinaria convocada para este día.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día tódolos asistentes, incluso o público, gardan un minuto de silencio en memoria de D. José Luis Caso Cortines e de D. Miguel Ángel Blanco, vítimas de ETA, segundo proposta da Comisión de Réxime Interno e Persoal e a petición do Sr. Parajó Liñares.

O Sr. Presidente dá conta de que nomeou ó funcionario D. Jesús Naveira Vázquez para

desempeña-los labores de Secretario da Corporación mentres non se cubra a praza, que quedou vacante por xubilación de D. Jaime Bascoy Liste.-

Seguidamente pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual. O pleno do concello, por unanimidade dos asistentes, acorda apro- balo tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.

Neste momento entra na sala o concelleiro D. Antonio Seoane Blanco.

2.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA COMISIÓN DE GOBERNO.- O Sr. Secretario dá lectura á moción da Alcaldía de data 15 dos actuais, que di o seguinte:

"Este concello ten sinalados como datas para celebración das súas sesións ordinarias plenas o último venres de cada trimestre, e para a Comisión de Goberno unha sesión ordinaria semanal.= En vigor a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, esta, no seu art. 2 (0.2.a) indica que o pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses, e o art. 211 establece que a Comisión de Goberno terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo pleno da corporación.= Para darlle cumprimento ó disposto nos artigos mencionados,

propónselle ó pleno a adopción do seguinte acordo.= 1º.- *O pleno celebrará sesión ordinaria o último venres de cada bimestre ás 10 horas, correspondendo a primeira sesión ó día 27 de febreiro próximo.*- 2º.- *A Comisión de Goberno celebrará sesións ordinarias os luns ás 19 horas. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando sexan convocadas polo Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia de alomenos unha cuarta parte do número legal de membros da Comisión.*= *Non obstante, o pleno acordará.*"-----

Manifesta tamén o Sr. Secretario que consta no expediente informe favorable da Comisión de Réxime Interno e Persoal.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que está a favor da aprobación desta moción.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta que esta moción vén para adecua-lo Regulamento orgánico municipal á nova Lei de Réxime Local, xa que aquel está en contradicción co disposto nesta, pero que hai máis puntos do Regulamento que infrinxen esta nova Lei, como por exemplo o tamaño dos grupos políticos, que agora xa non son de tres concelleiros senón de dous, e que o que hai que facer é adecuar todo o Regulamento ó marco da Lei, polo que hai que revalo; o Sr. Alcalde respóndelle que o estudiará. O Sr. Otero Cepeda manifesta que coa nova Lei non cabe crear agora un grupo mixto, polo cal formulou unha protesta no seu momento. Di que a Lei é de obrigado cumprimento, polo que está de acordo coa aprobación da moción da Alcaldía, pero cre que hai que adecuar tamén o resto do Regulamento orgánico; o Sr. Alcalde respóndelle que se fará no seu momento e o Sr. Otero Cepeda dille que ten que ser algo inmediato, posto que se se aplican determinados artigos do Regulamento agora estaríase infrinxindo a Lei, e o Sr. Alcalde dille que o estudiará.-----

O Sr. Parajó Liñares maniféstase de acordo na modificación do Regulamento orgánico municipal que propón a moción da Alcaldía, pero cre tamén que hai que modifica-lo resto deste Regulamento no que se opoña á nova Lei de Réxime Local.-----

O Sr. Gacio Tarrío tamén se manifesta de acordo coa modificación do Regulamento orgánico municipal proposta polo Sr. Alcalde, pide que os plenos se celebren pola tarde para poder compatibilizalos co horario laboral dos concelleiros e pide que no sucesivo as mocións da Alcaldía sexan redactadas en galego. O Sr. Alcalde respóndelle que os plenos se veñen celebrando desde hai moito tempo ás 10 da mañá e que o seu grupo non cre conveniente cambia-la hora.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Modifica-los artigos 11 e 16 do Regulamento orgánico municipal, que quedarán redactados como segue:-----

"Artigo 11º.- A Comisión de Goberno celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do Alcalde, dentro dos dez días seguintes a aquel no que se designen os membros que a integran.= Celebrará sesión ordinaria os luns ás dezanove horas.= As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia de alomenos unha cuarta parte do número legal de membros da Comisión."-----

"Artigo 16º.- As sesións do pleno serán sempre públicas, e poden ser ordinarias, extraordinarias ou extraordinarias de carácter urxente.= O pleno celebrará sesión ordinaria o último venres de cada bimestre ás dez horas, correspondendo a primeira sesión ó día 27 de febreiro de 1998."-----

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente do concello para continua-los demais trámites do expediente.-----

3.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ACTUACIÓNS DE ETA. - A continuación o Sr. Secretario dá conta da moción da Alcaldía de data 15 dos actuais que di o seguinte:-----

"Vista a acción de ETA, que asasinou o pasado día 11 dos actuais ó concelleiro do PP en Rentería, D. José Luis Caso Cortines, esta Alcaldía propónlle ó pleno a adopción de acordo polo

que se condene e mostre a máis enérxica repulsa ó acto vandálico cometido, que atenta contra tódalas liberdades democráticas e contra a vida mesma.= Non obstante, o pleno acordará."-----

O Sr. Secretario manifesta que a Comisión de Réxime Interno e Persoal informou favorablemente a aprobación desta moción, e tamén o gardar un minuto de silencio en memoria do Sr. Caso Cortines e de D. Miguel Ángel Blanco, tamén concelleiro do PP asasinado recentemente por ETA, proposta esta que partiu do Sr. Parajó Liñares e que foi cumprida ó comezo da sesión.--

O Sr. Tallón Rego maniféstase de acordo coa moción e en contra de toda violencia física ou psíquida; o Sr. Otero Cepeda maniféstase de acordo coa moción, o Sr. Parajó di que está a favor da moción e en contra de todo tipo de violencia e o Sr. Gacio Tarrío maniféstase en contra de ETA e de toda clase de violencia.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la moción da Alcaldía que se transcribe no presente acordo.---

4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE PROBLEMAS DOS PRODUCTORES DE LEITE NA CAMPAÑA 1997-1998.- Seguidamente dáse conta da moción presentada por D. F. Manuel Parajó Liñares en data 12-12-97, nº 2749, que copiada literalmente di o seguinte:-----

"Sr. Alcalde.= F. Manuel Parajó, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta ante o pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN sobre os problemas a afrontar polos produtores de leite na campaña 97/98.= EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.= Ó día seguinte de celebrarse as eleccións galegas o Ministerio de Agricultura entregou en Bruselas os datos de produción referidos á campaña 96/97, dos que se deriva que os gandeiros galegos terán que afrontar unha multa de preto de 1.800 millóns de pesetas. Corenta e oito horas antes a Sra. Ministra de Agricultura, facendo gala dun estilo irrespetuoso -propio de prácticas políticas partidarias contrarias ós intereses profesionais dos produtores- manifestáralle á Mesa do Leite que non había datos sobre a multa.= Tamén e polo mesmo motivo, as eleccións galegas, o Ministerio agochara e silenciara o borrador de retencións obrigatorias, que agora, co perigo xa pasado, pon axiña enriba da mesa o correspondente proxecto de Real Decreto.= Na mesma liña, e sempre co mesmo obxectivo, non perder votos, o Ministerio e a Consellería de Agricultura fartáronse de falar dun programa de calidade, que nunca existiu e miles de millóns para executalo do que tampouco nada se sabe. Así, a menos dun mes para a entrada en vigort das normas sanitarias aplicables á produción e comercialización do leite, só as cumpren menos dun 50% das explotacións emoitias deles nin siquiera teñen potencia eléctrica suficiente para enfria-lo leite.= Por se todo isto fose pouco, os gandeiros ó longo de 1997 non tiveron acceso a axudas para mellora-las súas explotacións. Tamén están pendentes, an bastantes casos, as contestacións das solicitudes feitas en 1996 e sofren retrasos os pagos das concedidas en anos anteriores, o que crea preocupación, incertidume e falla de liquidez e estreiteces económicas.= En consecuencia os produtores galegos terán que afrontar, a menos de catro meses do final da campaña 97-98 e coa reforma da O.C.M. do sector lácteo moi cercana, dificultades e problemas importantes, que poñerán en perigo a viabilidade e o futuro de moitas explotacións, entre os que destacan:= 1.- O pago da supertaxa da campaña 96-97.= 2.- Soporta-las retencións que as industrias poidan practicarlle por sobrepasamento da súa cantidade de referencia.= 3.- Cumpri-la normativa sanitaria a partir do 1 de xaneiro.= 4.- Afronta-las melloras das súas explotacións sen axudas, ou contando con elas a destempo.= Proba da gravidade da situación exposta é que Organizacións Profesionais Agrarias xa convocaron unha manifestación en Santiago o día 18 de decembro para esixir unha solución para os problemas dos gandeiros galegos.= Pola situación exposta, o grupo socialista neste concello somete á consideración do pleno da corporación municipal a adopción dos

seguintes acordos:= 1.- Instar ó Goberno da Xunta a:= 1.1.- Adopta-las medidas necesarias para evitar que os gandeiros galegos soporten a aplicación pura e dura da supertaxa, referida á campaña 96/97.= 1.2.- Opoñerse ás retencións obrigatorias e polo tanto á aprobación e publicación das normas para practicalas.= 1.3.- Que de xeito urxente poña en marcha un plan excepcional para o cumprimento das normas sanitarias que entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 1998.= 1.4.- Normaliza-la situación en relación coas axudas ás explotacións agrarias (R.D.204), para o que é preciso:= a) Actualiza-los pagos ós gandeiros de xeito inmediato.= b) Contestar de maneira urxente as solicitudes que aínda están sen resolver.= c) Abrir xa o prazo de solicitudes para afrontar-los plans de melloras que os gandeiros necesitan emprender.= 2.- Apoia-las mobilizacións que os gandeiros deste concello organicen, dentro da legalidade vixente, para a defensa dos seus intereses."-----

O Sr. Mallo González manifesta que esta moción foi debatido na sesión da Comisión de Agricultura e Medio Ambiente, e que trata un tema no que o seu grupo apoia ós gandeiros, pero di que na moción non se aportan datos concretos, senón que soamente se fan críticas ós dirixentes populares; cre que non é un tema de decisión municipal, e pide que o Sr. Parajó amplíe a moción, dando datos concretos e facendo un estudio máis amplo. O Sr. Parajó Liñares respóndelle que cre que pedir agora datos sobre os problemas dos gandeiros é un pouco ilóxico, xa que todo o mundo está enteirado; que lle parece ben que o Sr. Presidente da Xunta diga que non está disposto a que esta pague as multas, pero pregunta por que non o dixo antes das eleccións; que, des- pois de dicir que os gandeiros non reciben as axudas e que teñen que paga-las multas, non sabe que máis datos pode quere-lo Sr. Mallo, e pensa que o que pasa é que o equipo de goberno non quere apoiar ós gandeiros. O Sr. Mallo respóndelle que os datos que lle pide son os que se poidan referir a Teo, xa que o ámbito de actuación desta Corporación é o municipio.-----

O Sr. Tallón Rego manifesta que non coñece moi a fondo este tema, pero cre que o problema parte de que os gandeiros se pasaron na produción de leite, e como en Europa non andan de broma, cando din que hai que pagar non queda máis remedio que pagar, como lle pasou a Italia, pero isto tiñano que saber antes, e descoñece se se obviou ou non, polo que se absterá na votación da moción.-----

O Sr. Otero Cepeda manifesta o seu contento polo feito de que o PSdeG-PSOE presente esta moción, xa que el presentou varias sobre os problemas dos produtores de leite e sempre obtiveron o voto en contra do PP e do PSOE, e alégrase de que alguén máis entre a convencerse dunha idea que o BNG vén defendendo desde hai tempo; manifesta que tiña en carteira unha mo- ción sobre os problemas do leite que non presentou porque estaba desmoralizado ante o que sole ocorrer coas súas mocións, pero que contén datos que vai dar agora: en Galicia hai arredor de 45.000 explotacións leiteiras que empregan arredor de 100.000 persoas, a produción representa o 29% da de España, e Europa impuxo unhas limitacións porque había que darlle prioridade a outros países, beneficiándose en consecuencia outros sectores da economía española; considera que é responsabilidade do Goberno central apoiar ós gandeiros, xa que aceptou as imposicións da C.E.E. neste tema, e pensa tamén que, por esta mesma razón, é o Goberno central quen se ten que facer cargo do pago das multas. O Sr. Alcalde dille ó Sr. Otero que non se vai discuti-la moción do BNG, xa que non figura na orde do día desta sesión, e o Sr. Otero Cepeda respóndelle que non pretende que se trate a súa moción, pero que está dando os datos que complementan á do Sr. Parajó, e que a moción deste pódese aceptar, rexeitar e modificar; solicita que, ademais do soli- citado na moción do PSdeG-PSOE se lle pida á Xunta de Galicia que negocie o aumento da cota láctea galega en un millón de toneladas, a fin de non obrigar ós gandeiros a sacrificar vacas ou a tira-lo leite que lles sobra, que o goberno central se faga cargo das multas, xa que foron impostas por culpa del, e que se promova a creación dun grupo lácteo galego que regule os prezos do leite, a fin de contar cun grupo máis grande e forte con iniciativa pública que sirva de garantía para os gandeiros.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que é certo que quen negociou a cota do leite foi o PSOE, e fíxoo porque había que entrar na CEE, pero culpa tamén ó PP do problema actual dos gandeiros, xa que desde este partido se lles instou a que declarasen menos leite do que producían e debido a isto agora as cotas son curtas.-----

O Sr. Gacio Tarrío móstrase de acordo con todo o que se está a falar sobre a moción do PSdeG-PSOE; di que sabe de certo que os gandeiros declararon menos leite do que producían e pensa que tamén houbo un fallo nas negociacións que se fixeron para entrar na CEE, e opina que o goberno central é o responsable do exceso de cota, polo que é el quen debe paga-las multas, non os gandeiros.-----

O Sr. Alcalde propón que a moción do PSdeG-PSOE quede sobre a mesa ata que o Sr. Parajó presente un estudio máis amplo e con máis datos; o Sr. Otero Cepeda pregunta que máis datos quere o equipo de goberno, ademais dos que deu el, e o Sr. Alcalde respóndelle que eses datos chegaron agora, non no seu momento, e que a quen llos pide é o Sr. Parajó; este manifesta que el, como portavoz do PSdeG-PSOE, asume os datos que subministrou o Sr. Otero Cepeda, e o Sr. Alcalde segue proponendo que a moción quede sobre a mesa para ampliación e novo estudio.-----

O Sr. Tallón Rego maniféstase de acordo en que a moción quede sobre a mesa, sempre e cando o Sr. Alcalde diga que máis datos necesita o equipo de goberno, e o Sr. Alcalde respóndelle que neste momento non o sabe; o Sr. Tallón Rego manifesta que, nese caso, votará a favor da moción.-----

O Sr. Gacio Tarrío manifesta que non lle parece descabellado deixa-la moción sobre a mesa se o Sr. Alcalde se compromete a levala ó primeiro pleno ordinario ou extraordinario que se celebre unha vez o Sr. Parajó aporte datos, e o Sr. Alcalde respóndelle que soamente se compromete a estudialo; o Sr. Gacio Tarrío manifesta que nese caso votará a favor da moción.-----

Os Sres. Parajó Liñares e Otero Cepeda maniféstanse tamén a favor da moción.-----

O pleno do concello, por oito votos a favor e sete en contra, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda deixar sobre a mesa a moción presentada polo PSdeG-PSOE para novo estudio, unha vez o Sr. Parajó Liñares aporte máis datos sobre o tema, ampliando a citada moción.-----

5.- ROGOS E PREGUNTAS .- Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Tallón Rego, e:-

1) Manifesta que, segundo unha nota que leu na prensa, o concello deu máis de 37 millóns de pesetas en subvencións, pero que segundo a relación que figura na acta da Comisión de Goberno deu 22.800.000 pts., e pide que lle expliquen de onde sae esa diferenza; o Sr. Alcalde respóndelle que a diferenza vén das subvencións que están aprobadas en actas anteriores e que as 22.800.000 que figuran na acta corresponden soamente ás subvencións anuais a entidades para actividades e instalacións culturais e deportivas. O Sr. Tallón pregunta se este ano non se lle concedeu a subvención anual á Asociación de Cazadores, e o Sr. Alcalde respóndelle que aínda non, que está esperando a cesar como Presidente desta Asociación para concederlla, a fin de evitar denuncias por parte dalgúns membros da Corporación, que consideran que non pode concederlle subvención a unha Asociación presidida por el. O Sr. Tallón Rego protesta polo feito de que algunhas entidades leven moitos máis cartos que outras, e di que sabe de dúas que non tiveron subvención este ano: a Asociación Xuvenil "Leña Verde" e a Asociación de Veciños "Santa María" de Luou; o Sr. Alcalde respóndelle que "Leña Verde" cobrou o 29-5-97, mediante transferencia bancaria, unha subvención de 50.000 pts., e que se a A.VV. "Santa María" non tivo subvención este ano sería porque non había cartos suficientes ou porque non se considerou oportuno darlla nese momento. O Sr. Tallón Rego pregunta por que, se "Leña Verde" cobrou esa sub- vención, non aparece na relación de subvencións, e o Sr. Alcalde respóndelle que

porque fora aprobada nunha sesión anterior. O Sr. Tallón Rego pide que se lle faga chegar unha relación de tódalas subvencións concedidas durante este ano.-----

2) Manifesta que lle chegou un escrito do Padroado do Cemiterio de Luou, segundo o cal esta entidade, por silencio administrativo, ten concedida a licencia de obras, e pregunta se isto é certo; o Sr. Alcalde respóndelle que o Padroado do Cemiterio de Luou non ten concedida a licencia de obras por silencio administrativo, e que lle deu orde de paralización destas; o Sr.

Tallón pregunta se as obras están paralizadas, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que si.-----

Neste punto, o Sr. Alcalde manifesta que non puido ó comezo da sesión dar conta das paralizaciones de obras debido a que a funcionaria que leva este tema está de vacacións e non deixou datos, pero que se os Sres. concelleiros están de acordo lles mandará a relación á casa, co que tódolos presentes se manifestan conformes.-----

A continuación toma a palabra o Sr. Otero Cepeda, e:-----

1) Pide desculpas se o seu turno de exposición resulta longo, dado a hora que é, pero di que o pleno foi convocado para moi tarde; o Sr. Alcalde respóndelle que pode tomarse o tempo que necesite, pero fai saber que a comida de confraternidade está encargada para as 14,30 horas.-

2) Pregunta sobre o estado actual das obras de abastecemento de augas, e o Sr. Alcalde respóndelle que están facendo as obras, e que teñen varias pistas en moi mal estado, polo que chamou á empresa para que as arranxasen e están facendo; que a Xunta ordeou que os dous pases que hai que facer na estrada C-541 (na zona do Raxó e na de Feros) se fixesen con "toupo", sen corta-la estrada, pero que posteriormente autorizaron o corte; di que a obra está ben, que vai indo, e que o equipo de goberno está facendo xestións para axilizala e poder darlle auga ós veciños antes dun ano a contar das probas de carga, prazo que ten a empresa, unha vez entregada a obra, para garantía definitiva; que Os Verxeles deu como contraprestación, a cambio de recibir xa auga, o face-la obra desde a estrada C-541 ata a urbanización, para o que hai un aval de 6 millóns de pesetas, e que esta obra xa está feita e Aquagest está poñendo os contadores para poder cobrarlles e darlles auga; o Sr. Otero Cepeda pregunta cando pensan darlle auga ós Verxeles, e o Sr. Alcalde respóndelle que moi pronto, porque a rede que vén de Cacheiras para abaixo xa ten feitas as probas de carga, e que para o resto da obra hai que consultar tres empresas e darlle a obra á que faga mellor oferta; que hai que retorna-lo tema para ver cantos veciños queren a auga e poñerlle xa a goma, o contador, a redución e todo o necesario, e que desde Cacheiras para abaixo e para a zona de Luou pénsase poñer unha válvula de redución en Montouto e que a auga baixe pola súa propia presión, xa que desta maneira se aforran cartos en bombea-la auga desde Montouto ata Pedrouso; que tamén se pensa darlle auga a Ames desde Pedrouso, pasando por Vilar de Calo, e intentarásese que a auga vaia pola súa propia presión se fose posible, tamén para aforrar cartos en bombeo, pero cre que non hai presión suficiente para facelo debido ó alto de Vilar de Calo. Segue dicindo que están continuando as obras, pero que non pode dar datos do prazo de execución porque non os ten aquí, pero que se está intentando darlle auga canto antes a tódolos veciños que se poida, polo que trata de que a empresa que faga a obra se faga responsable disto. O Sr. Otero Cepeda pregunta cando se pensa que rematarán as obras desta fase, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos neste momento e que está negociando xa as obras da terceira fase; que o punto máis importante para el, no que se está centrando, é conseguir que os veciños non pasen sen auga un ano desde que se acabe a obra.-----

3) Pregunta pola depuradora desta zona, e o Sr. Alcalde respóndelle que está funcionando a pleno rendemento, e que hai un contencioso interposto por dous señores dos Verxeles contra a continuación da obra da depuradora, pero que, como os informes de tódolos organismos foron favorables ó concello, rematouse a obra e púxose a funciona-la depuradora para poder certificarla antes de fin de ano e non perde-la subvención; que o enxeñeiro certificou a obra e a depuradora xa está funcionando. O Sr. Otero Cepeda pregunta como está o tema da depuradora de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que lle dixeron que está concedida; o Sr. Otero Cepeda pregunta a canto vai o custo desta, e o Sr. Alcalde respóndelle que ten un valor estimado de 106 millóns de

pesetas; o Sr. Otero Cepeda pregunta se hai notificación oficial da concesión, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, que soamente verbal. O Sr. Otero Cepeda pregunta se está funcionando a depuradora que estaba nos prados de Feros, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, que está parada, e que no ano próximo se pensa cambiala para onde sexa necesaria. O Sr. Otero Cepeda manifesta que ten pensado visita-la dos Verxeles, e pregunta se xa se plantou vexetación arredor dela; o Sr. Alcalde respóndelle que non sabe se a plantación está terminada, pero que se está a facer. O Sr. Otero Cepeda manifesta que é importante demostrarlle á xente que a depuradora non molesta alí, e a vexetación suaviza o impacto. O Sr. Alcalde dille que cre que a depuradora non dá olores e que está funcionando moi ben.-----

O Sr. Alcalde manifesta que o alcantarillado de Ribeira-Feros está sendo arranxado polo Sr. Andrade, coa supervisión de Aquagest e do técnico municipal, e que o alcantarillado de Vilar de Calo a Ames está pendente só dunha firma e que o prezo baixa algo máis de 5 millóns, cos cales pretende continua-la obra ata a fábrica, face-los cruces e chegado ata a altura da aldea de Vilar de Calo para poder entroncar alí; di tamén que xa está posta e conectada a depuradora de San Domingo, que fora incluída nun Plano da Deputación, pero que aínda non se puxo a funcionar. O Sr. Otero Cepeda pregunta onde está situada, e o Sr. Alcalde respóndelle que preto de Casaldomiro, moi cerca da autopista; que os veciños cederon voluntariamente alí os terreos coa condición de que despois lle sexan compensados por Concentración Parcelaria.-----

4) Pregunta polo estado do vertedeiro de lixo, e o Sr. Alcalde respóndelle que está mal, e que mantivo conversas cun grupo de Alcaldes a ver se encontraba unha solución, xa que neste momento SOGAMA sae caro, porque aínda non ten planta de residuos na zona de Santiago e hai que levalos a lonxe; que está intentando que algún Alcalde lle deixe trasladar residuos ó vertedeiro do seu concello, como fixo noutra ocasión o dun concello limítrofe, e que están pendentes de que os propietarios dunha finca doutro concello a ceda para levar residuos xa queimados a ela e poder saír do paso momentaneamente; que pensa que ó habe-la nova Consellería se mirará máis este tema, e que tamén hai que mercar máis contedores e mirar, de ser posible, que a Xunta subvencione a compra dun novo camión compactador. Que a nova Consellería mandou cento e pico contedores, pero que hai que mercar máis, e tamén para vidro; que o contratista da recollida do lixo está limpando os contedores. O Sr. Otero Cepeda manifesta que separando o papel e o cartón o volume de lixo diminuiría considerablemente, pero que ve difícil que a xente se acostume a separalos; o Sr. Alcalde respóndelle que cre que a xente está bastante mentalizada, e que hai concedida unha subvención de máis de tres millóns de pesetas da Deputación para comprar contedores de vidro e de papel, pero que así como hai unha empresa que se encarga da recollida de vidro non ten quen faga a de papel e de cartón; que ten un escrito da FEGAMP para poñerse en contacto cunha empresa que os recolle. O Sr. Otero Cepeda pregunta se hai xa algún contedor de papel, e o Sr. Alcalde respóndelle que hai tres grandes que mandaron da Xunta, que aínda non se levaron ós lugares onde se van instalar, e tamén os que se compren coa subvención da Deputación, para o que hai xa catro presupostos pedidos.-----

5) Pregunta pola recepción de "Parque Montouto", e o Sr. Alcalde respóndelle que está practicamente ultimada, que se chegou a un consenso cos veciños, que os técnicos lle propuxeron ós promotores as obras que hai que facer, pedíronse presupostos a empresas e os señores da promotora, que viñeron de Madrid, dixeron que por eses cartos se encargaban eles. O Sr. Otero Cepeda pregunta o prezo das obras complementarias, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que era sobre 3 millóns de pesetas; que non está seguro, pero que en calquera caso eran menos de 6 millóns, e que cre que se van ultimar pronto. O Sr. Otero Cepeda pregunta que pasa co aval dos 25 millóns, e o Sr. Alcalde respóndelle que iso é o que de momento está encima da mesa, porque os promotores non queren facerse cargo do aval.-----

6) Pregunta pola instalación dun mercadiño en Cacheiras, e o Sr. Alcalde respóndelle que conseguiu o teléfono do presidente do gremio de vendedores ambulantes na Coruña e que está pendente de falar con el para manter unha reunión cos do citado gremio; manifesta que está facendo xestións para conseguir un aparcadoiro para o cemiterio de Cacheiras, negociando para cambiar por unha masa común unha leira que está na pista que vai da Igrexa ó cemiterio e mercar ou cambiar tamén outra limítrofe a esta, co que espera conseguir sobre 4.000 m² que valerían para aparcadoiro e para recinto do mercadiño; que está en contacto tamén coa A.VV. de Cacheiras polo tema do mercadiño, e que haberá que facer unha ordenanza que o regule, que terá que ser aprobada polo pleno, e poñerse de acordo no día da semana en que se instalará o mercadiño, que intentará que non sexa no medio da semana.-----

7) Manifesta que oíu queixas sobre o estado da estrada de Pontevea a Milladoiro, e que en Vilar de Calo hai un tramo que ten un bache terrible, onde o firme sempre está destrozado; o Sr. Alcalde respóndelle que estivo alí cos técnicos e con Enrique Martínez, e que o problema xorde das augas que baixan da zona do Bar Novo e da autopista; que o dono do Bariloche ten unha finca enfrente do seu negocio, parte da cal cede para amplía-la estrada ata 14 metros (o que aínda non se fixo porque hai dous veciños que non firmaron, cos cales ten que ir falar) e ó pasar esa finca hai un desaugadoiro, polo que a solución sería canalizar desde o Bariloche ata o Bar Novo e cruza-la estrada ata ese desaugadoiro, aproveitando xa para meter un pozo de alcantarillado onda o Bar Novo, que drenaría cara a Ames; manifesta tamén que lle mandou á empresa "Martínez Montes e Hijos, S.L." que bachease esa zona mentres non se leva a cabo a obra que se necesita para solucionar definitivamente o problema.-----

8) Manifesta que o centro médico de Ameneiro ten instalada a calefacción, pero que non funcionaba porque lle faltaban uns manguitos ou algo así; pregunta se se solucionou este problema. O Sr. Alcalde respóndelle que chamou á Xunta e estaba toda a documentación en Industria, pero que a empresa non mandara os boletíns de enganche; entón, o Sr. Beiras puxo uns radiadores para saír do paso. Dille tamén que no consultorio de Pontevea houbo problemas coa chave, que non abría, un lavabo estaba caendo e a calefacción non funcionaba, e que todo isto é cousa do SERGAS, polo que chamou para que o arranxasen, e están para facelo un día destes.-----

9) En canto ó monumento á batalla de Cacheiras, manifesta que hai un acordo do pleno para facelo, pero que saíu na prensa que o ía facer a fundación O Grelo, polo que sacou unha nota na prensa; que ó principio se entendeu que o Alcalde estaba tamén metido niso, pero que despois resultou non ser así; pregunta como foi este asunto. O Sr. Alcalde respóndelle que foi unha iniciativa da Fundación O Grelo e da Federación Española de Restauración e que Luciano Blanco, seu irmá, cedeu os terreos onda o Hotel Congreso; que lle mandaron unha invitación, pero que non asistiu porque non era algo oficial, pero que agora si parece ser que é apoiado pola Xunta, e que van vi-lo Presidente desta e do da Federación Española de Restauración, que se cursará unha invitación oficial e que si asistirá, e que pedirá que tamén se invite a toda a Corporación; que de momento só ten noticias verbais, pero que lle pediron que faga xestións para que vaia a banda de Teo ou a de Calo. O Sr. Otero Cepeda pregunta se o monumento que se vai facer é o bastante representativo, tanto como o que quería face-lo concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que non sabe nada disto, só que non lle pediron ningún carto ó concello; o Sr. Otero Cepeda pregunta onde está o terreo cedido por D. Luciano Blanco, e o Sr. Alcalde respóndelle que onda o hotel Congreso, pola estrada vella, na esquina, que é a zona máis bonita de por alí; o Sr. Otero Cepeda pregunta se é ó lado da estrada nova, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, que eses terreos son doutro particular que quizais pediría unha contraprestación, mentres que D. Luciano Blanco dá gratis os terreos. O Sr. Otero Cepeda pensa que é unha pena que ese monumento non fose feito polo concello.-----

10) Pregunta onde está situada a biblioteca municipal, e o Sr. Alcalde respóndelle que no edificio do Xulgado, onda o roupeiro municipal, que conta xa cuns 2.500 volumes e están chegando máis; que aínda está sen inaugurar. O Sr. Otero Cepeda pregunta se se fixo algo pola biblioteca do Instituto, e o Sr. Alcalde respóndelle que lle mandou bastantes caixas de libros que

conseguiu na Xunta. O Sr. Cajaraville Campos opina que a biblioteca é algo moi importante e que canto antes se saque adiante, mellor, e o Sr. Alcalde manifesta que, aínda que está sen inaugurar, xa está dando lectura.-----

11) Manifesta que ten unha lista das subvencións culturais e deportivas solicitadas á Deputación polos concellos e das concedidas, e observa que este concello pide moito e por iso recibe unha porcentaxe menor (arredor un 16 ou 17% para cada cousa) en relación cos outros concellos (que reciben, nalgúns casos, ata o 50% dos importes solicitados); ve que para a festa do cabalo pediu 3 millóns e concedéronlle 500.000 pts., para o trofeo de fútbol 1.000.000 pts. e lle deron 300.000 pts., para a promoción do deporte escolar e extraescolar pediu 3.000.000 e dánlle 525.000 pts., para a radio lle deron 1.000.000 pts. (o 26% do solicitado, a maior porcentaxe) e para a festa da carne ó caldeiro e a da cacheira pediu 4.000.000 de pesetas, o que lle parece excesivo; o Sr. Alcalde dille que a cantidade que concederon para estas dúas festas é para dárllas ás Asociacións que fixeron as festas. O Sr. Otero Cepeda manifesta que ós concellos de Tordoia e de Santa Comba a Deputación lles dá do 50 ó 80% das cantidades que solicitaron, e parécelle que Teo rompe as barreiras e pide demasiado, polo que quizais fose ben axusta-las peticións doutra maneira.-----

12) Protesta pola utilización que fai o Sr. Alcalde dos medios municipais para causas propias do seu partido; por exemplo, segundo unha queixa do Sr. Parajó, durante a campaña das últimas eleccións os Alcaldes de Barrio estiveron recadando xente para ir a un mítin do PP na Coruña, e deuse o teléfono do concello para que se apuntasen os que quixesen ir; pensa que se están usando ilegalmente os medios do concello. Manifesta tamén que o Sr. Alcalde acaba de mandarlle ós veciños unha felicitación de nadal; pensa se este non será un acto de autopropaganda, xa que levan a sinatura do Alcalde, e tamén lles mandou outra do partido asinada igualmente por el, co que está facendo un uso partidario das dotacións municipais. O Sr. Alcalde respóndelle que é totalmente falso que se dese o número de teléfono do concello, e que el, como Alcalde por unha parte e como presidente do comité do PP de Teo pola outra, ten perfecto dereito a felicitar a tódolos veciños do concello e a asina-las felicitacións; que se o Sr. Otero Cepeda cre que iso é un uso partidario dos medios municipais é o seu criterio, pero el non o ve así, xa que as felicitacións non foron repartidas por persoal municipal, senón que se mandaron por correo e o franqueo das do PP non o pagou o concello.-----

Toma a palabra seguidamente o Sr. Parajó Liñares, e:-----

1) En canto ás axudas para libros e transporte escolar, manifesta que este ano, ademais de concederse tarde e mal, tamén se repartiron mal os cartos, xa que a algunha familia que ten dous ou tres nenos na casa se lle deu beca para todos eles, mentres que outras familias que teñen practicamente os mesmos ingresos non se lle deu para ningún; manifesta que outros anos se chegaba a un consenso, pero que este ano el estivo na Comisión, díxoo e o Sr. Neira Picallo non lle fixo ningún caso (este señor pensa que sempre ten a razón, e lamenta moito que non estea hoxe no pleno para dicirullo). O Sr. Alcalde respóndelle que hai un baremo para a concesión das axudas e que tódolos expedientes pasan a informe do departamento social antes de ir á Comisión, e que o Sr. Parajó asistiu á sesión desta, polo que ten que saber como se concederon, cal era o baremo e que as becas se conceden segundo o informe da asistente social. O Sr. Parajó Liñares reitera que outros anos se chegaba a un consenso, pero que este ano o Sr. Neira non atendeu a razóns.-----

2) Manifesta que é inconcebible que asociacións deportivas que teñen catro ou cinco equipos de fútbol reciban a mesma subvención que outros que teñen un só equipo e con xogadores de fóra; o Sr. Alcalde respóndelle que se mirará e se retomarará este tema o ano próximo. O Sr. Parajó manifesta que as bandas son todas máis ou menos iguais, polo que non é xusto que a

unha se lle dea unha subvención de millón e medio, desprazamentos e arranxo de local aparte, e a outra non se lle dea nada; o Sr. Alcalde respóndelle que non cre que a outra banda non recibise subvención, se fala da da S.R. de Calo, e o Sr. Parajó respóndelle que esta Sociedade levou outro millón e medio, pero foi para cultura, banda, bailes e todo. O Sr. Alcalde repítelle que se volverá a estudia-lo tema no momento da concesión das subvencións de 1998, e o Sr. Parajó manifesta que tódalas asociacións necesitan cartos, pero que hai que repartilos mellor.-----

3) Manifesta que ten escritos presentados que non se lle contestaron, como por exemplo un no que expón que durante a campaña das últimas eleccións había dúas persoas do departamento de cultura anotando ós que querían ir á Coruña ó mítin; o Sr. Alcalde respóndelle que non se contestaron os escritos por falta de tempo, e o Sr. Parajó manifesta que quere que se lle contesten.-----

4) Pregunta polos intercambios culturais con outros concellos, e o Sr. Alcalde respóndelle que houbo un intercambio xuvenil con Portugal financiado pola CEE, a raíz do cal se puxo en contacto co concello portugués de Gondomar e mandaron de alí cen persoas, ás que invitou el a comer na súa casa, e despois foron cen persoas de Teo a Gondomar onde ese concello os invitou a xantar (desta viaxe, Teo só pagou os autobuses); despois invitouse a 300 xoves de Gondomar a vir aquí e volveu a facerlle-lo xantar na súa casa, e agora irán alá 300 veciños de Teo, pero a partir de primeiros de ano vai se-lo concello quen pague as comidas dos intercambios. O Sr. Parajó Liñares dille ó Sr. Alcalde que non está facendo unha crítica disto, senón que soamente fixo unha pregunta; que só critica que non lle contesten.-----

5) Pregunta polo muro do Sr. Castiñeiras, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos, pero que cre que se deu orde de paralización; o Sr. Parajó dille que a orde que se quedou de dar era a de derruba, e o Sr. Alcalde repítelle que non ten datos aquí, pero que toma nota para que lle responda o aparelador municipal.-----

6) Manifesta que o contrato de Aquagest para o subministro de auga remata a fin de ano, e pregunta se se vai rescindir ou non; o Sr. Alcalde respóndelle que a empresa se está portando ben, polo que é partidario de non rescindirlo; que lle preguntou se teñen algunha oferta de melloras para facer, e ofertaron facer obras por valor de 25 millóns de pesetas nos vindeiros cinco anos. O Sr. Parajó Liñares pregunta se o contrato contempla soamente o subministro de auga ós Tilos, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe neste momento. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o seu grupo consultou este tema e interpoñerá un contencioso se non se denuncia o contrato antes do 31 de decembro deste ano, e o Sr. Alcalde respóndelle que toma nota, pero que non se vai rescindir ese contrato, e que de todos modos o Sr. Parajó xa ten interpostos nove recursos, así que un máis non importa. O Sr. Parajó dille que ten interposto un só recurso, sobre a concesión de nove licencias de construción a un mesmo propietario.-----

7) Pregunta cando remata o contrato do mantemento do alumado, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos neste momento. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o outro día pediu copia do contrato de aforro enerxético e que non sabe se lla darán, e o Sr. Alcalde respóndelle que toma nota disto.-----

8) Pregunta polas axudas para infravivenda, e o Sr. Alcalde respóndelle que aínda non viñeron. O Sr. Parajó pregunta se están solicitadas, e o Sr. Alcalde respóndelle que si.-----

9) Pregunta pola escola-taller, e o Sr. Alcalde respóndelle que de momento tampouco se sabe nada.-----

10) Pregunta se se asinou algún convenio con Ames para o alcantarillado de Milladoiro a Balcaide, e o Sr. Alcalde respóndelle que está en tratos, e que pretende que a depuradora se dimensione para o futuro.-----

11) Pregunta se se van acaba-las obras do polideportivo de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que se fixeron xa algunhas obras, como a instalación das gradas, e que para a obra de fóra está o aparelador municipal facendo unha avaliación do custo do acondicionamento e asfaltado da pista, paso elevado e arranxo de deficiencias. O Sr. Parajó Liñares manifesta que neste momento hai un problema de limpeza no polideportivo, que xa se lle comentou ó Sr. Cea; o Sr. Alcalde respóndelle que as noticias que ten son que o conserxe non pode facelo, que non ten

tempo xa que ten que limpa-lo colexio e o polideportivo hai que varrelo continuamente por mor das obras; entón preguntou se se remataron estas, para poder pasarlle a máquina e díxoselle que de momento non se van seguir facendo obras dentro, polo que pode limpar. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o polideportivo está cheo de papeis, que falta un marcador e que un día que se ía usa-lo pavillón non había chave, porque o obxector que a ten ía nun cursiño; que o partido estaba programado para as 6 da tarde e ás 6,20 aínda non o abriran, e que ó final veu trae-la chave o pai do obxector; manifesta que habería que deixar unha chave para casos de emerxencia. O Sr. Alcalde respóndelle que non se pode deixar ningunha chave, porque xa se deixou nunha ocasión e foi unha desfeita, pero que o conserxe do colexio ten unha; o Sr. Parajó respóndelle que ese día non estaba o conserxe.-----

12) Pregunta se se vai executa-lo aval de "Parque Montouto", e o Sr. Alcalde respóndelle que se executará no seu momento.-----

13) Pregunta se xa funciona a televisión de Teo, e o Sr. Alcalde respóndelle que si, pero que aínda está en probas; o Sr. Parajó Liñares manifesta que, ó emitir pola canle de "Eurosport", impídelle ver esta cadea ós veciños que a teñen e que queiran vela ás horas ás que emita a televisión de Teo, e pregunta se non se podería emitir por outra canle, como por exemplo por Galavisión, como a ten Ames; o Sr. Alcalde respóndelle que ten entendido que non pode emitir por outra canle distinta da de "Eurosport".-----

14) Manifesta que hai problemas á hora de abri-lo centro médico de Pontevea, e o Sr. Alcalde respóndelle que o que pasou foi que só había a chave que tiña o médico, quen empeza a consultar ás 10, pero que a xente empezaba a chegar xa sobre as 7, polo que se creu conveniente abri-lo centro ás 8, para o cal se fixo un duplicado da chave e se lle deu ó obxector que o vai abrir, e que neste momento xa se está abrindo normalmente ás 8 da mañá.-----

15) Manifesta que, á morte do Sr. Dubra, o Sr. Alcalde nomeou Alcalde de Barrio ó xenro, quen parece ser unha persoa moi autoritaria, xa que, segundo lle dixeron persoas interesadas, foi a Penelas, onde hai un pozo de rego na finca da familia de Cortizo e lles dixo que a Xunta lles ía expropiar este depósito para utilizalo para carga-los vehículos contra incendios; pregunta se o Sr. Alcalde sabe algo disto. O Sr. Alcalde respóndelle que é a primeira noticia que ten, e que ese señor é representante do Alcalde para repartir bandos e cousas polo estilo, pero de ningunha maneira se lle pode facer responsable a el do que diga ninguén, xa que cada un pode dici-lo que queira.-----

Por último, toma a palabra o Sr. Gacio Tarrío, e:-----

1) Pregunta como está o tema do deslinde entre Teo e Padrón, xa que hai inquietude entre a xente, e o Sr. Alcalde respóndelle que tratou este tema co Sr. Alcalde de Padrón, e que facer un deslinde oficial leva moito tempo; que o topógrafo Sr. Naveira estudiou este tema e lle dixo que cre que os lindes están ben, polo que parece que quen teñen a razón son os de Padrón. O Sr. Gacio pregunta se os lindes están ben pola parte de abaixo ou pola de arriba, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos neste momento para poder responderlle. O Sr. Gacio Tarrío pide que se retome este tema e se definan os lindes, e que o Sr. Naveira emita un informe; o Sr. Alcalde respóndelle que non o ten dado xa porque andaba buscando datos no catastro vello, e que lle dirá que retome este tema.-----

2) Pregunta se se fixo algunha xestión máis sobre a colocación de bandas rugosas en Luou e Casalonga, e o Sr. Alcalde respóndelle que a Deputación non colocará bandas, polo que se solicitaron destellantes, e que cre que se reiterou o escrito de petición, pero que se volverá a solicitar que os coloquen.-----

3) Pregunta se se teñen noticias sobre a concesión dunha ambulancia que lle prometeran ó Sr. Alcalde, e este respóndelle que non lle prometeran nada, que el estaba facendo xestións

para conseguila, e que é posible que lla dean, pero que de momento non o fixeron nin sabe se o farán.-

4) Pregunta se van dar un novo camión para recollida de lixo, e o Sr. Alcalde respóndelle que ten entendido que a Consellería non lle deu nada a ningún concello este ano para comprar camiós, e que o Delegado Provincial sabe que este concello ten necesidade dun vehículo para a recollida de lixo, polo que pode ser que o ano que vén dean un, ou quizais unha parte do seu custo e o concello teña que poñe-lo resto para mercalo.-----

5) Pregunta como está o tema do contencioso do monte de Coira, e o Sr. Alcalde respóndelle que o contencioso está resolto, pero que o concello interpuxo outro contra a resolución de Estructuras Agrarias (que lle adxudicaba a propiedade ó concello e o disfrute ós veciños) porque non lla comunicaran ó concello, e este está sen resolver. O Sr. Gacio Tarrío pregunta se os títulos da concentración parcelaria de Reis xa foron dados definitivamente, e o Sr. Cajaraville respóndelle que non, e que pensa que a primeiros de ano darán as certificacións. O Sr. Alcalde opina que ó haber un recurso presentado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non poden da-los títulos mentres non se resolva este.-----

6) Pregunta se se lle deu orde de paralización da obra ó Padroado do Cemiterio de Luou, e o Sr. Alcalde respóndelle que se lle mandou unha orde de paralización que se reiterou máis tarde porque non estaba o Sr. Presidente do Padroado. O Sr. Gacio Tarrío pregunta por que se paralizou a obra, e o Sr. Alcalde respóndelle que se lle pediu ó Sr. Piedra que se ratificase na petición da finca para face-lo cemiterio e non se ratificou; o Sr. Gacio di que só quere saber por que se deu orde de paralización, e o Sr. Alcalde respóndelle que porque non ten licencia municipal para a obra; o Sr. Gacio Tarrío pregunta se o Padroado non solicitou a licencia, e o Sr. Secretario respóndelle que a licencia se tramita conxuntamente coas autorizacións pertinentes e que mentres non teña estas non se pode concede-la licencia. O Sr. Tallón Rego opina que non é legal que se obre na finca sen ter formalizada a cesión.-----

7) Pregunta se se pagaron as axudas para libros de texto, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, e que o Sr. Secretario acctal. vai retoma-lo tema; que xa están para notificar. O Sr. Gacio Tarrío pide que se faga canto antes, xa que este tema vai moi retrasado este ano.-----

8) Manifesta que no concello de Ames fixeron o proxecto de alcantarillado de Milladoiro sen contar con Teo, e que se lles dixo que falaran co Alcalde de aquí; este respóndelle que viñeron falar fai algún tempo (máis de quince días) co técnico municipal, e que ó mellor xa o fixeron contando coas directrices que lles dese este. O Sr. Gacio Tarrío opina que é mellor falar antes que ter que tragar despois, e que cómpre que Teo traballe tamén no tema. Pídelle tamén ó Sr. Alcalde que lle pida ó Conselleiro Sr. Cuiña que lle confirme que a Consellería fará a depuradora.-----

9) En canto ás vivendas de protección oficial, para as que se comprou unha finca, pregunta se se solicitaron do Instituto Galego da Vivenda e Solo as vivendas que se necesitan, e o Sr. Alcalde respóndelle que foi ver ó Director Xeral de Vivenda e non estaba, polo que deixou recado de que o chamara cando tivese algún oco na súa axenda, pero que aínda non conseguíu contactar con el; que cre que Teo ten preferencia sobre a maioría dos concellos para a concesión de VPO, polo baremo, xa que é limítrofe con Santiago, e que cando se entrevistou co Director Xeral de Vivenda levará ó Sr. Secretario acctal. e ó Sr. Bascoy con el para saber ben como ten que levarse o tema. O Sr. Gacio Tarrío pregunta se de momento non hai feita ningunha solicitude para VPO, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que se fixera unha, pero que non contestaran; o Sr. Gacio pregunta se non se reiterou esa petición, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, porque non había terreos; o Sr. Gacio Tarrío manifesta que os terreos non son imprescindibles para solicitarlas, que se podía facer incluso con terreos privados; que mesmo se podían conseguir VPO de promoción pública, e que sabe de dez familias que marcharon de Teo para conseguir vivendas noutros concellos. O Sr. Parajó Liñares manifesta que cómpre axilizar este tema, xa que coa baixa dos intereses bancarios vai desaparece-lo tema das vivendas de protección oficial.-----

10) Manifesta que o prazo de execución da obra de abastecemento de augas remata o 31-12-97, e o Sr. Secretario respóndelle que hai unha prórroga concedida pola Xunta, que foi asinada hai sobre quince días, pero que non sabe ata que data.-----

11) Pregunta polos presupostos de 1998, e o Sr. Mallo González respóndelle que se está coa elaboración, recopilando datos, e que se non se fai isto non se pode planificar.-----

12) En canto ás subvencións, manifesta que este tema sería para entrar nun debate longo, pero que o deixa para outra ocasión; que agora só pide que se lle faciliten datos sobre o número de asociacións que hai no concello, actividades ás que se dedican, en que zona do concello están e, de ser posible, número de socios de cada unha; o Sr. Alcalde respóndelle que dará orde de que se lle dean os datos que haxa no concello. O Sr. Gacio Tarrío maniféstase de acordo en que se lle dean subvencións ás asociacións, pero cre que se lle deben dar a todas elas, e tamén que se lle está dando moito a unhas e moi pouco a outras.-----

13) En canto ó contrato de "Aquagest", manifesta que non está descontento do labor desta empresa, pero que quizais sería necesario renegocialo, ou mesmo rescindilo, dado que a situación actual non é a mesma que había cando se asinou o contrato, aínda que se lle volva a contratar á mesma empresa o subministro da auga. Manifesta tamén que se reserva as accións legais que poida exercer no que a este tema se refire.-----

14) Reitéralle ó Sr. Secretario acctal. que os documentos deste concello deben ser escritos en galego; di que isto non é un reproche, senón que hai unha normativa aprobada sobre normalización lingüística que hai que cumprir.-----

15) Pide que se use a televisión de Teo para concienciar á xente en cousas como a recollida selectiva de lixo; o Sr. Alcalde respóndelle que de momento está sen face-la programación, pero que se estudiará a idea do Sr. Gacio.-----

16) Manifesta que se están desfacendo moitas pistas, que antes se bacheaban, pero que agora están peor que nunca; o Sr. Alcalde respóndelle que non están tan mal, e que xa ten presupostos para arranxar moitas delas a partir de primeiros de ano. O Sr. Gacio Tarrío manifesta que a pista da ferretería ó Casal, que se fixo hai tres meses, xa ten baches, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o sabía, pero que lle agradece moito a información ó Sr. Gacio, tanto máis canto que esa obra está aínda en garantía e a empresa que a fixo terá que arranxala.-----

17) Manifesta que desde a constitución da nova Corporación cambiaron dous concelleiros (saíron os Sres. Seoane Cao e Rama Lesta e entraron no sitio os Sres. Noriega e Seoane Blanco), e pregunta se se notificaron estes cambios para efectos da póliza de seguros dos concelleiros; o Sr. Secretario acctal. respóndelle que si.-----

18) O Sr. Gacio Tarrío manifesta que presentou hoxe un escrito nas oficinas municipais sobre datos estadísticos dos concellos de Galicia, que está baseado nun artigo inserto en "El Correo Gallego", e le os datos que contén o citado escrito. O Sr. Alcalde dille que xa vira o artigo do periódico, e o Sr. Gacio pídelo que reflexione sobre eses datos, xa que deles se desprende que Teo vai moi por debaixo da media en canto a investimentos, servicios, persoal e outros temas, pero non tan baixo en canto a impostos, polo que ós veciños lles sae caro vivir en Teo en comparación ós servicios que reciben. O Sr. Alcalde respóndelle ó Sr. Gacio que ten que ter en conta que hai moitos concellos que teñen máis servicios porque están máis endebedados, o Sr. Gacio opina que ás veces é conveniente endebedarse para según que cousas e o Sr. Alcalde respóndelle que para cousas verdadeiramente importantes hai que endebedarse se non queda máis remedio, pero que a política do grupo de goberno é non contraer débedas salvo en obras ou cousas necesarias para mellora-la calidade de vida dos veciños de Teo.-----

19) O Sr. Gacio Tarrío dá lectura a outro escrito que presentou solicitando información das obras realizadas en tódalas parroquias, manifestando que hai moita desigualdade en canto ós

investimentos realizados nunhas (Cacheiras, Bamonde...) e noutras (Luou, Oza...). O Sr. Alcalde respóndelle que había obras importantes comezadas en determinadas parroquias que se creu necesario ou conveniente terminar canto antes, aínda a custo de que outras parroquias quedaran con menos investimentos, pero que ten feita a planificación para compensar a esas outras parroquias no ano próximo ou nos futuros, tan pronto se acaben esas obras; e en canto ós investimentos por parroquias, maniféstalle ó Sr. Gacio que non ten datos agora mesmo, pero que llos dará cando dispoña deles.-----

20) Pregunta se se fixo algunha xestión no referente ás concentracións parcelarias das parroquias do concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que vai ir falar co Sr. Presidente da Xunta de Galicia sobre ese tema e sobre algúns máis (VPO, depuradoras...), e que non foi aínda porque quere levar, cando vaia, un dossier ben preparado sobre os temas que tratarán.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as quince horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.